





*Memoria de
responsabilidade social
universitaria
2020*



Obxectivos de desenvolvemento sostible		Epígrafe da memoria RSU
	Fin da pobreza	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.1.2, 7.3, 7.7
	Fame cero	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.1.2, 7.3, 7.7
	Saúde e benestar	2.5, 2.6, 2.8, 3.3, 3.5, 3.6.2, 3.6.3, 3.7, 4.2.6, 7.4, 7.7
	Educación de calidade	2.2, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 3.7, 4.1.2, 4.1.3, 4.2.5, 4.4, 7.5, 7.6, 7.7
	Igualdade de xénero	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.3, 7.7
	Auga limpa e saneamento	2.5, 2.6, 2.7, 3.3, 3.5, 3.6.2, 3.7, capítulo 6, 7.7
	Enerxía accesible e non contaminante	2.5, 2.6, 3.5, 3.7
	Traballo digno e crecemento económico	2.2, 2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.7, 4.1.3, 4.2, 4.2.6, capítulo 5, 7.7
	Industria, innovación e infraestrutura	2.2, 2.5, 2.6, 3.3, 3.4, 3.5, 3.6.1, 3.6.2, 3.6.3, 3.6.4, 3.7, 4.1.2, capítulo 5, 7.7
	Reducindo desigualdades	2.5, 2.6, 3.5, 3.7, 4.1.2, 4.2.4, 7.3, 3.3, 7.7
	Cidades e comunidades sostibles	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.6.4, 3.7, capítulo 5, capítulo 6, 7.7
	Produción e consumo responsable	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.6.2, 3.7, capítulo 5, capítulo 6, 7.7
	Acción polo clima	2.5, 2.6, 3.5, 3.7, capítulo 6
	Vida submarina	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.6.1, 3.7, 7.7
	Vida de ecosistemas terrestres	2.5, 2.6, 3.3, 3.5, 3.6.1, 3.7, capítulo 6, 7.7

Obxectivos de desenvolvemento sostible	Epígrafe da memoria RSU
 <p>Paz, xustiza e institucións</p>	<p>2.1, 2.3, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 3.3, 3.5, 3.6.1, 3.6.2, 3.6.3, 3.6.4, 3.7, 3.8, 4.1.1, 4.2.4, 4.5 capítulo 5, 7.1, 7.2, 7.3, 7.5, 7.6, 7.7</p>
 <p>Alianzas para lograr os obxectivos</p>	<p>2.1, 2.3, 2.5, 2.6, 2.7, 3.1, 3.2, 3.3, 3.3.4, 3.5, 3.6.1, 3.6.2, 3.6.3, 3.6.4, 3.7, 4.1.1, 4.1.2, 4.3, 4.4, 4.5, 7.1, 7.2, 7.3, 7.6, 7.7</p>

Entidade: Universidade de Vigo

Responsable da RSU: Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Equipo redactor: Unidade de Análises e Programas e dirección da Área de Responsabilidade Social e Cooperación

Índice

Capítulo 1. Cartas do presidente do Consello Social e do reitor

Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

- 2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo
- 2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo
- 2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo
- 2.4 Oferta académica. Curso 2019/2020
- 2.5 Principais indicadores en materia de investigación e de transferencia
- 2.6 Centros de apoio á investigación
- 2.7 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo. Curso 2019/20120
- 2.8 Actuacións da covid-19

Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Creación de valor para a sociedade

- 3.1 Alcance e cobertura da memoria de responsabilidade social
- 3.2 Obxectivos e principios da memoria
- 3.3 Axenda 2030 e ODS
- 3.4 A responsabilidade social nos procesos de ensinanza - aprendizaxe
- 3.5 A responsabilidade social na investigación, na divulgación e na transferencia do coñecemento
- 3.6 Especialización dos campus
- 3.7 THE Impact
- 3.8 Transparencia

Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

- 4.1 Estudantado
- 4.2 Persoal da Universidade de Vigo
- 4.3 Promovendo a igualdade de xénero e a integración
- 4.4 Alumni
- 4.5 Internacionalización e mobilidade
- 4.6 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria

Capítulo 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

- 5.1. Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo
- 5.2 Relación económica coas partes interesadas

5.3 A contratación administrativa

5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos

5.5 Indicadores económico-financeiros e entidades participadas

Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente

6.1 Obxectivos e balance de actuación

6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

6.3 Accións en favor da sensibilización e da formación medioambiental

6.4 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

6.5 Boas prácticas cara á redución

Capítulo 7. Compromiso coa sociedade

7.1 Transferencia social e cultural

7.2 Promovendo a colaboración cos axentes sociais

7.3 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado e a cooperación

7.4 A universidade saudable

7.5 Servizos de biblioteca

7.6 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e coa cultura galega

7.7 Responsabilidade social e cooperación

Anexo I. Indicadores GRI Guía G4. Contidos xerais

Anexo II. Indicadores GRI Guía G4. Contidos específicos



Capítulo 1. Cartas do presidente do Consello Social e do reitor

Carta do presidente do Consello Social

Dende sempre a solidariedade e a cooperación son comportamentos clave nas organizacións, porque o seu exercicio no tempo propicia o cambio positivo de mentalidades, de actitudes e de comportamentos na forma de convivir. E esa atmosfera fainos mellores a todos e todas e axúdanos a ampliar, a educar e a elevar os nosos universos persoais e mentais cara á xenerosidade e á comprensión.

Dende o Consello Social, e dende a vocación de ser útiles e de servir, pomos o maior empeño en axudar e en difundir o que se está a facer dende a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e dende a Unidade de Análises e Programas que coordina David Basalo, que foi quen de situar esta universidade na maior altura de transparencia que se pode acadar no sistema universitario español. Por iso non só pensamos xuntos, tamén empuxamos xuntos para que a universidade se poña á fronte das nosas incertezas e das nosas esperanzas.

Porque a educación superior nos incumbe, nos esixe e nos implica máis que nunca. As universidades, tal e como as coñecemos hoxe, están en risco necesario. E debemos estar atentos para coidar a súa esencia. A velocidade dos cambios esixe velar porque non sufran danos irreversibles, porque temos claro que ningunha outra institución nos pode proporcionar o que non sabemos e darnos certezas para xestionar o futuro, comprender un mundo tan complexo e confuso e guiarnos polo camiño do crecemento, a investigación, a igualdade, os valores, o progreso e a xustiza. Porque a calquera lugar ao que miremos buscando respostas ou posibles solucións, encontraremos a universidade. E, probablemente, se a protexemos, a abrimos e lle esiximos, o futuro estará menos deteriorado cando a pandemia pase.

Aí ten a súa misión a universidade humanista, audaz e aberta, que se esforza por ser accesible, socialmente comprometida e cos reflexos intactos para alimentar a comunidade de certezas novas, que abra itinerarios inexplorados para garantir a igualdade de oportunidades para todos e todas, e que mire de fronte e en primeira liña as necesidades e as esixencias que se presentan de repente, sen apenas tempo para asimilalas. Unha boa maneira de comprendelo está nas páxinas desta memoria.

Entre os maiores obxectivos aos que debe aspirar unha universidade están o aprecio e a confianza da sociedade que a sostén. Porque é aí onde se xoga os seus recursos e os seus resultados. E a militancia no desenvolvemento humano son as fiestras abertas polas que entrará o aire novo. O sistema universitario público foi clave en momentos críticos e nos cambios de época, e volverá selo. Non é só polo emprego ou pola economía, é tamén –e sobre todo– polo valor social do coñecemento onde as universidades teñen agora o maior reto para influír no modelo de mundo que está a chegar, porque en toda evolución fragua o coñecemento, xustamente o que as universidades forxan sen distinción como unha gran factoría de posibles.

Por iso dígolles sempre aos novos membros que se incorporan ao Consello Social que a achega de cada un deles é fundamental, porque cando transmitan, difundan e proclamen a súa confianza na universidade, estarán a forxala co material de máis alta resistencia: o afecto. Quizais o que máis precisan hoxe as universidades sexa afecto e recoñecemento. E este achegamento da cidadanía será tamén máis doado polos efectos saudables que ten para as universidades elevarse como modelo de conduta, porque, adaptando un pensamento de Bernard Shaw, nos axuda a ter o sosego de crer que estamos sendo ben gobernados, incluso nalgúns casos mellor do que merecemos.

Ernesto Pedrosa Silva
Presidente do Consello Social

Carta do reitor

Esta décimo primeira memoria de responsabilidade social universitaria (RSU) recolle de forma sintética datos de interese sobre políticas sociais, de igualdade, ética e solidarias, levadas a cabo pola nosa institución no ano 2020. A memoria conéctase tamén con outros programas e informes desenvolto no marco dunha política universitaria en continuo compromiso coa contorna social e ambiental, e coa participación de todas as voces da nosa comunidade.

Aínda que relativamente nova, na Universidade de Vigo contamos cunha gran solvencia e acreditación científica e académica. Esta permitiunos adaptar aos cambios sociais e ás necesidades da nosa contorna, ademais de liderar un cambio de modelo de gobernanza baseado na transparencia de todo o que facemos. A Universidade de Vigo conta cunha importante traxectoria de compromiso coa RSU e acadou fitos importantes en materia de transparencia, inclusión e igualdade. No marco do actual equipo de goberno, que comezou a súa andadura en 2018, a responsabilidade social adquire unha maior visibilidade a través da creación da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, e a súa correspondente dirección da Área de Responsabilidade Social e Cooperación. Esta unidade lidera a estratexia de RSU ou folla de ruta que orienta as nosas accións para avanzar cara ao cumprimento da Axenda 2030 e cara a unha universidade socialmente máis responsable en cada un dos seus eixes: gobernanza, investigación e transferencia, formación, contribución económica e apoio á contorna, xestión ambiental, cooperación ao desenvolvemento e visibilización, sensibilización e transparencia. Ademais, somos unha universidade galega e europeísta, aberta ao Atlántico e a todas as culturas do mundo: unha universidade habitable e interxeracional cunha vocación clara de servizo e de transferencia do coñecemento xerado.

O ano 2020 estivo marcado polo empeño da institución na defensa dos intereses dos colectivos ante a pandemia causada pola covid-19. Toda a ilusión posta, todos os esforzos realizados polo persoal traballador da Universidade de Vigo e polo noso estudantado para levar adiante un novo curso con máis e mellores resultados en estudos, investigación, transferencia, difusión da cultura e responsabilidade social víronse comprometidos cando a declaración do estado de alarma nos fixo ver a gravidade sen precedente da situación. A mellor defensa da Universidade de Vigo ante a pandemia dende a perspectiva dos impactos ante os grupos de interese foi sempre tratar de manter a nosa actividade sen cuestionar a saúde das persoas que integran a comunidade universitaria. Tratamos de superar a pandemia cos máximos niveis de excelencia, protexendo ao máximo todas as persoas da comunidade universitaria e coa firme intención de que os colectivos máis desfavorecidos non queden atrás.

A memoria está confeccionada cunha visión intersectorial e colaborativa requiridas polas políticas de RSU, e inspirada na ampla experiencia que ten a Universidade de Vigo no ámbito das políticas de igualdade de oportunidades. Como vén sendo habitual, buscando o aliñamento cos mellores estándares internacionais, e como mostra do noso compromiso coa transparencia e coa mellora continua, a memoria realizouse tomando como marco de referencia os principios de contido e os estándares de calidade do Global Reporting Initiative (GRI). Agradezo o excelente traballo da Unidade de Análises e Programas na recompilación de todos os datos e as diferentes contribucións dos servizos e das unidades.

Agardo que a información contida na memoria sexa do interese da nosa comunidade e motivo de orgullo.

Manuel Reigosa
Reitor



Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

Neste capítulo rendemos conta das principais actividades desenvolvidas na Universidade de Vigo durante o ano 2020 mostrando as súas principais magnitudes de referencia. Malia lixeiros cambios de formato, neste capítulo continúanse aplicando as recomendacións de distintos informes de sustentabilidade, en particular, os principios establecidos pola Global Reporting Initiative (GRI), iniciativa inserida no Pacto Social Mundial e ao que se atopa adherida a Universidade de Vigo.

Esta memoria pretende acadar un impacto real, e chegar a todas as partes interesadas, como un documento aberto a prol da mellora continua e a través da normalización e da actualización dos indicadores dispoñibles no portal de transparencia que sirvan de base para o avance da RSU e dos seus distintos mecanismos de participación.

Polo tanto, a finalidade deste informe é contarlles aos nosos grupos de interese quen somos e con que valores nos identificamos. Ao mesmo tempo, facilitarlles a dimensión e o alcance do noso traballo e do compromiso cos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030, dando conta dos resultados máis relevante do noso labor e abrindo un espazo permanente de diálogo que faga posible o proxecto educativo, investigador e social da Universidade de Vigo.

2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo



Misión e visión

Segundo o Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026) a súa misión é contribuír á mellora da vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

Na mesma liña, o Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026) expresa como visión que a nosa universidade, como institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia, persegue este reto mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento ao tecido socioeconómico e empresarial, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade pluricultural e plurilingüe na que se insire.

A Universidade de Vigo pretende ser unha universidade caracterizada por un goberno transparente e participativo, centrada na satisfacción integral do estudiantado e do persoal, na captación de talento e nun maior grao de recoñecemento internacional nos ámbitos das humanidades, xurídico-social, das ciencias experimentais, das ciencias da saúde e da enxeñaría.

2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo



A Universidade de Vigo, creada en 1989, é unha institución de servizo público, moderna e innovadora, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e de patrimonio propios, e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades (tal e como se especifica no artigo 1 dos seus estatutos):

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/arquivo-normativa/estatutos-universidade>.

A universidade está estruturada en tres campus: Ourense (As Lagoas, 32004 Ourense), Pontevedra (A Xunqueira, 36005 Pontevedra) e Vigo (As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo), onde ten tamén a súa sede a Reitoría (G4-5). Esta institución, vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia, dedicarlle especial atención ao estudo e ao desenvolvemento da súa cultura e do seu medio, e proxectarase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, de investigación e de desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas.

A Universidade de Vigo está integrada por escolas, facultades, departamentos e por outros centros ou estruturas necesarios para desempeñar as súas funcións. Esta estrutura está regulada no título I dos Estatutos da Universidade de Vigo, denominado «Estrutura, goberno e administración da universidade», artigos do 6 ao 50).

2.2.1. Infraestruturas


Infraestruturas da Universidade de Vigo (2019-2020)

Núm. de campus	3
Núm. de centros universitarios propios	22
Núm. de centros adscritos	7
Núm. de centros tecnolóxicos	6
Núm. de departamentos	47
Núm. de áreas de coñecemento	140
Núm. de edificios	40
Superficie (m ²)	394 848 m ²
Núm. de residencias universitarias propias	2
Núm. de centros de investigación	8

Número de departamentos por ámbito de coñecemento

Ámbito científico	11
Ámbito xurídico-social	13
Ámbito humanístico	9
Ámbito tecnolóxico	14

Aulas Informáticas e Administración



Servizos da Universidade de Vigo

Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos
Servizo de Xestión de Estudos de Grao
Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao
Servizo de Extensión Universitaria
Unidade de Emprego e Emprendemento
Oficina de Relacións Internacionais
Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría
Servizo de Control Interno
Servizo de Xestión Económica e Contratación
Secretaría Xeral
Servizo de Asesoría Xurídica
Unidade de Apoio ao Equipo de Goberno
Área de Calidade
Unidade de Igualdade
Área de Formación e Innovación Educativa
Área de Normalización Lingüística
Oficina de Proxectos Internacionais
Servizo de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento
Oficina de I+D
Área de Centros de Apoio á Investigación
Servizo de Persoal de Administración e Servizos
Servizos de Persoal Docente e Investigador
Servizo de Retribucións e Seguros Sociais
Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC)
Área de Benestar, Saúde e Deporte
Biblioteca Universitaria
Unidade de Análises e Programas
Unidade de Emprego e Emprendemento
Servizo de Prevención de Riscos Laborais
Unidade de Servizos Xerais
Oficina de Medio Ambiente
Área de Transporte e Distribución
Área de Xestión e Infraestruturas

Administración do Campus de Ourense
Administración do Campus de Pontevedra
Administración do Campus de Vigo-Ámbito de Ciencias Experimentais
Administración do Campus de Vigo-Ámbito Tecnolóxico
Administración do Campus de Vigo-Ámbito Xurídico-Social-Humanidades

Residencias

A Universidade de Vigo contou no curso 2019/2020 cos seguintes aloxamentos:

Residencias propias

- Complexo residencial O Castro (Vigo)
- Residencia universitaria As Burgas (Ourense)

Residencias concertadas

- Residencia concertada Afundación (Pontevedra)
- Complexo residencial concertado Alcai (Allariz)

2.2.2. Comunidade universitaria

A Universidade de Vigo está constituída por dous grandes grupos de persoas: o estudantado e o persoal traballador.

Estudiantado no curso 2019/2020 en titulacións oficiais

Estudo	Estudiantado matriculado	% de persoas estranxeiras	% de mulleres
Graos, 1.º e 2.º ciclo	16 639	0,37 %	51,5 %
Mestrados	2039	6,42 %	54,29 %
Programas de doutoramento	1387	22,35 %	52,56 %
Total	20 129	51,6 %	51,85 %

Comparativa interanual no número de estudantes que cursan os seus estudos na nosa universidade



Como podemos observar na evolución da matrícula dende o ano 2010, a tendencia é que esta se estabilice arredor de 20 000 persoas.

Persoal traballador en 2020 (a 31/12/2020)

Tipo de persoal	Total	% de mulleres	% de persoas estranxeiras
PDI	1 459	42,02 %	1,17 %
PAS	822	60,71 %	0 %
Persoal investigador	668	53,29 %	7,34 %
Total	2 949	49,78 %	2,24 %

PDI (persoal docente e investigador)

PAS (persoal de administración e servizos)

2.2.3. Certificacións de sistemas de xestión de calidade

A Universidade de Vigo conta coas seguintes certificacións:

Centro certificado	Fides-Audit	ISO 9001	ISO 14000	ISO/IEC 17025	Selo Q	Acreditación institucional
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	✓				✓	✓
Facultade de Bioloxía	✓				✓	✓
Escola Superior de Enxeñaría Informática	✓				✓	✓
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	✓				✓	✓
Facultade de Filoloxía e Tradución	✓				✓	✓
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	✓				✓	✓
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	✓				✓	✓
Facultade de Dereito	✓				✓	✓
Escola de Enxeñaría Forestal	✓				✓	✓
Facultade de Ciencias da Educación	✓				✓	✓
Facultade de Historia	✓				✓	✓
Facultade de Química	✓				✓	✓
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	✓					
Escola de Enxeñaría Industrial	✓				✓	
Laboratorio de Microbioloxía		✓		✓	✓	
Biblioteca Universitaria		✓	✓		✓	
Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat)		✓			✓	
Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio)		✓			✓	

Centro certificado	Fides-Audit	ISO 9001	ISO 14000	ISO/IEC 17025	Selo Q	Acreditación institucional
Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTIC)		✓			✓	
Servizo de Deportes.			✓			
Laboratorio de Calibración Eléctrica Lace			✓		✓	
Laboratorio Antelia					✓	
Escola Internacional de Doutoramento	✓					

Ademais destes modelos estandarizados, debemos ter en conta que na nosa universidade contamos coa certificación HR Excellence in Research –HRS4R– certificada pola entidade EURAXESS, da Comisión Europea. Trátase dunha iniciativa do espazo europeo de investigación que prové información e servizos para o persoal investigador e para as organizacións de investigación.

Pode atoparse máis información na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/investigar/idi-uvigo/estratexia-investigadora/estratexia-persoal-investigador-hrs4r>.

Non debemos esquecer que o campus de Pontevedra, a súa vicerreitoría, facultades e escolas, conta dende o ano 2015 coa certificación como Green Campus, certificado pola ADEAC-FEE, Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (Foundation for Environmental Education).

Pode atoparse máis información na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea/green-campus>.

O programa de renovación da acreditación Acredita encárgase da avaliación das titulacións oficiais co obxectivo de garantir que o seu desenvolvemento se está realizar de acordo coa memoria que obtivo a verificación inicial, xunto con todas as modificacións aprobadas con posterioridade.

Titulacións que obtiveron a renovación da acreditación (ACREDITA) no ano 2020

Mestrado en dirección e administración de empresas IESIDE

Mestrado universitario en deseño e dirección creativa en Facultade de Belas Artes moda

2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo



Organización institucional

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo>

En relación cos principios directores dos Estatutos da Universidade de Vigo, o réxime de goberno da Universidade de Vigo fundaméntase no principio de representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais, así como no de designación por elección das persoas que ocuparán os cargos académicos, agás as excepcións establecidas explicitamente nos estatutos.

Así mesmo, propicia a presenza equilibrada de homes e de mulleres nos seus órganos de goberno, a través das normas de paridade entre xéneros aprobadas pola comisión electoral.

O goberno da Universidade de Vigo

O goberno, a participación social, a representación e a administración da Universidade de Vigo artículanse, cando menos, a través dos órganos que se indican a continuación:

A) Órganos colexiados

Están compostos polo Consello Social, Claustro Universitario, Consello de Goberno, xuntas de facultade, Tribunal de Garantías, xuntas de escola e de facultade, consellos de departamento e de instituto universitario, consellos de campus (Ourense e Pontevedra), xuntas de titulación e xuntas, consellos ou outros órganos doutros centros que se puidesen crear.

Consello Social

O Consello Social, que goza de plena independencia no exercicio das súas competencias, é o órgano de participación da sociedade na universidade, que impulsa a colaboración entre elas, e contribúe eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia. Tamén vela pola mellora da calidade na educación superior universitaria e procura obter os recursos precisos para garantir a suficiencia económica e financeira.

A súa composición e funcións veñen establecidas nos artigos 17 a 19 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O Consello Social está concibido para que, a través da participación social, a universidade teña presente a problemática real do seu contorno no que desenvolve a súa misión docente e investigadora. E, a súa vez, para que o contorno socioeconómico se aperciba das necesidades da súa universidade e das potencialidades do desenvolvemento e do progreso que esta ofrece.

Ao Consello Social correspóndelle supervisar as actividades de carácter económico da universidade –incluída a aprobación do orzamento e das contas anuais –, do rendemento dos servizos e da colaboración da sociedade no financiamento da universidade.

Durante o 2020 este órgano estivo composto por 31 membros (pleno e comisións delegadas) e un 32,26 % correspondeu a mulleres.

Claustro Universitario

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación da universidade regulado polos artigos 11 a 13, 31 e 36 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Os diferentes grupos de interese que integran a comunidade universitaria elixen os seus delegados e delegadas no Claustro Universitario.

O claustro debe servir de ámbito para formularlles interpelacións ao reitor ou á reitoría e aos membros do seu equipo, así como ao resto do Consello de Goberno. Reunirase con carácter ordinario, polo menos, dúas veces ao ano e, con carácter extraordinario, de acordo co seu regulamento de réxime interno.

A composición no ano 2020, ata o 16 de novembro, foi de 192 (40,10 % de mulleres). A partir da citada data a composición foi de 194 membros (40,72 % de mulleres).

Consello de Goberno

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da universidade e está composto polo reitor, que o preside, o secretario xeral, a xerenta e 15 membros designados polo reitor, entre os que debe haber representación de todos os sectores da comunidade universitaria.

Entre as funcións do Consello de Goberno están establecer as liñas estratéxicas e programáticas da universidade, e aprobar a ordenación xeral da actividade académica e investigadora. Ademais, encárgase de aprobar os proxectos de orzamento e de programación plurianual e das contas anuais da universidade para tramitalas ao Consello Social, de autorizar os cadros de persoal ou de propoñer plans de estudo.

Nos artigos do 14 ao 16 dos Estatutos da Universidade de Vigo está regulado o seu funcionamento e a súa composición. A súa composición en 2020 foi de 56 membros, dos cales un 41,07 % foron mulleres.

Consellos de campus

Campus de Ourense: 21 persoas (42 % de mulleres)

Campus de Pontevedra: 14 persoas (35,71 % de mulleres)

B) Órganos unipersoais

A Universidade de Vigo establece que os e as titulares dos órganos unipersoais, agás por designación ou por procedemento expresamente regulado doutro modo, deben ser elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto.

Estes postos de carácter persoal concrétnanse nos seguintes títulos: reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente/a, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e de departamentos, e secretarios/as de facultades, de escolas e de departamentos, de institutos ou outros órganos que se puidesen crear.

No curso 2019/2020 o equipo de goberno estivo composto por:

Reitor	Manuel Joaquín Reigosa Roger
Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade	José Luís Míguez Tabarés
Vicerreitoría de Investigación	María Belén Rubio Armesto
Vicerreitoría de Economía	José María Martín Moreno

Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado	Manuel Ramos Cabrer
Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria	Natalia Caparrini Marín
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais	Mónica Valderrama Santomé
Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación	María Isabel Doval Ruiz
Vicerreitoría de Transferencia	María Consuelo Pérez Vázquez
Vicerreitoría do Campus de Ourense	María Esther de Blas Varela
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	Jorge Soto Carballo
Secretaría Xeral	Miguel Ángel Michinel Álvarez

2.4 Oferta académica. Curso 2019/2020




Titulacións oficiais

Núm. de titulacións de grao	53
Núm. de titulacións de programación conxunta	4
Núm. de dobres titulacións con universidades estranxeiras	2
Núm. de titulacións de mestrados oficiais*	67
Núm. de programas de doutoramento*	41


*Inclúe titulacións en proceso de extinción

Indicadores académicos. Curso 2019/2020

Grao-Indicadores académicos 2019/2020



Mestrado-Indicadores académicos 2019/2020




Persoas matriculadas e egresados/as por rama de coñecemento. Curso 2019/2020


Un 75,48 % do estudantado matriculado no curso 2019/2020 era nalgunha carreira do ámbito de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Este é un dato que se mantén ano tras ano e que confirma as preferencias do estudantado por cursar algunha carreira destas ramas; unhas proporcións que se manteñen no caso do estudantado egresado.

Ano 2019/2020

Estudantado Matriculado por Rama de Coñecemento 2019/2020



Estudantado Egresado por Rama de Coñecemento 2019/20



Estudios propios 2019/2020	Cursos ofertados	Matriculados/as
Núm. de titulacións propias	1	19
Cursos complementarios	13	88
Cursos de extensión universitaria	46	1 346
Cursos de galego	7	299
Cursos de idiomas (ano 2020)	80	1 325
Cursos de formación	12	392
Cursos de especialista	8	149
Talleres e obradoiros	7	178
Núm. de formacións para maiores	2	600
Total	221	4 848

Universidade para maiores de 55 anos

Dentro do marco xeral dos programas de formación das aulas de formación aberta da Universidade de Vigo desenvólvese o programa Maiores, un proxecto de desenvolvemento científico-cultural dirixido a promover a ciencia e a cultura entre as persoas maiores, teñan ou non unha titulación académica, ao mesmo tempo que as relacións interxeracionais. Coa posta en marcha deste programa nos tres campus, preténdese facilitarles ás persoas adultas o seu desenvolvemento persoal e social. Trátase dunha oferta de estudos para as persoas que, por diferentes razóns, non puideron acceder á universidade no seu momento ou que, sendo xa tituladas, se atopen en idade inhabitual para realizar estudos universitarios. Este proxecto educativo pretende favorecer a súa incorporación á vida universitaria a través de programas de formación paralelos ás ensinanzas regradas, ao tempo que favorece a súa calidade de vida e facilita o acceso a ensinanzas e a experiencias propias do ámbito universitario de tipo científico e cultural, así como fomentar a súa participación na sociedade actual axudando na súa adaptación aos cambios do noso tempo e impulsando o seu rol como dinamizadores do seu contexto socio-cultural máis próximo.

O programa Maiores deséñase de acordo cos seguintes principios:

- Principio de adecuación dos contidos: os contidos das diferentes materias ou disciplinas deben adaptarse ao nivel de formación do estudiantado, tratando de axustar o rigor e o valor científico dos contidos á súa capacidade de comprensión.
- Principio de personalización da aprendizaxe: os programas das materias deberán ter en conta as situacións específicas de aprendizaxe das persoas ás que van dirixidos (tempos, ritmos, intereses, motivación etc.).
- Principio de integración académica e sociocultural: a formación académica debe completarse con actividades de carácter sociocultural, integrando ambos os aspectos.

A Universidade de Vigo ten en oferta un programa de formación para maiores de 55 anos a través dun dobre itinerario:

Un ciclo intensivo cunha duración de 54 créditos e tres anos académicos. A súa superación dá lugar ao título propio da Universidade de Vigo de Universitario/a Sénior. É un programa deseñado para mellorar a calidade de vida das persoas maiores, ofrecéndolles un espazo axeitado para intercambiar coñecementos e experiencias de tipo científico e cultural e favorecer, ao mesmo tempo, un estilo de vida saudable.


- Un ciclo integrado cunha duración de 36 créditos e dous anos académicos. A súa superación dá lugar á obtención do título propio da Universidade de Vigo de Universitario/a Superior Sénior. Estes estudos

desenvólvense xunto co estudiantado das correspondentes titulacións oficiais de grao, nas mesmas aulas e horarios.

Número de estudiantado matriculado no programa de formación para maiores. Curso 2019/2020

	Homes	Mulleres	Total
Universitario/a Sénior	158	327	485
Universitario/a Superior Sénior	60	55	115
Total	218	382	600

Evolución matrícula programa de maiores



Nestes últimos anos o número de persoas matriculadas no programa de formación para maiores vaise consolidando arredor das 550-600 persoas matriculadas. Podemos observar que a maioría destas matrículas correspóndense con mulleres, este último ano un 63,67 %. Daquela, este programa está a permitir que moitas mulleres accedan á formación universitaria á que por diversos motivos, moitas veces asociados con responsabilidades familiares/domésticas, non puideron facelo anteriormente.

2.5 Principais indicadores en materia de investigación e de transferencia



Grupos de investigación por área de coñecemento e número de persoas integrantes en 2020

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN	ÁMBITO					Total	Estranxeiros/as
	Artes e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Ciencias sociais e xurídicas	Enxeñaría e arquitectura		
Grupos de investigación	30	44	5	46	44	169	
Membros dos grupos de investigación	323	581	79	512	463	1 958	121
Mulleres	207	293	49	262	137	948	61
Investigadores/as principais	48	81	15	56	60	260	
Mulleres investigadoras principais	25	30	5	24	10	94	

En 2020 o número de PDI que participou en actividades de investigación competitiva e/ou de transferencia foi de 580. Durante ese mesmo ano obtivéronse 125 sexenios.

Recursos externos captados en concorrencia competitiva. Comparativa interanual

A continuación realízase unha comparativa interanual dos recursos captados segundo se pode ver na seguinte táboa:


Recursos externos captados	2019	2020	Variación
Proxectos de investigación A. X. Estado	3 771 337,8 €	4 796 595 €	1 025 257,02 €
Proxectos de investigación A. C. Galicia	7 441 999 €	3 420 000 €	-4 021 999 €
Agrupacións estratéxicas A. C. Galicia	0 €	- €	- €
Convenios	267 000 €	337 048 €	70 048 €
Proxectos de investigación europeos	3 047 284 €	4 084 011 €	1 036 727,01 €
Proxectos de investigación Interreg	2 675 860 €	244 065 €	-2 431 794,70 €
Infraestrutura FEDER	2 902 000 €	0 €	-2 902 000 €
Facturación do CACTI	140 597 €	135 307 €	-5290 €
Facturación da Ecimat	1692 €	122 880,51 €	121 188,51 €
Facturación do Cinbio	7 435,96 €	4478,45 €	-2957,51 €
Contratación I+D	6 262 190,64 €	5 104 978,53 €	-1 157 212,11 €
INOUE	46 200 €	45 000 €	-1200 €
Total	26 563 596,27 €	18 294 363,49 €	-8 269 232,78 €
Orzamento da UVigo (previsións iniciais)	182 535 089 €	194 995 837 €	12 460 748 €
%	14,55 %	9,38 %	-5,17 %

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2020 foron dun 9,38 % % do orzamento da UVigo (previsións iniciais).

Financiamento dos proxectos de investigación segundo a entidade financiadora e o ámbito do PDI responsable. Ano 2020

PROXECTOS	ÁMBITO										Total	Total Importe	Respecto ao 2019
	Artes e humanidades		Ciencias		Ciencias da saúde		Ciencias sociais e xurídicas		Enxeñaría e arquitectura				
	N	Importe	N	Importe	N	Importe	N	Importe	N	Importe			
Central do Estado	2	75 020 €	21	2 510 237 €	4	491 938 €	8	296 450 €	12	1 422 950 €	47	4 796 595 €	↑
Xunta de Galicia	3	380 000 €	8	1 395 000 €	1	280 000 €			8	1 365 000 €	20	3 420 000 €	↓
Outros (convenios)			1	30 249 €					4	306 799 €	5	337 048 €	↑
Europeos H2020			5	2 574 486 €	3	1 110 235 €			2	375 187,50 €	10	4 059 908 €	↑
Europeos interrexionais			2	244 065 €							2	244 065 €	↓
Europeos outros	1	4793 €					1	19 310 €			2	24 103 €	↓
INOUE	1	5000 €	3	15 000 €			3	15 000 €	2	10 000 €	9	45 000 €	↓
Total xeral	7	464 813 €	40	6 769 036 €	8	1 882 173 €	12	330 760 €	28	3 479 936,50 €	95	12 926 719 €	↓

% de financiamento de proxectos segundo a entidade financeira en 2020



Estes datos amosan un lixeiro descenso no número e no importe dos proxectos para os que se acadou financiamento por parte de todas as posibles entidades financeiras.

Por entidade de financiamento, a cantidade maior correspóndese coas cantidades achegadas pola Administración Central, e por ámbito de coñecemento é o de ciencias o que ten maior contribución. A achega do Estado neste ámbito é a maior de todas.

Contratación I+D por ámbito do PDI responsable da actividade


Contratación artigo 83 da LOU (inclúe a xestión externa)	ÁMBITO DO PDI RESPONSABLE DA ACTIVIDADE										Total actividades	Total importes
	Artes e humanidades		Ciencias		Ciencias da saúde		Enxeñaría e arquitectura		Ciencias sociais e xurídicas			
	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe	Nº	Importe		
Contratos	2	221 953,64 €	14	607 548,78 €	7	94 146,04 €	43	2 291 931,29 €	19	358 394,69 €	85	3 573 974,44 €
Cursos	1	18 380 €					11	50 855,62 €	4	25 424,68 €	16	94 660,30 €
Informes	12	64 475,55 €	33	155 871,25 €	91	188 956,90 €	244	664 225,27 €	68	362 814,82 €	448	1 436 343,79 €
Total	15	304 809,19 €	47	763 420,03 €	98	283 102,94 €	298	3 007 012,18 €	91	746 634,19 €	549	5 104 978,53 €

Durante o ano 2020 a Universidade de Vigo tivo en vixencia 549 contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para realizar traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para desenvolver ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

Contratación I+D desenvolvidas durante 2020 segundo o ámbito xeográfico e o seu importe

Ámbito xeográfico	Tipo	Núm. actividades	Importe
Comunidade autónoma	Contratos	62	1 649 928,92 €
	Cursos	14	71 780,30 €
	Informes	286	961 030,77 €
Fóra da UE	Contratos	4	145 439,33 €
	Cursos	1	18 380 €
	Informes	2	17 476,80 €
Resto de España	Contratos	14	1 623 056,19 €
	Cursos	1	4500 €
	Informes	158	450 836,22 €
Unión Europea	Contratos	5	155 550 €
	Informes	2	7000 €
Total		549	5 104 978,53 €


Contratación I+D. Ámbito xeográfico 2020



Axudas UVigo (con orzamento propio) á investigación

	Solicitadas	Concedidas	Importe
Contratos-programa con grupos de investigación	5	5	100 000 €
Axudas para realizar, comisariar e montar exposicións artísticas	9	6	5 000 €
Organización de congresos	12	12	33 529 €
Proxectos internacionais de I+D	8	8	36 061 €
Bolsas de viaxe	10	10	3 365 €
Estadías en centros de investigación	22	22	39 220 €
Axudas predoutorais	66	10	648 562,50 €
Total	132	73	865 737,50 €

Axudas á investigación por ámbito 2020



Resultado da área de transferencia por campus. Ano 2020

TRANSFERENCIA	Campus de Ourense	Campus de Vigo	Campus de Pontevedra	Total
Contratos de licenza	1	5		6
<i>Spin-off</i>	Titorizadas	2	5	7
	Creadas		2	2
Patentes solicitadas en 2020	Nacionais	1	5	6
	Internacionais	2	6	8
Patentes concedidas en 2020	Nacionais		5	5
	Internacionais	2	6	8
Patentes en explotación a 31/12/2020	Nacionais		21	21
	Internacionais			
Patentes postas en explotación en 2020	Nacionais		1	1
	Internacionais			
Núm. de patentes nacionais activas				235
Software rexistrado en 2020		2		2
Modelos de utilidade solicitados en 2020				

TRANSFERENCIA	Campus de Ourense	Campus de Vigo	Campus de Pontevedra	Total
Modelos de utilidade concedidos en 2020		2		2
Modelos de utilidade en explotación en 2020				
Número de empresas <i>start-up</i> creadas en 2020				7

No ano 2020 solicitáronse 14 patentes. As patentes concedidas pasaron de 16 a 13, as patentes en explotación pasaron a 29 e o número de filiais ou empresas derivadas (*spin-off*) foron 9.

En canto á evolución dos importes das actividades de I+D dende 2015 a 2020 observamos, segundo se reflicte no gráfico que se acompaña, que tras o acusado descenso dos anos 2017 e 2018, en 2019 o importe volve superar os 6 millóns de euros e achégase ao máximo logrado en 2016. En 2020 acádanse cifras similares ao ano 2017.

Ao respecto da evolución dos importes dos proxectos dende 2015 a 2019 observamos, no gráfico que se acompaña, que hai un descenso paulatino dende o ano 2015 ao 2018, mentres que en 2019 se produciu unha recuperación que os eleva por encima dos 6 millóns de euros.



Evolución importes proxectos 2015-2020



2.6 Centros de apoio á investigación



A Lei orgánica de universidades (LOU), no seu artigo 40, establece a posibilidade de que as universidades creen libremente centros propios de investigación para que poidan cumprir diversas funcións estratéxicas dentro delas de cara a establecer os vínculos necesarios coa sociedade para poder transferir o coñecemento.

As súas funcións serían:

- Actuar como centros de apoio instrumental e de servizo ás actividades dos grupos de investigación.
- Permitir economías de alcance no uso de grandes infraestruturas e equipamento de alta tecnoloxía.
- Integrar e enfocar recursos e capacidades de investigación cara a áreas de interese para a universidade.
- Consolidar unidades de investigación que, apoiándose na actividade dos grupos de investigación, posibiliten o incremento da calidade da I+D+i.

2.6.1 Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)

<http://webs.uvigo.gal/cactiweb/>

O CACTI, adscrito á Vicerreitoría de Investigación, ten como misión prestar apoio científico e tecnolóxico a todos os labores de investigación e de desenvolvemento realizados nos diversos ámbitos científicos da Universidade de Vigo.

Ten como obxectivo a adquisición, a xestión e a utilización centralizada de grandes equipamentos científicos coa vocación de proporcionarlles apoio científico tecnolóxico tanto a membros da comunidade universitaria como aos organismos públicos de investigación OPI no ámbito estatal e internacional, e entidades privadas do noso contorno.

O CACTI cobre os servizos máis destacados da investigación científica: determinación estrutural, proteómica e xenómica, nanotecnoloxía e análise de superficies, microscopia electrónica, desenvolvemento sostible e seguridade alimentaria (campus de Vigo e de Ourense), detección remota, taller de mecanizado e taller de electrónica e calibración. Así, o CACTI, nas súas sedes de Vigo e de Ourense, configúrase como un centro dotado dunha moi alta infraestrutura de investigación sen comparación no seu contorno xeográfico.

Facturación do CACTI. Ano 2020

Clientela	Núm. de usuario	Importe	IVE	Total da facturación	% da facturación	Núm. de solicitudes	Importe medio de solicitudes
Universidade de Vigo	221	213 469 €	0 €	213 469 €	57,41 %		
Outras univ. e org. públicos	25	90 105 €	13 940,44 €	104 045 €	27,98 %		
Empresas	29	452 020 €	9095,34 €	54 297 €	14,60 %		
Total	275	348 776 €	23 035,79	371 812 €		4 307	80,98 €

Facturación bruta CACTI 2020
Ámbito xeográfico e natureza



O 27,98 % dos servizos contratados ao CACTI foron realizados para organismos públicos e outras universidades, ademais dun 14,60 % para empresas, e o 57,41 % restante para a propia comunidade universitaria.

Con respecto ás cantidades de 2019, podemos comprobar que diminuíu a facturación coa propia universidade, ao igual ca a facturación externa con organismos públicos.

2.6.2 CITI

<http://www.citi.uvigo.gal/gl/280-2/>

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI), situado en Ourense, é un centro creado en 2005 pola Universidade de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia.

O CITI busca potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a universidade ao tecido empresarial a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i relacionados co ámbito agroalimentario, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

A estrutura do CITI e a súa situación no Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) facilita a transferencia das tecnoloxías desenvolvidas no campus de Ourense. O edificio é un elemento nuclear para realizar as tarefas de investigación, innovación e transferencia do coñecemento do campus ourensán, onde a universidade se relaciona coas empresas e desenvolve proxectos conxuntos a partir da transferencia do coñecemento adquirido, e onde xorden ideas innovadoras sobre as que construír novas empresas.

O CITI está composto por catro edificacións cilíndricas e unha nave. Entre os catro módulos cilíndricos albérganse un total de once laboratorios, tres plantas técnicas e a oficina de proxectos de I+D+i do campus de Ourense. Como apoio ao labor investigador e á transferencia de coñecementos aos sectores produtivos, o CITI conta tamén cunha planta piloto.

Na actualidade os grupos de investigación da Universidade de Vigo con espazos o CITI son Informática Gráfica, Biotecnoloxía Agroalimentaria, Seguridade Alimentaria e Toxicoloxía Ambiental, Investigación de Informática Aplicada e Sistemas Informáticos de Nova Xeración, Termofísica, Edafoloxía e Química Agrícola, Enxeñaría Química, Microbioloxía e Valorización e Biomasa.

A cesión destes espazos aos grupos de investigación está prorrogada dende xullo de 2016 ata que non se resolva unha nova convocatoria a espera da desocupación dos espazos por parte dos grupos que obtiveron un lugar no novo edificio do Campus da Auga. Estableceuse en colaboración coa Dirección do Campus da Auga un procedemento para cambiar espazos para os grupos de investigación afectados. Unha vez que este cambio de espazos sexa efectivo, establecerase unha nova convocatoria de espazos e unha redefinición dos usos das dependencias do CITI cunha modificación do regulamento interno se fose necesario.

2.6.3 Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat)

<http://www.ecimat.org/index.php?lang=gl>

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat) é un edificio modular, flexible e funcional que pon a disposición da comunidade universitaria e doutras institucións públicas ou privadas as instalacións axeitadas para traballar con auga de mar e cultivos mariños, tanto a escala experimental coma de planta piloto.

A transferencia de coñecemento acadado na actividade investigadora aos sectores produtivos constitúen un dos principais obxectivos da Ecimat dada a actual demanda por parte dos sectores produtivos de traballos científicos relacionados con este ámbito.

A Ecimat conta con tres unidades:


- Cultivos mariños
- Medio mariño
- Actividades subacuáticas

Dada a relevancia que o sector do mar ten na nosa comunidade, a existencia desta infraestrutura representa o compromiso de ofrecerlles os nosos equipamentos e servizos para tarefas de investigación en temas mariños a toda a comunidade universitaria e a axentes externos.

Facturación da Ecimat. Ano 2020

Clientela	Núm. de usuario	Importe	IVE	Total da facturación	% da facturación	Núm. de solicitudes	Importe medio por solicitude
Empresas	13	120 244,98 €	7 534,23 €	127 779,21 €	87,12 %		
Universidade de Vigo	7	15 701,01 €	0 €	15 701,01 €	10,71 %		
Organismos públicos	5	2 635,53 €	553,46 €	3 188,99 €	2,17 %		
Total	25	138 581,52 €	8 087,69 €	146 669,21 €		91	1522,87 €

Facturación bruta ECIMAT 2020
Ámbito xeográfico e natureza



Durante o ano 2019 a facturación da Ecimat descendeu notablemente, pero en 2020 recuperouse ostensiblemente ata acadar un total de 146 669,21 €

2.7 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo. Curso 2019/2020



A continuación cítanse os principais fitos acontecidos na nosa universidade no citado período:

- No claustro do 16 de outubro de 2020 materializouse a creación da Escola Aberta de Formación Permanente (EAFP), co obxectivo estratéxico de abrir a formación permanente á sociedade mediante unha oferta de títulos propios coordinada, de calidade e adaptada á demanda co fin de xerar novas oportunidades profesionais e persoais.
- Aprobación do Plan estratéxico 2021-2016, que se comezou a elaborar o 6 de febreiro de 2019, coa aprobación no Claustro Universitario do seu procedemento de elaboración. Os traballos remataron coa súa aprobación definitiva no claustro do 16 de decembro de 2020, no consello de goberno do 21 de decembro do 2020 e polo Consello Social o 23 de decembro de 2020.
- Aprobación do Regulamento da valedoría universitaria no claustro do 16 de outubro de 2020.
- Aprobación do Regulamento do rexistro electrónico da Universidade de Vigo no consello de goberno do 28 de outubro de 2019.
- No consello de goberno do 28 de novembro de 2020 realizouse a aprobación dos comités de dirección do Campus da Auga, do Campus de Especialización CREA de Pontevedra e o do Campus Especializado Vigo Tecnolóxico.
- No consello de goberno do 22 de xaneiro de 2020 realizouse a aprobación da participación da Universidade de Vigo no capital social da *spin off* Blue Structure, e nas asociacións INFABAL HUB e INTERVEL.
- No consello de goberno do 12 de xuño de 2020 realízase a adhesión ao manifesto do Consello Social da Universidade de Vigo a favor das universidades públicas e do sistema universitario de Galicia.
- No consello de goberno do 28 de xullo de 2020 apróbase o Plan de retención de talento para 2020.

2.7.1 Premios e distincións

Durante o ano 2020 o esforzo de moitos membros da nosa comunidade universitaria foi recoñecido a través de diferentes premios e distincións entre os que destacan:

- A directora da OTRI, Ángeles López, convértese na primeira galega en ser acreditada pola Alianza Internacional ATTP como profesional da transferencia.
- Esdemga volve á pasarela de novos deseñadores da Madrid Fashion Week. Tamén recibe o Premio Cidade de Pontevedra como recoñecemento á traxectoria da titulación.
- A firma Alen Space gaña o Premio Emprendedor XXI.
- Catro alumnos da UVigo gañan o concurso Illas Cíes cunha curta de ciencia ficción para promover a candidatura a patrimonio da humanidade.
- Laura Movilla é premiada co Water Drop Award da International Water Resources Association.
- O estudantado de Enxeñaría Industrial acadan dous dos catro premios da competición «Ingenio para la movilidad» de Siemens Mobility España.
- Catedrático Jesús Simal ingresa na Real Academia de Farmacia.

- O estudiantado de Comunicación Audiovisual triunfa no certame universitario Suroscopia.
- A Sociedade Española de Mecánica de Rochas premia a tese de Ignacio Pérez Rey.
- O proxecto Hygia foi recoñecido como unha das sete publicacións con maior impacto mundial.
- Unha ferramenta de apoio para a educación de nenas e nenos con TEA e HoFlow, e unha ferramenta para a medida remota de caudais foron premiados nos LPRO Days 2020.
- Ana Carolina dos Santos acada unha das dúas bolsas do programa Santander Equality.
- Por segundo ano consecutivo a enxeñaría viguesa acada a final de Vodafone Campus LAB.
- O profesor Rodríguez Andina foi galardoado polas súas achegas ao desenvolvemento e á difusión industrial.
- Hugo de Valle Inclán foi galardoado co Aldi Haganaars Memorial, por un estudo sobre a medición da desigualdade de oportunidades.
- Jesús Balado recibe o Premio Albertis 2019 sobre seguridade Vial cun traballo sobre mapas de peóns xerados a partir de nubes de puntos.
- Anxo Tato recibe un premio dos enxeñeiros/as de telecomunicacións pola súa tese, como mellor en España en aplicacións espaciais.
- Santiago Lago ingresa como novo membro da Real Academia de Ciencias Económicas e Financeiras.
- A profesora Mónica Fernández Barciela acada o rango máis elevado da IEEE.
- Diego Soto acada o premio á mellor tese en Ciencias do Solo do 2020.
- O grupo Laseron recibe o primeiro premio do Instituto Americano do Láser.

2.7.2 Posición nas clasificacións

A Universidade de Vigo tivo durante o ano 2020 o recoñecemento internacional dalgunhas das clasificacións universitarias máis relevantes.

De entre as principais clasificacións salientamos as seguintes:

- Ranking de Shanghai (ARWU). A Universidade de Vigo aparece no grupo de 501-600 mellores universidades do mundo, e sobe de grupo respecto á posición acadada na edición anterior da clasificación no ámbito global. Acádase unha posición moi destacada en ciencias e en tecnoloxía da alimentación, cun posto entre as 51-75 mellores do mundo, que mellora polo tanto a súa posición.
- Times Higher Education (THE). A Universidade de Vigo figura no intervalo das 801-1000 mellores do mundo. En cando á clasificación das universidades con menos de 50 anos ou menos, a nosa posición mantense no ámbito mundial, no grupo 201-250. Con respecto á súa posición en España, acada o posto décimo oitavo. THE tamén realiza a clasificación Impact, que mide o impacto das universidades na sociedade baseado no éxito das institucións para cumprir os obxectivos da Axenda 2030. Na súa edición de 2020 a UVigo pertence ao grupo 101-200, con resultados destacables nos ODS 7, enerxía accesible; no 11, sustentabilidade das cidades e das comunidades; no 8, traballo digno e crecemento económico; e no 17, alianzas para acadar os obxectivos. Así mesmo, acada o posto 17 na súa posición global en España.
- Leiden Ranking CWTS. A Universidade de Vigo ocupa o posto 662, o 228 en Europa e o 18 en España. Con respecto ao sistema universitario español e tendo en conta determinadas áreas, a posición da nosa universidade é especialmente salientable en «vida e ciencias da terra», na que se atopa no posto número 10.

- URAP. A Universidade de Vigo atópase no ano 2019-2020 no posto número 22 das universidades españolas e o posto 638 no ámbito mundial. As puntuacións máis altas son as relativas á citación, como media do impacto da investigación, cunha puntuación de 67,25 puntos; e os artigos, como media de produtividade científica, con 53,75 puntos.
- Word University Rankings. Na súa edición de 2020-2021 a UVigo acada o posto 722 no ámbito mundial e o 22 dentro de España. A súa puntuación máis destacada é no rendemento da investigación con 681 puntos.
- Scimago Institution Rankings. A UVigo acada nesta clasificación a posición 624 no ámbito mundial e o número 25 das entidades de educación superior analizadas en España, mentres que no ámbito europeo se atopa no posto 227.
- QS World University Rankings. En 2020 a UVigo volve estar entre as 1000 mellores universidades do mundo, no grupo das 801-1000. Destaca a súa posición nas áreas de enxeñaría electrónica e enxeñaría mecánica.
- US News. Esta clasificación coloca a UVigo, dentro do Best Global Universities, no posto 780 no ámbito mundial e no 25 en España.
- Green Metric. Nesta clasificación, que mide as universidades pola súa sostibilidade ambiental, a nosa institución ocupa o posto 342 mundial e o 21 en España.
- No ámbito estatal, destacamos que na clasificación U-Ranking IVIE a Universidade de Vigo está no grupo 5 do índice de rendemento que valora o volume de resultados en relación cos recursos utilizados. Con respecto á docencia atópase no cuarto grupo. Por outra parte, na clasificación Fundación CYD a Universidade de Vigo ató ten 12 indicadores dentro dos de maior rendemento.

Pode consultarse máis información sobre a posición da Universidade de Vigo nas distintas clasificacións na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/56>.

2.8 Actuacións da covid-19



Cabe destacar, en canto á xestión e á resposta institucional, que a Universidade de Vigo, ao inicio da situación de confinamento, creou un gabinete de crise con representantes de distintas áreas da xestión universitaria, no que se identificou unha persoa responsable de centralizar as demandas e os recursos para dar resposta á situación. Tamén se crea un comité asesor para facilitar a adopción de medidas no caso de detección de casos de covid-19. A creación deste órgano, e o sistema de selección das persoas que o integran, foron aprobados no seo dun consello de goberno da universidade. Este equipo de traballo multidisciplinario ten o obxectivo de desprezar as medidas precisas que permitan co proceso de aprendizaxe, xestión e investigación. Ao mesmo tempo, cada centro ou facultade nomeou unha persoa responsable da covid-19, establecendo canles de comunicación e información internas, que permitiron contar coa opinión directa das persoas responsables de cada área, ofrecendo solucións adaptadas a cada situación e compartidas polos principais axentes xestores. A información actualizada sobre as actuacións de resposta á covid-19 inicialmente concentráronse na páxina web «Suspensión das actividades lectivas presenciais» e posteriormente na web «Información covid-19», na que se centralizou a información sobre os manuais, guías e protocolos da covid-19, así como os resultados do cribado semanal de *pooling* por saliva, cribados do Sergas específicos por campus e as resolucións reitorais e instrucións das vicerreitorías ou da Xerencia.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/suspension-actividades-lectivas-presenciais>

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/volta-actividade-presencial>

Actuacións relativas á docencia

A Universidade de Vigo, como universidade pública, realizou un grande esforzo para non deixar a ningún/ha estudante atrás dentro do escenario que se presentou coa covid-19. Para iso fixéronse importantes cambios nas plataformas dixitais da universidade, tanto na plataforma de *Learning Management System* (Moovi) coma coa creación do Campus Virtual, no que se reproduciu a estrutura de centros, aulas, salas de reunións e despachos dos nosos campus físicos.

Créase así o Campus Integra, un contorno virtual que permite conxugar o Campus Remoto, como xemelgo dixital da institución, coa presencialidade, a través de 200 aulas Integra nos tres campus. O desenvolvemento destas ferramentas fíxose coa tecnoloxía de software libre *Big Blue Button*. Deste xeito, púidose dar unha resposta rápida á necesidade de ensinar de forma remota e síncrona. O contorno inicial foise equipando progresivamente con funcionalidades adicionais como a gravación de clases ou a entrega de arquivos. O Campus Integra ofrece agora un soporte adecuado a tres posibles escenarios didácticos: ensinanza en aula, ensinanza en aula virtual e ensinanza simultánea en aula física e virtual. Para isto os espazos elixidos por cada centro como aulas Integra foron equipados con equipos taboleiros virtuais e o profesorado con ordenadores táctiles ou tabletas gráficas, que permiten que tanto o estudantado presente na aula coma nos fogares interactúen co profesorado.

En canto á plataforma de teledocencia Moovi, baseada en Moodle 3.9, mellora enormemente a súa seguridade e a protección ante ciberataques, problemas de rendemento da conexión ou a posibilidade de instalar características adicionais. Esta nova plataforma permite a integración do software antiplaxio Turnitin nas actividades de cada materia, a provisión dunha aplicación con notificacións móbiles e o acceso fóra de liña, ou a integración con futuros servizos como o sistema de identidade centralizado.

Estas ferramentas tamén permitiron a investigación para mellorar e a innovación no campo da educación virtual. Deste xeito, durante os períodos de docencia mixta ou non presencial o profesorado pode gravar voluntariamente as súas sesións para que poida acceder a elas o estudantado que teña problemas de conectividade, dispoñibilidade limitada de equipos informáticos ou necesidades de conciliación da vida familiar. Con respecto ás clases prácticas, tendo en conta que é preciso desenvolver algunhas delas de xeito presencial, animouse o profesorado a que as substituíse por actividades non presenciais, tales como vídeos didácticos ou laboratorios virtuais para tratar de adecuar, na medida do posible, as prácticas esenciais máis difíciles de substituír aos períodos nos que se atoparon activas as modalidades presencial e mixta. Ademais, seguíronse en todo momento as directrices do Servizo de Prevención de Riscos Laborais sobre o uso de equipos de protección individual (EPI), tanto para docentes coma para estudantado e as medidas relativas ao mantemento das distancias de seguridade.

En canto á avaliación, durante o período de confinamento priorizouse, na medida do posible, a avaliación continua, sen ser necesario realizar exames, ou a avaliación mediante exames en liña. Para isto elaboráronse unha serie de documentos que serviron como base ás actuacións pertinentes. Os citados documentos son:

- Manual para a realización de probas e exames de diferente tipo a través de Moovi e Campus Remoto:
https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Manual_Exames_Moodle_Campus_Remoto.pdf
- Plan de continxencias para as probas de avaliación na modalidade non presencial:
https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-05/Plan_continxencias_exames_0.pdf
- Código ético e de integridade no contorno virtual:
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/codigo-etico-integridade-nun-contorno-virtual-ensinanza-aprendizaxe>

O estudiantado de doutoramento puido realizar actividades formativas de xeito virtual. Así, tras modificar a normativa de defensa da tese, tamén se lle permitiu defendela a distancia. Dentro das posibilidades que permitían en cada momento as medidas sanitarias, posibilitouse o acceso aos centros ao estudiantado que o precisou para realizar traballo experimental como parte do seu traballo de tese.

Actuacións relativas á secretaría, administración, bibliotecas e prácticas curriculares

Foi necesario adaptar os servizos da Biblioteca, á que se lles permitiu acceder a PAS e a PDI, así como ao estudiantado de doutoramento e a quen estaba desenvolvendo o seu TFG ou TFM. O resto do estudiantado puido acceder aos servizos de devolución e de préstamo baixo demanda, sen acceso directo aos fondos.

En relación coas prácticas curriculares, foi preciso realizar diversas resolucións, instrucións e modificacións que permitisen a súa adaptación ao escenario xurdido na pandemia, entre as que destacan:

- Resolución reitoral sobre as prácticas académicas externas, onde se establecen medidas de carácter extraordinario en relación coas prácticas académicas externas, curriculares e extracurriculares, do curso académico 2019/2020:
- https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-04/RR_Practicas_academicas_externas.pdf
- Publicación da instrución para modificar a matrícula da materia curricular de prácticas externas: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-04/20200420_instrucion_practicas_academicas_externas.pdf
- Ampliación, polo Consello de Goberno, do período de realización e de avaliación das prácticas externas do último curso que habiliten para o exercicio de profesións reguladas ata o 31 de outubro: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/doctas/public/unidad/secretaria-xeral/consello-goberno/actas-consello-goberno>
- Ampliación, polo Consello de Goberno, do período de realización e de avaliación das prácticas externas do último curso das titulacións de grao e de mestrado ata o 11 de decembro de 2020: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/doctas/public/unidad/secretaria-xeral/consello-goberno/actas-consello-goberno>

Actuacións relativas á investigación e á transferencia

A investigación viuse tamén afectada pola situación derivada da pandemia. Un gran número de proxectos de investigación sufriron atrasos e solicitaron prórrogas; pero tamén cabe destacar o xurdimento de novos proxectos no ámbito da covid-19.

O persoal investigador, dende o primeiro momento, concorreu ás novas convocatorias nadas desta situación, como as do Instituto Carlos III, o Fondo Supera Covid do Santander ou o GAIN, entre outras. Froito delas estanse a desenvolver sete proxectos: test de detección rápida, seguimento xenómico do virus, seguimento de brotes a través das augas residuais, evolución numérica dos contaxios e estimación de camas nas UCI, evolución da pneumonía producida pola covid, aplicación do procedemento *pooling* para a detección rápida do virus, e tratamento e limpeza de superficies con drones.

Tamén se mantivo persoal de garda en determinados laboratorios para manter a supervivencia de animais e o funcionamento de grandes equipamentos (microscopios electrónicos, escáneres de fluorescencia de raios X etc.), que requiren reposición de gases e estar prendidos de xeito permanente para evitar a deterioración que poidan sufrir ao apagarse.

Como medida de apoio para os doutorandos/as que se atopaban no seu último ano de contrato predoutoral ou posdoutoral, prorrogóuselles o contrato pola duración do estado de alarma, ao igual que fixo o Estado para as

figuras Juan de la Cierva e similares. Ademais, a Xunta de Galicia prorrogou os seus contratos por seis meses, independentemente do momento no que se atopasen.


As actividades de transferencia e de coñecemento, durante o confinamento, practicamente quedaron interrompidas e non se fixeron contratos novos; situación similar foi a que se dou coas patentes e coas *spin-off*. A actividade retomouse no mes de xuño, volvendo a valores habituais, sen que a Universidade de Vigo vise minorado de xeito destacable o seu volume de ingresos en relación con anos anteriores.

Xestión económica

A situación desencadeada pola covid-19 supuxo un forte esforzo financeiro para a UVigo que tivo investir importantes cantidades en recursos dixitais, limpeza e adaptación das estruturas, así como apoio financeiro a estudantes que se viron afectados economicamente pola pandemia.

Na seguinte táboa pode verse de xeito detallado o destino dos recursos investidos directamente para facer fronte a esta situación.

Concepto	Cantidade
Adaptación das aulas	21 515,50 €
Aulas virtuais	29 929,80 €
Bobinas de papel	5 901,72 €
Control de capacidade	2 202,20 €
Datos wifi para o estudantado	46 101 €
EPI. Máscaras e escudos faciais	187 876,01 €
EPI. Luvas	69 977,45 €
EPI. Xeles	105 901,36 €
Equipamento informático	1 380 546,48 €
Equipos de videoconferencia	22 485,43 €
Mamparas	121 645,40 €
Mobiliario	137 974,92 €
Outros gastos	14 933,69 €
PCR	61 648,29 €
Pulverizadoras	91 195,04 €
Purificadores	30 189,50 €
Seguridade	26 514,99 €
Sinalización	32 922,35 €
Virucidas	41 883,53 €
Total	2 431 344,66 €



Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Creación de valor para a sociedade

3.1 Alcance e cobertura da memoria de responsabilidade social



O período cuberto por esta memoria correspóndese, en termos xerais, co curso académico 2019/2020. Non obstante, a existencia dalgúns informes de xestión que contabilizan os datos por anos naturais obríganos, neses casos, a incorporar información relativa ao ano natural 2020.

Esta memoria é a décimo primeira dunha serie elaborada con periodicidade anual. A primeira memoria toma por base o ano 2010 con datos do curso académico 2009/2010, e así sucesivamente ata a última publicada que reportaba sobre o desempeño acadado no curso 2018/2019.

Este informe inclúe o resultado dos impactos ambientais, económicos e sociais máis relevantes que xera a actividade da Universidade de Vigo, sen limitacións de alcance. Na presente memoria figuran algúns dos contidos básicos xerais e específicos da guía para elaborar das memorias de Global Reporting Initiative (GRI) versión G4. Esta información cobre a Universidade de Vigo cos seus campus, e só parcialmente, dá conta das entidades xuridicamente independentes en que participa a universidade.

A elaboración desta memoria foi posible grazas á contribución do persoal da Universidade de Vigo, coordinado pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación a través da Unidade de Análises e Programas.

A información achegada procede das memorias de actividades e de informes elaborados polas distintas áreas da universidade, do portal de transparencia da institución (<https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>) e, noutros casos, foi expresamente elaborada para redactar esta memoria.

Non se deron cambios significativos respecto ás anteriores memorias no referente á cobertura e aos métodos de valoración aplicados; así mesmo, non se produciron tampouco cambios significativos nin no tamaño nin na estrutura da Universidade de Vigo

Atendendo ao principio de mellora continua e ao enfoque participativo que nos inspira, insistimos na necesidade de que os distintos grupos de interese fagan as súas contribucións cara a perfeccionar as políticas de responsabilidade social da Universidade de Vigo e a calidade desta serie de memorias.

3.2 Obxectivos e principios da memoria



Os obxectivos básicos que persegue a Universidade de Vigo coa elaboración desta serie de memorias son os seguintes:

- Incorporar a sustentabilidade como valor clave de xestión, buscando o equilibrio a curto e a longo prazo e favorecendo a evolución e a fortaleza institucional.
- Integrar o concepto de responsabilidade social no seu acervo cultural e facer do rendemento de contas e do diálogo cos grupos de interese un hábito.
- Dispor dunha ferramenta de xestión adicional que permita fixar obxectivos e avalialos a través do triplio balance: social, económico e ambiental.

Os principios que se seguiron na redacción desta memoria son os establecidos pola GRI (Global Reporting Initiative, capítulo 4 da versión G4) para usalos de xeito combinado cara a definir o contido e a calidade das memorias de sustentabilidade. Estes principios son:

- Participación dos grupos de interese.
- Contexto da sustentabilidade.
- Materialidade.
- Exhaustividade.

A Universidade de Vigo, consciente de que o futuro se constrúe no presente, ten a vocación de mellorar a integración dos grupos de interese na súa xestión tendo como horizonte a sustentabilidade da institución. A apertura do portal de transparencia e o deseño do que será nun futuro próximo o portal de datos abertos constitúen as ferramentas idóneas para consolidar a cultura de transparencia e o goberno aberto que inspira a universidade dende hai varios anos.

Todo o que figura nesta memoria correspóndese coa realidade dos feitos que de xeito exhaustivo esperamos mellorar en anos sucesivos cara a reflectir os impactos sociais, económicos e ambientais máis significativos.

Os principios que definen a calidade da memoria son:

- Equilibrio.
- Comparabilidade.
- Precisión.
- Puntualidade.
- Claridade.
- Fiabilidade.

Año a ano procuramos mellorar o contexto da información achegada, incluíndo series históricas e indicadores referidos ao ámbito universitario de cara a facilitar a avaliación por parte das partes interesadas e cumprindo así co principio de comparabilidade.

3.3 Axenda 2030 e ODS



Dende 2015 a responsabilidade social universitaria vese fortalecida coa aprobación da Axenda 2030 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Esta nova axenda, que substitúe a dos obxectivos do milenio, é máis universal, ambiciosa e integral, e ten un claro compoñente multidimensional, multiactor e multinivel.

Con ela ábrese unha ventá de oportunidade para que as institucións públicas, incluídas as universidades, orienten as súas estratexias de responsabilidade social cara a conseguir os denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Os ODS diríxense tanto ás persoas coma ao planeta e inspiran medidas de carácter transversal, tanto no ámbito local coma internacional, co propósito de acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

A Axenda 2030 organiza os ODS arredor das seguintes cinco esferas:

- **As persoas.** Pór fin á pobreza e á fame e velar para que todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade e nun medio ambiente saudable.
 - ODS 1. Fin da pobreza
 - ODS 2. Fame cero
 - ODS 3. Saúde e benestar
 - ODS 4. Educación de calidade
 - ODS 5. Igualdade de xénero
 - ODS 6. Auga limpa e saneamento
 - ODS 10. Redución das desigualdades

- **O planeta.** Protexer o planeta contra a degradación, mediante un consumo e unha produción sostibles, a xestión sostible dos recursos naturais e medidas urxentes para facer fronte ao cambio climático.
 - ODS 13. Acción polo clima
 - ODS 14. Vida submarina
 - ODS 15. Vida de ecosistemas terrestres

- **A prosperidade.** Velar para que todos os seres humanos poidan gozar dunha vida próspera e plena, e para que o económico, social e tecnolóxico se produza en harmonía coa natureza.
 - ODS 7. Enerxía accesible e non contaminante
 - ODS 8. Traballo decente e crecemento económico
 - ODS 9. Industria, innovación e infraestrutura
 - ODS 11. Cidades e comunidades sostibles
 - ODS 12. Producción e consumo responsables

- **A paz.** Propiciar sociedades pacíficas, xustas, inclusivas e libres de temor e de violencia. Non pode haber desenvolvemento sostible sen paz, nin paz sen desenvolvemento sostible.
 - ODS 16. Paz, xustiza e institucións sólidas

- **As alianzas.** Mobilizar os medios precisos para implementar a Axenda mediante unha alianza mundial para o desenvolvemento sostible baseada nun espírito de maior solidariedade mundial e céntrase particularmente nas necesidades dos máis pobres e vulnerables, coa colaboración de todos os países, todas as partes interesadas e todas as persoas.
 - ODS 17 Alianzas para acadar os obxectivos

A Universidade de Vigo é consciente do reto que representa a Axenda 2030 e comprométese tanto a aliñar as súas políticas cos 17 ODS coma a contribuír ao seu coñecemento dentro e fóra da comunidade universitaria. Neste sentido, realizáronse ao longo de 2020 unha serie de campañas sobre a Axenda na web da UVigo e nas redes sociais co obxectivo de sensibilizar a comunidade universitaria sobre determinadas situacións de vulnerabilidade para xerar conciencia e crear o coñecemento necesario para a procura activa de solucións.

Estas foron as campañas:

Xaneiro

Día Internacional da Educación

Febreiro

Día Mundial das Enfermidades Raras

Día Mundial da Xustiza Social

Día da Muller e da Nena na Ciencia

Día Mundial contra o Cancro

Marzo

Día Mundial da Auga

Día Internacional da Muller

Abril

Día Mundial da Saúde

Día Internacional das Nenas nas TIC

Maio

Día Internacional das Traballadoras e Traballadores

Acto de celebración do Día das Letras Galegas

Día das Letras Galegas.

Día Mundial sen Tabaco

Xuño

Día Internacional da Bicicleta

Día Mundial das Persoas Refuxiadas

Día das Microempresas e das Pequenas e Medianas Empresas

Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas

Novembro

Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

Decembro

Día Internacional das Persoas con Discapacidade

Día dos Dereitos Humanos

Día Internacional da Persoa Migrante

Día Internacional da Solidaridade Humana

3.4 A responsabilidade social nos procesos de ensinanza-aprendizaxe



A oferta formativa da Universidade de Vigo inclúe a responsabilidade social como eixe transversal en diferentes estudos de grao e de posgrao, así como tamén conformando por si mesma o obxecto de estudo en programas académicos e en cursos específicos.

Pola importancia que toman os obxectivos de desenvolvemento sostible na valoración da responsabilidade social universitaria, a continuación reflíctense en dúas táboas a relación de diferentes graos, mestrados e programas de doutoramento e a súa relación cos ODS.

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	4 EDUCACIÓN DE CALIDADE, 10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES, 16 PAZ, JUSTIZIA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS
Grao en Linguas Estranxeiras	4 EDUCACIÓN DE CALIDADE, 10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES, 16 PAZ, JUSTIZIA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS
Grao en Tradución e Interpretación	4 EDUCACIÓN DE CALIDADE, 10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES, 16 PAZ, JUSTIZIA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS
Grao en Xeografía e Historia	4 EDUCACIÓN DE CALIDADE, 10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES, 11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIÑIBLES, 13 ACCIÓN POLO CLIMA, 16 PAZ, JUSTIZIA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS, 17 ALIANZAS PARA ACADAR OS OBJETIVOS
Grao en Belas Artes	4 EDUCACIÓN DE CALIDADE, 9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA
Grao en Enfermaría	3 SAÚDE E BENESTAR, 5 EIGUALDADE DE XÉNERO
Grao en Fisioterapia	3 SAÚDE E BENESTAR
Grao en Bioloxía	2 ENERGÍA LIMPA E SOSTIÑIBLE, 3 SAÚDE E BENESTAR, 6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO, 13 ACCIÓN POLO CLIMA, 14 VIDA SUBMARIÑA, 15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES
Grao en Ciencias do Mar	14 VIDA SUBMARIÑA

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Química	 
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	    
Grao en Ciencias Ambientais	      
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	    
Grao en Enxeñaría da Organización Industrial	    
Grao en Enxeñaría Eléctrica	   
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	    
Grao en Enxeñaría Química Industrial	    
Grao en Enxeñaría Mecánica	   
Grao en Enxeñaría Biomédica	 
Grao en Enxeñaría da Enerxía	    
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	  
Grao en Enxeñaría das Tecnoloxías das Telecomunicacións	  

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Enxeñaría Informática	  
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	   
Grao en Enxeñaría Agraria	       
Grao en Enxeñaría Forestal	       
Grao en Administración e Dirección de Empresas	      
Grao en Económicas	      
Grao en Turismo	     
Grao en Comercio	     
Grao en Dereito	      
Grao en Educación Infantil	     
Grao en Educación Primaria	     
Grao en Educación Social	     
Grao en Traballo Social	    

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Comunicación Audiovisual	 
Grao en Dirección e Xestión Públicas	     
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	 
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	   
Mestrado universitario en administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa	  
Mestrado universitario en comercio internacional (non presencial)	  
Mestrado universitario en comercio internacional (presencial)	  
Mestrado universitario en dirección de pemes	  
Mestrado universitario en enerxía e sustentabilidade	   
Mestrado universitario en enxeñaría da automoción	  
Mestrado universitario en estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións	
Mestrado universitario en finanzas	

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en investigación química e química industrial	 
Mestrado universitario en lingüística aplicada	
Mestrado universitario en mecatrónica	
Mestrado universitario en menores en situación de desprotección e conflito social	
Mestrado universitario en neurociencia	 
Mestrado universitario en prevención de riscos laborais	 
Mestrado universitario en traducción multimedia	 
Mestrado universitario en traducción para a comunicación internacional	 
Mestrado universitario en xenómica e xenética	
Mestrado universitario en xestión do desenvolvemento sostible	    
Mestrado universitario en xestión e dirección laboral	 
Mestrado universitario en xestión e tecnoloxía de estruturas e instalacións	 

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais	  
Mestrado universitario en dirección de arte en publicidade	  
Mestrado universitario en dirección integrada de proxectos	 
Mestrado universitario en dirección pública e liderado institucional	   
Mestrado universitario en investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria	  
Mestrado universitario en necesidades específicas de apoio educativo	  
Mestrado universitario en arqueoloxía e ciencias da antigüidade	 
Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	    
Mestrado universitario en dirección e planificación do turismo interior e de saúde	 
Mestrado universitario en intervención multidisciplinaria na diversidade en contextos educativos	  
Mestrado universitario en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural	 

Programas de doutoramento	ODS
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar)	     
Creatividade, innovación social e sustentable	    
Auga, sustentabilidade e desenvolvemento	   
Creación e investigación en arte contemporánea	  
Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura	 
Estudos lingüísticos	 
Estudos literarios	
Tradución e paratradución	
Comunicación	
Protección do patrimonio cultural	
Biotecnoloxía avanzada	
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	 

Programas de doutoramento	ODS
Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	
Ciencia e tecnoloxía química	
Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	  
Física aplicada	  
Metodoloxía e aplicación en ciencia da vida	 
Química teórica e modelización computacional	
Estatística e investigación operativa	
Endocrinoloxía	
Nanomedicina	 
Neurociencia e psicoloxía clínica	
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura	  
Enxeñaría química	 

Programas de doutoramento	ODS
Investigación en tecnoloxía e procesos avanzados na industria	
Láser, fotónica e visión	 
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	  
Sistemas de software intelixentes e adaptables	 
Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica	
Tecnoloxía da información e as comunicacións	
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria	  
Ciencias da educación e do comportamento	 
Análise económica e estratexia empresarial	
Educación, deporte e saúde	 
Ordenación xurídica do mercado	 
Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica	

Programas de doutoramento

ODS

Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable



3.4.1. Campus Virtual

As novas tecnoloxías contan cunha grande implantación na Universidade de Vigo, pondo a disposición do seu estudantado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos un bo número de servizos virtuais, coa finalidade de facilitar trámites ou, simplemente, de achegarse dun xeito sinxelo aos seus usuarios e usuarias.

Algúns dos servizos ofrecidos son os seguintes:

Faitic e MooVi

Son os sistemas de teledocencia da Universidade de Vigo que permiten tanto a estudantes coma a docentes acceder aos contidos virtuais de materias e de cursos. Trátase dunha iniciativa desenvolvida pola Área de Tecnoloxía da Información e Comunicación (ATIC) co propósito de ofrecer un servizo de complemento á docencia baseado en internet e dirixido, por unha banda, ao profesorado, estudantado e persoal de administración e servizos e, por outra, ao alumnado preuniversitario que teña en mente cursar os seus estudos superiores nesta universidade. Para isto, emprega dúas plataformas de software libre: Claroline e Moodle.

Así, Faitic serve de apoio para as clases presenciais e de canle de comunicación co profesorado. A través de Faitic pódense consultar ou descargar os apuntamentos que o profesorado publica no espazo da súa materia, recibir avisos importantes, enviarlles mensaxes ás persoas que imparten a docencia, realizar entregas en liña de traballos para ser avaliados e moito máis.

O espazo Faitic solicita un usuario/a e un contrasinal. Cando se accede por primeira vez tanto o usuario/a coma o contrasinal serán o DNI sen letra. En canto se accede, a plataforma pide que se modifique o contrasinal para que sexa máis seguro.

Respecto de Moovi, é unha plataforma actualizada baseada no Moodle e permite todos os servizos que están implementados en Faitic, mais algúns de nova xeración. Unha das grandes vantaxes que ten é a posibilidade de crear contidos de moi diversas maneiras, permitíndolles aos/ás docentes presentar os seus esquemas de clase das maneiras máis diversas. Tamén o estudantado ten a posibilidade de participar dun xeito máis activo na súa ensinanza.

O acceso é a través do DNI e unha clave.

Campus Remoto

A plataforma do Campus Remoto da UVigo permítelle á comunidade universitaria ter unha plataforma de comunicación e de reunión, baseada en *BigBlueButton*, que fai posible a docencia en remoto, titorías, reunións virtuais, foros e chats, dunha maneira intuitiva e cómoda para todas as persoas usuarias. Unha vantaxe engadida é a posibilidade de acceder a MooVi/Faitic dende as aulas en directo, o que permite unha flexibilidade na docencia moi grande.

App Uvigo

Co obxectivo de mellorar a comunicación a través dos teléfonos móbiles entre as institucións universitarias e a comunidade que as integra, CRUE Universidades Españolas, a través de Santander Universidades, creou unha plataforma móbil personalizada que incorpora tecnoloxía avanzada, contidos e diversos servizos. O estudiantado, profesorado e o persoal de administración e servizos teñen acceso a esta aplicación que conta con información útil para os tres sectores e permite consultar as materias matriculadas e o expediente académico, ao tempo que incorpora a tarxeta universitaria intelixente (TUI) na súa versión dixital. Así mesmo, a aplicación facilita a creación de grupos de conversa entre estudantes, así como con docentes, ou a posibilidade de participar en retos, xogos, concursos e outras iniciativas.

Office365, almacenamento remoto e equipos de traballo

Unha ferramenta que se incrustou dentro da secretaría virtual para a comunidade universitaria é a Office365 da empresa Microsoft, que provee a todo o persoal coa capacidade de utilizar todas as ferramentas do paquete ofimático Office (Word, Excel, PowerPoint, Access, Teams, Notes, Share Point, Sway, OneDrive e Forms). Desta maneira, non é necesario dispor dun paquete externo para poder utilizar as ferramentas que son necesarias para o traballo diario con documentos, follas de cálculo, bases de datos, presentación, creacións etc.

3.4.2. Innovación educativa

Dentro do Programa de formación permanente do profesorado no ano académico 2019/2020 leváronse a cabo un total de 53 cursos que axudaron a desenvolver as diferentes competencias docentes, dos cales 39 se desenvolveron en modalidade virtual e 14 en presencial (1 no campus de Ourense, 1 no campus de Pontevedra e 12 no de Vigo).

As actividades formativas realizadas estaban relacionadas coas competencias docentes de planificación, metodoloxías, tipoloxías de avaliación, integración de medios tecnolóxicos, comunicación, motivación, integración e investigación.

A pandemia da covid-19 obrigou a que a meirande parte da docencia da Universidade de Vigo se impartise en modalidade virtual, polo que foi necesario facer un reforzo da formación do profesorado neste eido.

Algunhas das actividades formativas foron organizadas conxuntamente pola Vicerreitoría de Investigación coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, así como coa Unidade de Igualdade e a Oficina de Software Libre (OSL). A demanda de cursos maniféstase no número de preinscricións, un total de 3820, das cales 2318 solicitudes foron seleccionadas para participar nas formacións. En canto aos datos desagregados por sexo, temos un total de 1335 mulleres e 983 homes.

Para seguir impulsando a reflexión sobre a práctica docente e apoiando as iniciativas que dean un impacto na mellora da calidade docente, a Universidade de Vigo mantén os grupos de innovación docente (GID). Son grupos de traballo estables de profesorado universitario que teñen como finalidade desenvolver accións dirixidas á formación, á innovación e á renovación do modelo educativo co obxectivo de favorecer a aprendizaxe do estudiantado.

No curso 2019/2020 xeráronse dez novos grupos de innovación docente. Este tipo de grupos permite reflexionar sobre a práctica docente e constitúe un marco idóneo para impulsar o traballo cooperativo entre docentes de diferentes centros e ámbitos disciplinares que comparten obxectivos comúns.

3.4.3. Accións de tutorización do estudiantado

Un plan de acción tutorial é un conxunto ordenado de accións previamente planificadas e coa colaboración da comunidade universitaria que ten por finalidade guiar, orientar e acompañar o estudiantado durante os seus estudos universitarios.

A incorporación da acción tutorial á educación superior é recente. Os factores que propiciaron a súa implantación nas universidades españolas son:

- A necesidade de adaptación aos requisitos do espazo europeo de educación superior.
- A implantación dos sistemas de garantía de calidade.
- Tomar accións fronte ás novas necesidades da universidade e a heteroxeneidade dos e das estudantes que acceden a ela.
- Responder á esixencia social sobre o rendemento e os resultados do sistema universitario.
- Permitir a detección de necesidade e de identificación de puntos febles e puntos fortes en cuestións académicas e docentes.

Unha acción tutorial está dirixida a facilitar a integración do estudiantado na institución e serve de ponte entre o estudiantado e os diferentes servizos. Ademais, contribúe a personalizar a educación universitaria e dá soporte ao estudiantado no seu proceso de formación.

A tutoría mellora, ademais, a docencia universitaria e implica un aumento na calidade dos servizos que se ofrecen, polo que supón un trazo de prestixio para a universidade.

Por outra parte, o MEET-UVigo consiste en que estudiantado dos últimos anos de grao exerza de mentor de estudiantado de primeiro curso. Para poder desenvolver este labor os/as estudantes mentores reciben unha formación intensiva en competencias transversais.

Esta práctica comezou na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións. Nun primeiro momento, a formación era impartida por profesionais do *coaching*, pero para poder transferir esta práctica a máis centros optouse por formar intensivamente un grupo de profesores/as da Universidade de Vigo para que se encargasen da tarefa.

No ano académico 2019/2020 participaron as seguintes titulacións:

- Tecnoloxías de Telecomunicación
- Linguas Estranxeiras
- Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Enerxía
- Química
- Ciencias do mar

No ámbito xeral, a participación de diferentes membros da universidade, tanto estudiantado coma profesorado, é sumamente positiva: xera un sentimento comunitario e de identificación cos valores da institución e promove a convivencia e a participación activa nos procesos da universidade. Estes lazos afectivos prolónganse no tempo e considéranse un elemento de arraigo e de identificación persoal e colectiva.

O/A estudante que quere ser mentor/a ten que estar nos últimos anos dos graos que participan no proxecto e recibir unha formación de máis de 98,5 horas en competencias transversais. Esta formación está orientada ás competencias transversais de traballo en equipo, comunicación, intelixencia emocional e social, liderado, organización e xestión do tempo... Ao longo do curso terá que preparar, xunto ao seu coordinador/a do PAT,

oito reunións sobre diferentes temáticas para traballar co estudiantado mentorizado e asistir ás reunións de seguimento.

Coa adquisición e posta en práctica destas competencias, o estudiantado mentor mellorará a súa inserción no mercado laboral, e o estudiantado mentorizado pasa a ter un papel activo e responsable na súa propia aprendizaxe e na súa vida.

O estudiantado de primeiro curso está inmerso nun proceso de transición chave, o paso do ensino secundario ao superior. O cambio supón a aparición de diferentes dificultades que poden ter consecuencias imprevisibles e que poden provocar o abandono dos estudos. Entre as necesidades que atopa o estudiantado de primeiro curso están o descoñecemento das esixencias que formula a universidade, o desenvolvemento non adecuado das aptitudes específicas respecto ao tipo de titulación cursada, aspectos de índole actitudinal, adiamento continuo de responsabilidades ou a desaparición do control tutelar do profesorado da educación secundaria. A/O estudante mentorizado comprométese a asistir ás reunións e a participar activamente no proceso de mentorado. A situación sanitaria fixo que houberse modificacións respecto ao seu desenvolvemento.

Con respecto aos proxectos de innovación educativa (ApS), impulsados en colaboración coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para fomentar a metodoloxía da aprendizaxe-servizo, durante o ano 2020 renováronse os que por mor da pandemia non puideron rematar as actuacións que tiñan previstas e así completar o ciclo do proxecto.

3.4.4. Calidade na docencia

A calidade percibida polos axentes ou polos grupos de interese implicados nos nosos ensinos mostra o grao de satisfacción coas súas necesidades e expectativas, que deben ser avaliadas e satisfeitas con criterios de excelencia.

O programa de medición da satisfacción é un programa propio da nosa universidade baseado nos estándares nacionais e internacionais e nas esixencias de calidade no EEES. O seu obxectivo é recoller e analizar información válida e fiable respecto da satisfacción do estudiantado e doutros grupos de interese cos programas formativos que permita contribuír á súa mellora e á mellora da nosa universidade.

A recollida e a análise de información esténdese aos grupos de interese máis relevantes relacionados coas titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento (estudiantado, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, titulados e tituladas e mais empregadores).

As medicións da satisfacción institucionais seguen os estándares normativos para deseñar as metodoloxías de medición máis axeitadas ao grupo de interese e ao tipo de información que se precisa recoller: realízanse enquisas e fanse grupos de discusión, fanse as medicións, elabóranse e difúndense os resultados, e analízanse estes para tomar decisións de mellora.

Estes resultados, ademais, son unha valiosa fonte de información para mellorar os programas de calidade, como o sistema de garantía dos centros ou o seguimento e a acreditación das titulacións oficiais.

Durante o 2019/2020 realizáronse enquisas de satisfacción para o estudiantado, as persoas tituladas, o Programa de maiores e estudiantado de doutoramento de 1.º e 3.º ano.

Enquisa de satisfacción do estudiantado

Con respecto á enquisa de satisfacción do estudiantado, a participación por centro é moi variable dende un 73 % da Facultade de Historia, un 74 % da Facultade de Fisioterapia, a un 14 % da Escola Universitaria de Enfermaría de Pontevedra ou o 18 % da Facultade de Turismo. Por titulacións, o PCEO do Grao en Turismo e Xeografía e Historia ten un 100 % de participación, o Mestrado en intervención multidisciplinar na diversidade ten un 84 % e o Grao en Xeografía e Historia ten un 81 %; mentres que o Mestrado en prevención

de riscos laborais, o Grao en Comercio, da EU de Estudos Empresariais, e o Grao en Primaria de Pontevedra teñen unha participación dun 10 %, 12 % e 13 %, respectivamente.

O estudantado sobre o que se realiza a enquisa son persoas que cursaron por primeira vez algunha materia de 3.º curso de grao ou de 1.º curso de mestrado no curso 2019/2020. As preguntas corresponden aos seguintes bloques: xestión da titulación, recursos, resultados e calidade xeral da titulación. No primeiro bloque as preguntas relaciónanse coa organización e co desenvolvemento da titulación, a información recibida sobre esta ou o sistema de garantía de calidade. No bloque de recursos as preguntas versan sobre os recursos humanos e os materiais destinados á titulación. Mentres que nos resultados se centran nos resultados da aprendizaxe, a formación recibida e a capacidade para aplicar habilidades e destrezas. O último bloque presenta tres preguntas abertas sobre a calidade xeral percibida da titulación. A valoración das preguntas é nunha escala de 1 a 5, onde 1 é a valoración máis negativa e 5 a máis positiva.

Os mellores resultados por centro obtéñense na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e na Facultade de Historia, con 3,85 e 3,71, respectivamente. O resultado máis baixo é para a Facultade de Belas Artes, con 2,45. Por titulación as que mellor puntuación reciben son o Mestrado en dirección e planificación do turismo interior e de saúde, cun 4,51; o Mestrado en dirección pública e liderado institucional, cun 4,39; e o Mestrado en xestión empresarial do deporte, con 4,35. Mentres que os que peores resultados obteñen son o Mestrado en deseño e dirección creativa en moda, cun 1,91; o Mestrado en oceanografía, cun 2,10; e o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, cun 2,40.

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas

A enquisa de satisfacción coas persoas tituladas realízase sobre unha mostra de persoas que remataron os seus estudos de grao ou de mestrado no curso 2018/2019, e realízase entre febreiro e abril de 2020. O cuestionario desenvólvese nun primeiro bloque no que se pregunta sobre a xestión da titulación, a organización e o seu desenvolvemento, a información e a transparencia, e o sistema de garantía de calidade; no bloque de recursos consúltase sobre os recursos humanos e materiais; no bloque de resultados, sobre os resultados de aprendizaxe; e no bloque sobre prácticas e experiencia, sobre as prácticas externas e a experiencia profesional. Por último, o cuestionario péchase con tres preguntas abertas sobre a valoración da titulación, a posibilidade de recomendar a titulación e sobre as melloras que se deberían incorporar, así como un apartado para comentarios. A valoración é sobre unha escala de 1 a 5, onde 1 é o máis negativo e 5 o máis positivo.

Con respecto a participación, a porcentaxe media é dun 39 %. En relación cos resultados, cabe destacar que o índice de satisfacción xeral é de 3,39; que un 23 % das persoas que realizaron a enquisa traballan nun ámbito relacionado coa súa titulación; e un 49 % recomendaríalles a súa titulación a outras persoas. As puntuacións por bloque son moi similares: un 3,76 para o bloque de prácticas, un 3,66 para información e transparencia, un 3,58 para recursos humanos ou un 3,55 para recursos materiais e servizos.

Enquisa de satisfacción do Programa de maiores

Con relación ás enquisas de satisfacción do Programa de maiores, a media de satisfacción xeral é de 4,70; o campus de Ourense é o que mellor puntuación obtén, cun 4,83, seguido do de Pontevedra e Vigo cun 4,80 e 4,61, respectivamente. Os ítems polos que se pregunta son sobre a organización das actividades e das tarefas polo profesorado, se este favorece a participación, se resolve con claridade as dúbidas, se as actividades propostas contribúen a acadar os obxectivos ou se facilitou a aprendizaxe. Por materias, son un total de 13 as que reciben a máxima puntuación de 5 puntos, que van dende a Unión Europea, o taller de literatura, os microorganismos e a saúde humana ou o inglés, entre outras.



Enquisas de satisfacción do estudiantado de doutoramento

No curso 2019/2020 realízase a enquisa de satisfacción cos programas de doutoramento para o estudiantado que cursa o primeiro ano o programa e para o que o cursa por terceiro ano. As preguntas que realizadas están agrupadas en tres bloques: a información xeral do programa e os procedementos administrativos deste; os axentes implicados (coordinador/a, titor/a, director/a de tese, profesorado, persoal administrativo, funcionamento da Sección de Posgrao da UVigo e da Escola Internacional do Doutoramento); e os recursos do programa ou a oferta informativa.

A media obtida en cada un dos bloques para o estudiantado de 1.º ano é de 3,52, 3,99, 4,49, 4, 4,38 e unha media xeral de 4,15 puntos sobre 5. Mentres que a media obtida na en cada un dos bloques para o estudiantado de 3.º é de 3,21, 3,86, 4,45, 4,31 4,21 e unha media de 4,01 sobre 5 puntos.

Enquisa de satisfacción do PAS

Na enquisa de satisfacción do PAS a mostra corresponde ao PAS funcionario e laboral adscrito aos centros académicos, persoal que está en condicións, polas características do seu posto de traballo, de valorar o funcionamento das titulacións. A enquisa realizouse entre novembro de 2018 e febreiro d 2019; polo tanto, estes son os últimos datos de satisfacción do colectivo PAS dos que dispoñemos.

As preguntas correspóndense cos seguintes bloques relacionados todos eles co centro e coas súas titulacións: información xeral, comunicación, recursos humanos, recursos materiais, xestión da calidade, xestión da titulación e dúas preguntas abertas sobre o que máis valoran das titulacións e as melloras que consideran que se deberían incorporar. Nas enquisas son invitadas a participar un total de 631 persoas, das cales participan 175, cunha participación variable entre centros, dun 100 % na Facultade de Historia a un 0 % na Facultade de Ciencias do Mar. Esta variabilidade tamén se percibe nos resultados, onde cabe destacar unha puntuación máxima (de 5 puntos) en todos os ítems para a Facultade de Ciencias.

Enquisa de satisfacción do PDI

A mostra neste caso é todo o profesorado dos graos e dos mestrados. O cuestionario ten os seguintes bloques: obxectivos e competencias, a planificación das ensinanzas, os recursos humanos, a orientación ao estudiantado e a xestión da calidade, así como dúas preguntas abertas sobre o máis valorado na titulación e que melloras se deberían realizar. Os datos aquí reflectidos corresponden á enquisa realizada en 2018/2019, que é a última da que temos datos dispoñibles. A participación nesta edición é dispar por centros e por titulacións, dende un 88,46 % da Facultade de Historia a un 15,97 % da Facultade de Belas Artes.

3.5 A responsabilidade social na investigación, na divulgación e na transferencia do coñecemento



3.5.1. Grupos de investigación en áreas vinculadas coa responsabilidade social

Discapacidade	<p>Equipo de Psicología Evolutiva da Educación (HI9)</p> <p>Didáctica Especial 6. Actividade Física, Expresión e creatividade (HI6)</p> <p>Investigación Educativa (DO1)</p> <p>Tracker. Laboratorio Visual (DX7)</p> <p>Literatura Infantil e Xuvenil Angloxermana e a súa Tradución (AI1)</p> <p>Grupo de Investigación de Lingua Española e Linguas Signadas (GRILES)</p> <p>Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES)</p> <p>Wellness and movement research group (HI23)</p> <p>Educación, Actividade Física e Saúde-GIES (DE3)</p> <p>HealthyFit (HI22)</p> <p>Organización e Comercialización (OC2)</p> <p>Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST)</p> <p>Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS)</p>
Ergonomía	<p>Equipo de Enxeñaría e Deseño (EG2)</p> <p>Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10)</p> <p>Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS)</p>
Enfermedades dexenerativas (alzhéimer, ELA, párkinson, demencias etc.)	<p>Medicina e Saúde Pública (MP1)</p> <p>Valorización da Linguaxe e Categorización Textual (HI19)</p> <p>HealthyFit (HI22)</p> <p>Wellness and movement research group (HI23)</p>
Autismo	<p>Nutricion & Food Science Group (NF1)</p> <p>Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3)</p> <p>Grupo Sistemas Informáticos de Nova Xeración-SING (SI4)</p>

	<p>Grupo de Tecnoloxías da Información (TC1)</p> <p>Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES)</p>
Lingua de signos	<p>Equipo de Lingua Española e Linguas Signadas (GRILES)</p> <p>Gramática, Discurso e Sociedades (GRADES-HO6)</p>
Invidentes	<p>Tracker. Laboratorio Visual (DX7)</p> <p>Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS)</p>
Maiores e saúde	<p>Equipo de Intervención Educativa na Actividade Física para a Promoción da Saúde-HealthyFit (HI22)</p> <p>Equipo de Bioenxeñaría e Cronobioloxía (SC4)</p> <p>Medicina e Saúde Pública (MP1)</p> <p>Equipo de Economía, Sociedade e Territorio-ECOSOT (EA7)</p> <p>Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1)</p> <p>Educación, Actividade Física e Saúde-GIES (DE3)</p> <p>Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10)</p> <p>Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS)</p> <p>Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST)</p>
Envellecemento activo	<p>Equipo de Bioenxeñaría e Cronobioloxía (SC4)</p> <p>Equipo de Intervención Educativa na Actividade Física para a Promoción da Saúde-HealthyFit (HI22)</p> <p>Tracker. Laboratorio Visual (DX7)</p> <p>Organización e Comercialización (OC2)</p> <p>Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10)</p> <p>Wellness and movement research group (HI23)</p> <p>Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST)</p>
Minorías étnicas, pobreza e exclusión social	<p>Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3)</p> <p>Equipo de Economía, Sociedade e Territorio-ECOSOT (EA7)</p> <p>Dereito Mercantil e do Traballo (DT1)</p> <p>Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES-UVigo)</p> <p>Gramática, Discurso e Sociedades (GRADES)</p> <p>Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14)</p>
Prevenición da violencia (xjuvenil, maltrato). Mediación familiar	<p>Psicoloxía Xurídica (PS1)</p> <p>Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1)</p> <p>Equipo de Dereito Procesual (DL1)</p>

	<p>Negociacións Textuais e Culturais no Ámbito Anglófono (NeTec)</p> <p>Grupo de Investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (BIFEGA)</p> <p>Feminario Interdisciplinar Teoría Feminista e Teoría QUEER (FH1)</p> <p>Dereito Penal (DP1)</p> <p>Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14)</p>
	<p>Didáctica Especial 6. Actividade Física, Expresión e creatividade (HI6)</p> <p>Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES-UVigo)</p> <p>Equipo de Economía, Sociedade e Territorio-ECOSOT (EA7)</p> <p>Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1)</p> <p>Dereito Penal (DP1)</p> <p>Equipo: Tradución & Paratradución (T&P) (TI4)</p> <p>Grupo de Investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (BIFEGA)</p> <p>Grupo de Negociacións Textuais e Culturais no Ámbito Anglófono (NeTec)</p>
Inmigrantes, menores, maiores, mulleres	<p>Procesos de Resistencia na Arte Contemporánea Española (PRACE)</p> <p>Literatura Infantil e Xuvenil Angloxermana e a súa Tradución (AI1)</p> <p>Feminario Interdisciplinar Teoría Feminista e Teoría QUEER (FH1)</p> <p>Equipo Psicología Xurídica (PS1)</p> <p>Grupo de Dereito Procesual (DL1)</p> <p>Grupo de Investigación en Comunicación (CS1)</p> <p>Educación, Actividade Física e Saúde (GIES)</p> <p>Investigación Aplicada en Ciencia Política e Socioloxía (CPS1)</p> <p>Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14)</p> <p>Grupo de Análise Empresarial GRUPAEM</p>
	<p>GIST (Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos)</p> <p>Equipo de Psicología Evolutiva da Educación (HI9)</p>
Accesibilidade das TIC en persoas con deficiencias, discapacidades, minusvalías. Aprendizaxe en liña	<p>Didáctica Especial 6. Actividade Física, Expresión e creatividade (HI6)</p> <p>Grupo Sistemas Informáticos de Nova Xeración-SING (SI4)</p> <p>Grupo de Tecnoloxías da Información (TC1)</p> <p>Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES)</p>
	<p>Dereito Mercantil e do Traballo (DT1)</p>
Responsabilidade Social Corporativa (RSC)	<p>G4 Plus Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorio (OC1)</p> <p>Equipo de Márketing-Vigo (I-MARK)</p>

	<p>Research Group In Economic Analysis, Accounting and Finance-RGEAF (EA8)</p> <p>Grupo de Investigación en Comunicación (CS1)</p> <p>Organización de Empresas e Márketing 2 (OE5)</p> <p>Investigación en Comunicación para o Servizo Público (SEPCOM)</p>
Ética	<p>Equipo: Tradución & Paratradución (T&P) (TI4)</p> <p>Research Group In Economic Analysis, Accounting and Finance-RGEAF (EA8)</p> <p>Agrupación Grupos de Investigación de Dereito Administrativo e Filosofía do Dereito-AGAF</p>
Cooperación internacional	<p>G4 Plus Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorio (OC1)</p> <p>Historia Contemporánea 1 (HC1)</p> <p>Empresa Internacional e Capital Intelectual (EF5)</p> <p>MEDEA Iuris (MDA-I)</p>
Benestar	<p>Equipo de Economía, Sociedade e Territorio-ECOSOT (EA7)</p> <p>Group of Researchers in Empirical Economics-GRIEE (EA10)</p>
Pegada ecolóxica	<p>Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia (EA5)</p> <p>MEDEA Iuris</p> <p>REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3)</p> <p>ERENEA (Economía dos Recursos Naturais e Ambientais) (HI8)</p> <p>Governance And Economics Research Network (GEN)</p> <p>Colaboración e Innovación para a Equidade Educativa e Social (CIES)</p> <p>Organización e Comercialización (OC2)</p> <p>Agrobioloxía Ambiental: Calidade, Solos e Plantas (BEV1)</p> <p>Laboratorio de Biotecnoloxía Vexetal: Fisioloxía, Bioloxía Molecular, Melora, Protección e Producción Vexetal (BV6)</p> <p>Enxeñaría Agroforestal (AF4)</p> <p>Enxeñaría Química Enerxética e Ambiental (EQEA)</p> <p>GTE (Grupo de Tecnoloxía Enerxética) (EM1)</p> <p>Biotecnoloxía e Calidade en Industrias Agroalimentarias e Medio Ambiente (ByCIAMA)</p> <p>Bioloxía Ambiental (BA2)</p> <p>Ecoloxía Animal (GEA)</p> <p>Investigacións agrarias e alimentarias (AA1)</p>
Explotación sostible dos recursos	<p>Ecoloxía e Zooloxía (EZ1)</p> <p>Ecoloxía Acuática (RE1)</p>

	Planta, Solo e Aproveitamento de Subprodutos (BV1) NEV (Nutrición e Viticultura) (AG1) MEDEA IURIS
Dependencia	Group of Researchers in Empirical Economics-GRIEE (EA10) Equipo de Psicología Xurídica (PS1)
Riscos laborais	Equipo de Dereito do Traballo e da Seguridade social (DT1) Dereito Penal (PD1)

3.5.2 Responsabilidade nas actividades de divulgación científica

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo, dependente organicamente da Vicerreitoría de Investigación e da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, comezou o seu camiño en marzo de 2019 e abrangue cinco grandes liñas de actuación:

- Difusión dos resultados da I+D+i desenvolvida na Universidade de Vigo e o seu impacto na sociedade, así como a posta en valor da investigación e da figura da persoa investigadora.
- Divulgación xeral de ciencia e tecnoloxía.
- Asesoramento e formación ao corpo investigador en comunicación científica e comunicación social da ciencia.
- Fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas.
- Investigación nos procesos da comunicación social da ciencia.

A UCC+i traballa con todos os ámbitos de coñecemento que desenvolve a investigación da Universidade de Vigo: científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social e prestando especial atención ás consideracións de xénero.

Os principais grupos de interese e público obxectivo das súas actividades son, fundamentalmente:

- Público xeral. A poboación da zona de influencia, o conxunto da sociedade.
- Poboación nova, escolares e mocidade en idade de escoller o seu camiño académico.
- Persoal investigador da propia institución.
- *Tecido industrial, en menor medida.*

Para alcanzar estes públicos, a UCC+i mantén unha serie de canles que na súa maior parte son actualizados a diario. Ademais, durante a excepcionalidade de 2020 abriron novas vías de comunicación cos seus grupos de interese, tratando de que a complicada e grave situación sanitaria tivese o menor impacto no seu labor de divulgación e fomento da cultura científica no momento no que esta é máis necesaria.

Recóllense a continuación algunhas das accións desenvolvidas no ano 2020.

Mantemento e actualización de contidos da páxina web e das redes sociais da UCC+i

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo conta con perfís propios nas diferentes redes sociais, co fin de ter canles de comunicación efectivas e directas que cheguen a ciencia e os

traballos de investigación da institución á sociedade. Con este mesmo fin, tamén foi creada unha páxina web propia desta unidade. Dende que se crearon, na UCC+i fíxose unha actualización diaria da web e das redes sociais, compartindo noticias de interese, difundindo resultados de investigación, tratando de fomentar vocacións científicas e compartindo material audiovisual de creación propia, ademais de dar difusión ás diferentes actividades de divulgación científica organizadas dende a universidade.

A web da UCC+i pode consultarse dende a seguinte ligazón: <http://ucc.webs.uvigo.gal/>.

As redes sociais nas que a unidade ten presenza e os seus datos máis relevantes do ano 2020 son os recollidos a continuación:

- Facebook: 295 publicacións, 687 persoas ás que lles gusta e 813 seguidores/as.
- Twitter: 309 tuits e 554 seguidores/as.
- Instagram: 104 publicacións e 663 seguidores/as.
- LinkedIn: 266 publicacións e 538 seguidores/as.
- Youtube: 27 vídeos publicados e 71 subscritores/as.

Xeración de contido audiovisual para redes sociais

Co obxectivo de achegar maior dinamismo ás redes sociais da UCC+i e, sobre todo, coa intención de achegar o coñecemento e o traballo do persoal investigador da universidade á sociedade, elaboráronse varias pezas audiovisuais de curta duración: vídeo *Que facemos?*, do Grupo de Novos Materiais; vídeo *Que facemos?*, do Grupo Ecosot (Economía, Sociedade e Territorio); vídeo promocional de «Quero ser investigadora»; vídeo *Que facemos?*, do Grupo EPhysLab (Environmental Physics Laboratory); vídeo *Que facemos?*, do Laboratorio de Endocrinoloxía (LabEndo); vídeo promocional da «Aula aberta á tecnociencia», da Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía; serie de vídeos «Unha cuestión de ciencia»: *Porque cantan os grilos?*, *Como evitar o despoboamento do rural galego?*, *Que produce o cheiro da terra mollada?*, *Que é a nomofobia?*, *Que é a certificación PEFC?*, *De onde proceden os primeiros habitantes de Galicia?*, *Que é a dramaterapia?*, *Como afecta a vespa velutina a biodiversidade?*, *Que é a bioluminiscencia mariña?*, *Están relacionados o cambio climático, a biodiversidade e a aparición de novas enfermidades?*, *Que é o 5G?*; vídeo *Que facemos?*, especial covid-19.

Estes recursos audiovisuais poden consultarse na seguinte ligazón:

<http://ucc.webs.uvigo.es/recursos/recursos-audiovisuais/>.

Obradoiros «Elas fan Cientec 2020»

En colaboración coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, o Centro de Investigación Biomédica (Cinbio) e as tres escolas de enxeñaría do campus de Vigo: a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía, realizáronse obradoiros para fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas de rapazas de secundaria de institutos de nosa contorna, con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Aos que asistiron un total de 185 alumnas de catro institutos de Vigo e concellos próximos.

Publicación *Quero ser investigadora*

En marzo de 2020 publicouse e presentouse oficialmente o libro *Quero ser investigadora*, da Unidade de Cultura Científica e da Innovación, coincidindo co acto institucional do Día Internacional da Muller.

Esta publicación consta de dez pequenas historias, ao xeito dun conto, a través das que se difunde a experiencia e as vivencias de dez científicas que apostaron por facer o que lles gusta e por colaborar no avance da sociedade traballando dende a Universidade de Vigo. O principal obxectivo desta publicación da UCC+i é valorar e

visibilizar mulleres científicas contemporáneas, pioneiras en moitos casos, e espertar a vocación investigadora entre os máis cativos e cativas, con figuras femininas da súa contorna como referencia.

Dende que foi presentada oficialmente, dende a UCC+i fíxose un intenso labor de difusión en RRSS, ademais de realizar o envío de exemplares en papel a centros educativos da nosa contorna.

Versión dixital da publicación *Quero ser investigadora*:

http://ucc.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/03/Quero-ser-investigadora_libro_electr%C3%B3nico_baixa.pdf

Coordinación do espazo radiofónico *Bata, bata, bits*

A partir do mes de abril, coordinouse dende a UCC+i toda a produción do espazo radiofónico mensual *Bata, Bata, Bits*, emitido en Radio Vigo Cadena Ser. Trátase dun espazo dirixido a difundir o traballo de investigación desenvolvido na Universidade de Vigo.

En 2020 fixéronse seis entrevistas sobre diferentes temáticas cos seguintes protagonistas:

- Soledad Torres Guijarro, investigadora do Grupo de Tecnoloxías Multimedia
- Sandra Rojas Nossa, investigadora do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal
- José Manuel García Estévez, director da Ecimat
- Natalia Caparri, vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria
- Belén Rubio, vicerreitora de Investigación
- Jesús Simal, catedrático responsable do grupo de investigacións Agro-Ambientais e Alimentarias

Ademais, de especial relevancia foi a produción dun programa monográfico especial que, coincidindo co Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento, tratou diferentes temas relativos á investigación da Universidade de Vigo como, por exemplo, a achega desta institución na loita contra a covid-19 a través de diversos proxectos.

Charlas en directo no Facebook da UCC+i

Durante os meses de confinamento, a UCC+i tivo que adaptarse ás circunstancias e tirar de creatividade e de moito empeño para poder seguir ofrecendo contidos divulgativos atractivos e que escapasen da necesidade de presencialidade. Neste contexto, organizáronse e difundíronse seis charlas en directo na páxina de Facebook da UCC+i, nas que contamos coa implicación e coa colaboración de persoal investigador da universidade, encargado de divulgar o seu coñecemento e o seu traballo á sociedade en xeral. Estes son os datos que resumen a organización destas seis charlas:

- «Unha investigadora polo mundo». Relatora: Anais Rivas Torres, investigadora do grupo Ecoloxía Evolutiva e da Conservación da Universidade de Vigo. Data: 2 de abril de 2020. Tivo entre 25 e 30 persoas conectadas e un alcance de entre 200 e 300 persoas.
- «Silvicultura preventiva: ferramentas para a xestión forestal». Relator: Juan Picos, director da Escola de Enxeñaría Forestal da Universidade de Vigo. Data: 22 de abril de 2020. Tivo unha media de 50 persoas conectadas e un alcance estimado de 620 persoas
- «Leccións cruzadas entre as políticas climáticas e a crise da covid-19». Relator: Xavier Labandeira, catedrático de Economía da Universidade de Vigo. Data: 28 de abril de 2020. Tivo unha media de 40 persoas espectadoras conectadas e un alcance estimado de 753 persoas.
- «Covid-19: como predicir a súa evolución». Relator: Humberto Michinel, catedrático da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo do campus de Ourense. Data: 4 de maio de 2020. Tivo unha media de 25 persoas espectadoras en vivo e un alcance estimado de 1505 persoas.

- «Baixo a terra». Relatora: Beatriz Comendador Rey, coordinadora do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (Geaat). Data: 18 de maio de 2020. Tivo unha media de 28 persoas espectadoras en vivo e un alcance estimado de 887 persoas.
- «Drons en tarefas de limpeza de superficies». Relator: Higinio González, profesor titular da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo do campus de Ourense. Data: 25 de maio de 2020. Tivo unha media de 10 persoas espectadoras en vivo e un alcance estimado de 331 persoas.

Guía didáctica *Quero ser investigadora*

Ao longo do mes de abril elaborouse unha pequena guía didáctica cunha proposta de actividades para acompañar a publicación *Quero ser investigadora*. Esta guía didáctica, dirixida principalmente a rapazas e rapaces de ensino secundario, lanzouse no mes de maio na web e nas RRSS da UCC+i co fin de favorecer o traballo coa publicación que acompaña.

Versión dixital da guía didáctica:

http://ucc.webs.uvigo.gal/wp-content/uploads/2020/05/Guia_didactica_final.pdf.

Charlas virtuais polo mes da ciencia en galego

Dende finais de outubro ata principios do mes de decembro tiveron lugar varias charlas divulgativas impartidas de maneira virtual co alumnado de primaria do CEIP Pintor Laxeiro da cidade de Vigo. Foron un total de seis charlas, organizadas pola UCC+i e impartidas polo seguinte persoal investigador da Universidade de Vigo:

- Algunhas das protagonistas de *Quero ser investigadora* foron Ana Garriga, investigadora do Departamento de Dereito Privado; Diana Valverde, investigadora do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía; e Francisca Fariña, catedrática de Psicoloxía Básica e Psicoloxía Xurídica do Menor.
- Algúns dos protagonistas do almanaque da ANL do ano 2020 dedicado á investigación e á divulgación científica en galego foron Lourdes Maceiras, do grupo de investigación en Medicina e Saúde Pública; Manuel A. Pombal, do grupo de investigación de Neurobioloxía de Lampreas-Neurotam e Inmaculada Báez, do grupo de investigación Griles.

Iniciativa 11 de febreiro

Dende finais de outubro e ao longo dos meses de novembro e de decembro coordinouse dende a UCC+i a preproducción das charlas do persoal investigador da Universidade de Vigo dentro da «Iniciativa 11 de febreiro» para a súa próxima edición de 2021, coa que se conmemorará un ano máis o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

Coordinación con *The conversation España*

A partir do mes de outubro, a UCC+i encárgase de coordinar as publicacións do persoal investigador da Universidade de Vigo na edición española da publicación dixital de divulgación científica *The Conversation*.

No tramo final de 2020, 23 investigadores e investigadoras da universidade puxéronse en contacto coa revista para colaborar con artigos divulgativos sobre diferentes temas e publicáronse catro artigos asinados por persoal da institución:

- Ríos atmosféricos, las autopistas aéreas que regulan el clima
<https://theconversation.com/rios-atmosfericos-las-autopistas-aereas-que-regulan-el-clima-150006>
- 5G: más conexiones, más rápidas y con mayor cobertura

<https://theconversation.com/5g-mas-conexiones-mas-rapidas-y-con-mayor-cobertura-149577>

- Así se comporta el putero confinado

<https://theconversation.com/asi-se-comporta-el-putero-confinado-150047>

- ¿Por qué existen diferentes vacunas contra la gripe?

<https://theconversation.com/por-que-existen-diferentes-vacunas-contra-la-gripe-151703>

Promoción, asesoramento e apoio ao persoal investigador en proxectos de cultura científica

Ao longo de 2020, a UCC+i deu a coñecer as convocatorias dispoñibles para financiar actividades de divulgación científica que permitan comunicar ciencia, dar visibilidade á figura da persoa investigadora, os resultados das súas investigacións e outras accións relacionadas coa comunicación social da ciencia.

Ademais da planificación anual propia, coas súas accións e proxectos, a UCC+i traballa para instaurar unha cultura dunha maior e mellor comunicación e divulgación científica entre o persoal investigador da universidade, que redunde á súa vez nun aumento de oferta e de dispoñibilidade de cara á cidadanía.

Apoio ao itinerario formativo de xénero

A finais de 2020, a UCC+i empezou a colaborar co itinerario formativo virtual de xénero da Unidade de Igualdade, que busca ofrecerlle formación neste campo ao persoal da universidade.

Concretamente, os tres cursos que se comezaron a preparar a finais de 2020 para ofertar en 2021 foron os da edición especial 11F:

- A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e na innovación
- Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i das TIC
- Mulleres e ciencia

3.5.3 A responsabilidade na transferencia

A Oficina de I+D ten como misión levar a cabo labores de transferencia das capacidades e resultados de I+D+i desenvolvidos na Universidade de Vigo cara á contorna socioeconómica. Este labor enmárcase dentro da chamada terceira misión da universidade, especialmente no que a innovación e emprendedurismo se refire.

A promoción da colaboración activa entre a comunidade investigadora e o tecido produtivo e a creación de empresas baseadas no coñecemento contribúen a xerar crecemento e riqueza. Deste xeito, acádase o obxectivo de que os resultados da investigación xerados polos investigadores e investigadoras sexan aproveitados para o avance da sociedade a través dun desenvolvemento sostible e responsable.

A Oficina de I+D traballa no fomento da colaboración entre a comunidade investigadora e as empresas e institucións, actuando como punto de enlace entre os grupos de investigación e o tecido produtivo, favorecendo o transvasamento á sociedade do coñecemento xerado nos laboratorios universitarios e acompañando a negociación e o desenvolvemento destas colaboracións.

Nesta interacción, os *hubs* de innovación dixital (DIH) están a cobrar un importante protagonismo como nodos de contacto entre a industria e os centros xeradores de coñecemento. Impulsados dende a Comisión Europea, a Universidade de Vigo participa nos tres existentes actualmente en Galicia (DIHGIGAL, DataLife e Infabhub) como peza fundamental na colaboración público-privada e na consolidación do ecosistema innovador galego.

A Oficina de I+D tamén contribúe a fomentar o desenvolvemento de grandes proxectos colaborativos entre universidade, centros tecnolóxicos e empresas. Un claro exemplo é o proxecto Facendo 4.0, promovido por un consorcio liderado por PSA Peugeot Citroën (actualmente Stellantis), que no ano 2020 obtivo un

financiamento de máis de 9 millóns de euros na convocatoria de Fábrica do futuro, fábrica intelixente e sostible da industria 4.0 da Xunta de Galicia.

A través da utilización de ferramentas de información como a base de datos BIDI (<http://bidi.uvigo.gal>), que recolle a oferta de capacidades de máis de 200 grupos de investigación, ou os catálogos que recollen a oferta de I+D+i en diferentes sectores como a biotecnoloxía, os recursos mariños, a agroalimentación, as ciencias humanas e sociais, as TIC, as enerxías renovables e medio ambiente, o sector naval, a construción ou a acuicultura, búscase ofrecerlle á sociedade todo o potencial científico, tecnolóxico, humanístico e social da nosa universidade.

Ademais, a UVigo conta cunha extensa carteira de resultados de I+D+i conformada por máis de 235 patentes, tecnoloxías, e *know-how* dispoñibles para o seu licenciamento e explotación. No ano 2020 asináronse un total de 548 actividades de I+D+i por un importe de 5 237 897,22 €

Outra das achegas da universidade ao desenvolvemento social é a creación de empresas promovidas polo seu persoal investigador que explotan o coñecemento xerado na UVigo e serven para achegar valor, crear emprego de alta cualificación e contribuír á creación dunha economía baseada no coñecemento. Neste ámbito, no ano 2020 creáronse na Universidade de Vigo dúas empresas vencelladas aos vehículos aéreos non tripulados e á oceanografía, que se suman a outras 46, e que dende os inicios da Universidade de Vigo constituíron unha importante fórmula de transferencia e de explotación do coñecemento.

A maduración de resultados xerados pola comunidade investigadora e o acompañamento a través de todo o proceso de valorización, necesario para que un resultado poida ser explotado con certas garantías, é unha das funcións destacadas que se desenvolven na Oficina de I+D. Neste eido é preciso asegurar aspectos como a protección do coñecemento, a realización de probas piloto ou a elaboración de plans de negocio, estudos de mercado ou plans de empresa, que permitan eliminar todas as incertezas que xeran os novos produtos e servizos antes de chegar ao mercado.

Un bo exemplo deste proceso é o programa IGNICIA da Axencia Galega de Innovación (GAIN) no que a Universidade de Vigo acadou o financiamento de cinco proxectos para os que se deseñou unha estratexia de chegada ao mercado, ben creando *spin-offs*, ben licenciando a tecnoloxía.

O ano 2020 estivo marcado pola crise global provocada pola covid-19 e a Universidade de Vigo achegou o seu potencial investigador e de coñecemento para loitar contra a pandemia. Por exemplo, no ámbito da convocatoria de proxectos da Axencia Galega de Innovación (GAIN), dende a UVigo presentáronse nove propostas, relacionadas coa desinfección de superficies utilizando técnicas como os sistemas aéreos non tripulados, o plasma atmosférico frío (PAF) ou a radiación ultravioleta. Tamén se propuxeron solucións para predicir escenarios de afectación da covid ou simulacións do risco epidémico do coronavirus, ou a investigación inmunitaria e epidemiolóxica, empregando técnicas de *Machine Learning* e *Deep Learning*.

3.5.4 Centros de investigación: AtlanTTic, CIM, Cinbio e Cintecx

A evolución e a consolidación das agrupacións de investigacións aconsellan establecer centros singulares de investigación como estruturas específicas. Estes centros axúdannos a prestar un marco legal axeitado aos labores de I+D+i no ámbito da súa competencia xa teñan un carácter estratéxico sectorial ou transversal, ademais de dar apoio instrumental, científico e tecnolóxico.

Centro Atlántico de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicación (AtlanTTIC)

<http://atlanttic.uvigo.gal/gal/o-centro/>

AtlanTTic é o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación impulsado pola Universidade de Vigo. O Centro, asentado no campus vigués, desenvolve a súa actividade científica no ámbito da privacidade e da seguridade, as tecnoloxías multimedia, as redes de datos, os e-servizos, a bioenxeñaría, o radar, as comunicacións por satélite, radio e ópticas e, en xeral, as tecnoloxías de telecomunicación. Con máis de 170 profesionais, leva a cabo un intenso labor investigador e de transferencia coa participación en varios proxectos

H2020, diversos premios e recoñecementos ao seu labor, e distinguidos membros dalgunhas das academias e sociedades científicas e profesionais máis recoñecidas no ámbito internacional.

Dende o seu nacemento, en 2010, AtlanTTic puxo en marcha a súa actividade arredor de catro obxectivos fundamentais: o fortalecemento e a excelencia da investigación no eido das tecnoloxías de telecomunicación coa calidade das publicacións como maior indicador; a formación, capacitación, atracción e retención dos mellores investigadores/as neste eido; a captación de proxectos de I+D no ámbito europeo e internacional; e a xeración e a transferencia de coñecemento baixo un enfoque colaborativo á sociedade e o tecido industrial, sempre co foco na multidisciplinariade, a aposta polos investigadores/as máis novos, a aplicación da ciencia con impacto local e a contribución á conciencia científica da sociedade.

En canto ao persoal do centro, cabe destacar que, en 2020, o centro conta con 172 investigadores/as, dos cales 14 son persoas con contrato posdoutoral e 26 con contrato predoutoral; ademais de 46 tecnólogos/as, enxeñeiros/as de proxecto e 11 persoas que actúan como persoal xestor e de administración e servizos. Neste mesmo ano 2020 cóntase con 11 investigadores/as do estranxeiro acollidos temporalmente.

En canto a outros indicadores atópanse reflectidos na seguinte táboa:

Actividade investigadora e produción científica	
Fondos I+D	2 613 796,13 €
Total de publicacións (WOS ou Scopus)	116
Publicacións Q1	35
Valorización e transferencia	
Contratos activos	30
Ingresos contratos I+D e transferencia	1 444 096,24 €

Os grupos de investigación pertencentes a AtlanTTic son os seguintes:

- Grupo de Antenas, Radar e Comunicacions (COM)
- Grupo de Information and Computing Lab (ICLAB)
- Grupo de Laboratorio de Redes (NETLAB)
- Grupo de Tecnoloxías da Información (GTI)
- Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST)
- Grupo de Servizos para a Sociedade da Información (GSSI)
- Grupo de Procesamento de sinal en comunicacións (GPSC)
- Grupo de Tecnoloxías Multimedia (GTM)
- Grupo de Dispositivos de Alta Frecuencia (GDAF)
- Grupo de Sistemas Radio (SR)
- Grupo de Laboratorio de Bioenxeñaría e Cronobioloxía (LBC)

En canto ás áreas de investigación de AtlanTTic son as seguintes:

- Seguridade e privacidade

- Análise de sinais biomédicos
- Redes de datos
- Comunicacóns espaciais e vía satélite
- Radar e teledetección
- Servizos electrónicos
- Comunicacóns radio e ópticas

Centro de Investigación Mariña (CIM)

<https://cim.uvigo.gal/o-centro/presentacion/>

O Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo é o elemento central da estratexia mariña da universidade e constitúe un polo interdisciplinario de referencia local, estatal e internacional no ámbito da xeración e da transferencia do coñecemento do mar. É un dos cinco centros singulares de investigación de Galicia e aspira a converterse nunha referencia europea e líder na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal en investigación mariña, centrando a súa misión na xeración de coñecemento de excelencia en ciencia mariña, na transferencia dese coñecemento para beneficio da sociedade e na internacionalización da actividade investigadora da Universidade de Vigo no ámbito do mar. A súa organización e masa crítica investigadora posibilita unha maior proxección internacional da Universidade de Vigo, facendo visible nunha única marca a capacidade de produción de coñecemento no ámbito do mar e actuando como xanela única da universidade no proceso de transferencia de I+D+i cara aos sectores empresariais mariños e marítimos, o que nos converte nun foco de atracción de talento a escala internacional.

A posición do CIM como elemento central da estratexia mariña da UVigo convértenos nun importante elemento de transferencia aos sectores produtivos e á sociedade, e permítenos nutrir os programas académicos mariños; establecer relación con centros e con agrupacións doutras áreas de coñecemento; representar a universidade en iniciativas autonómicas, estatais ou internacionais deste ámbito; liderar o campus de excelencia internacional Campus do Mar; e ser un dos integrantes do Centro Europeo de Recursos Biolóxicos Mariños (EMBRC-ERIC). O CIM participa activamente na Mesa Sectorial Galega do Clima e contribúe aos informes do Panel Intergobernamental do Cambio Climático (IPCC) con autoría e revisión de capítulos. No ámbito das ciencias da terra, está integrado en organizacións europeas tales como o European Plate Observatory System (EPOS) e asociado ao European Multidisciplinary Seafloor and water column Observatory (EMSO), organizacións que forman parte de plans de integración de infraestruturas nacionais e transnacionais de investigación europeas, con persoas expertas en TIC. Tamén destacan as colaboracións coas cátedras Naturgy e Unesco de Desenvolvemento Local Sostible e o acordo estable con DualSHPhysics.

O CIM ten capacidades e equipamentos de investigación necesarios para facer aproximacións multifocais e explotar sinerxías para levar a cabo estudos mariños a grande escala que dean resposta aos complexos problemas cos que se enfrenta o mar. O CIM é unha referencia internacional tanto nas dúas prioridades científicas establecidas, cambio climático e biotecnoloxía mariña, coma nos seus cinco ámbitos de especialización: cambio global, biodiversidade e servizos ecosistémicos, acuicultura e explotación sustentable dos recursos mariños, xestión integrada da zona costeira e enerxías renovables e novos recursos. O CIM aplica en todos os seus ámbitos de especialización a perspectiva socioecolóxica e aposta como instrumento emerxente pola intelixencia de datos. A principal infraestrutura de investigación do CIM, a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, conta cunhas instalacións únicas no ámbito mundial para investigar en acuicultura, oceanografía, os efectos do cambio climático no medio mariño ou desenvolver novas solucións biotecnolóxicas de orixe mariña, o que lle permitiu entrar a formar parte do ERIC EMBRC (European Marine Biological Resource Centres).

O CIM está integrado por 15 grupos de investigación e 3 investigadores individuais, un conxunto de máis de 230 persoas distribuídas do seguinte xeito: 22 catedráticos/as, 37 profesores/as titulares e 9 profesores/as contratados doutores, 55 investigadores/as posdoutorais (dos cales 2 son ERC, 1 Beatriz Galindo, 2 RyC, 6

JdC e 6 posdoutorais distinguidos da UVigo e 1 distinguido da Xunta de Galicia, 17 posdoutorais da Xunta de Galicia e 20 doutores/as con outras vinculacións), 74 persoas como persoal investigador predoutoral e 38 persoas para apoio técnico e de xestión.

Os resultados de investigación obtidos nos catro anos de funcionamento do centro mostran un desempeño moi notable en produción científica, con máis de 700 publicacións indexadas en revistas do JCR, tendo no ano 2020 164 publicacións, das cales 88 estaban situadas no primeiro cuartil e 37 no primeiro decil. Grazas ao traballo desenvolvido polo CIM e ao papel xogado polo Campus do Mar e o seu programa de doutoramento internacional DOMAR, a Universidade de Vigo foi distinguida polo ránking de Shanghai como unha das 100 mellores universidades do mundo en oceanografía.


No ano 2020, o CIM tivo vixentes un total de 63 proxectos, 20 deles europeos (8 H2020), que achegan unha subvención de case 3 millóns de euros, un terzo procedente do financiamento europeo. A internacionalización da investigación, ademais do logro de proxectos en convocatorias internacionais, veuse reforzada dentro dos grupos do CIM coas estadias de investigación que realizaron os seus membros (3) e os investigadores/as estranxeiros que recibiron (17) no ano 2020.

En materia de transferencia, a relación co tecido económico móstrase nos oito contratos de I+D asinados con institucións e con empresas do ámbito nacional e internacional, por un importe superior aos 136 000 € e cos servizos prestados dende a Ecimat, que ademais de cubrir a demanda dos grupos de investigación do CIM, deu servizos a catro organismos públicos nacionais e dous internacionais, e a oito entidades privadas nacionais e dúas internacionais, por un importe superior a 146 000 € no ano 2020. Tamén se conseguiron neste ano unha patente e a constitución dunha *spin-off* con investigadores/as do CIM como socios fundadores.

O Plan estratéxico do CIM 2020-2023 identifica como un dos seus principais obxectivos a concienciación e a sensibilización da sociedade sobre a importancia dos océanos e dos ecosistemas mariños e o seu papel na adaptación ao cambio climático. Co fin de materializar o citado obxectivo e de continuar co cumprimento de cada un dos eixes da investigación e da innovación responsable (RRI), e á vez conseguir unha comunicación efectiva a nivel externo e interno, xerando visibilidade e recoñecemento, o CIM desenvolveu durante o ano 2020 un novo plan de comunicación do centro.

Accións en RRI

As accións desenvolvidas durante a presente anualidade responden aos criterios fundamentais sobre investigación responsable acordados no ámbito internacional e o selo de HRS4R do que dispón o centro. As accións resúmense na seguinte figura e estrutúranse nos seis eixes de RRI.



Accións de divulgación científica clasificadas por categorías:

- Divulgación científica: o CIM recibiu financiamento de convocatorias europeas e nacionais para o desenvolvemento de tres proxectos de divulgación científica: «Ecociencia con lóxica: tejiendo redes intergeneracionais», «Ozone measurement practice in the laboratory using Schönbein's method» e «Explaining what Limnologists and Oceanographers are to primary Schoolers: a board-GAME adventure».
- Igualdade de xénero: o compromiso da igualdade de xénero no CIM queda patente coa creación dunha comisión de igualdade e sustentabilidade como parte da unidade estratéxica do centro, a presenza equilibrada de mulleres no comité de dirección, a elevada taxa de publicación de artigos científicos por mulleres como primeiro autor, e a promoción da formación en material de xénero entre o persoal, coa realización de varios cursos de formación en igualdade de xénero impartidos pola Unidade de Igualdade e a Área de Formación e Innovación Educativa da Universidade de Vigo.
- Ética: esta anualidade cabe destacar o asesoramento aos investigadores/as para o cumprimento do Convenio de biodiversidade e o Protocolo de Nagoya relativo á participación xusta e equitativa dos beneficios derivados da utilización de recursos xenéticos, a través do desenvolvemento dunha guía para investigadores/as (Guía ABS), varios talleres e conferencias realizados baixo diferentes eventos e a implantación dun checkbox no sistema de solicitudes de servizos da Ecimat, que obriga á lectura e á aceptación das responsabilidades da citada lexislación, por parte dos usuarios/as que solicitan organismos mariños subministrados pola estación. A unidade de RRI xestionou 77 permisos de mostraxe, inmersión e movemento de medio centenar de especies de ámbito mariño, necesarias para desenvolver proxectos de investigación. Actualizouse o Plan de bioseguridade da Ecimat e desenvolveuse o traballo previo para incorporar o servizo de investigación responsable ao alcance da certificación de calidade conforme a norma ISO 9001:2015 da Ecimat.
- Ciencia aberta: o persoal investigador do CIM publicou artigos científicos en aberto, desenvolveu aplicacións de software de código aberto e utiliza diferentes repositorios de datos gratuítos, abertos e accesibles a toda a comunidade científica. Membros do CIM asistiron a xornadas formativas sobre esta temática: «Políticas de acceso aberto e ciencia aberta a nivel europeo: que, como, onde e cando cumprir cos novos mandatos», a «Semana Internacional de Acceso Aberto» e «Ciencia aberta: un novo xeito de concibir o traballo de investigación e a difusión de resultados», organizado polo CIM.

- Ciencia cidadá: varios proxectos do centro implementan accións de participación da sociedade: Ecociencia con lóxica, financiado pola FECYT e o Proxecto CoastSnap Galicia.

Cinbio

<http://cinbio.gal/gl/portada/>

O Centro de Investigacións Cinbio é un espazo formado por máis de 200 persoas: profesores/as, doutores/as, estudantes de doutoramento e técnicos/as de laboratorio. Nace co obxectivo de dotar dun equipamento e dunha infraestrutura común ao persoal investigador. O centro ofrece servizos de investigación e conta con instalacións bioexperimentais.

Configúrase como unha aposta da Universidade de Vigo para mellorar o ámbito biomédico e biotecnolóxico cun elemento diferencial respecto doutros centros de similares características: a súa multidisciplinidade. Contamos con investigadores/as do máis alto nivel en distintas áreas de coñecemento: medicina, bioloxía, química, física, matemáticas e informática.

Grupos de investigación asociados ao Cinbio en 2019

Laboratorio de Enfermidades Raras

Química Analítica e Alimentaria (CI8)

Biomasa e Desenvolvemento Sostible (EQ2)

Física Aplicada (FA2)

Endocrinoloxía (FB3A-LabEndo)

Laboratorio de Neurociencia (FB3B)

Inmunoloxía (IN1)

Bioestatística e Epidemioloxía (I01-SiDOR)

Química Coloidal (QF1)

Química Orgánica (QO1-ORCHID)

Sistemas Informáticos de Nova Xeración (SI4-SING)

Nanotecnoloxía (Team NanoTech)

Xenómica Evolutiva e Biomédica (XB5)

Materiais Magnéticos (MMG)

As principais liñas de investigación son:

- Medicina molecular. Céntrase no funcionamento dos xenes e doutras moléculas celulares e dos mecanismos que activan ou desactivan enfermidades para recoller métodos de diagnóstico e de tratamento.
- Nutrición e benestar. Céntrase en investigacións relacionadas coa nutrición e co deporte; o microbioma e as bacterias.
- Nanomateriais. As investigacións sobre materiais a nanoescala xiran arredor da nanocatálise, biosensores, nanofotónica, nanomagnetismo e nanovacinas.

- Bioestatística e informática para a saúde. Céntrase na análise de datos para realizar modelos predictivos e para a súa posterior inferencia no campo da biomedicina, así como o uso de software para o tratamento destes datos.

O Cinbio é un centro de investigación que integra dentro das súas políticas de mellora a integración voluntaria das preocupacións sociais e de preservación do medio ambiente dentro da súa actividade investigadora, tanto na súa composición e estrutura coma seguindo un comportamento responsable de cara ás persoas e aos grupos sociais cos que se relaciona (investigadores/as, académicos/as, sociedade en xeral...). O Cinbio non só pretende cumprir coa normativa e coas normas legais establecidas, senón que é un dos obxectivos estratéxicos que afectan á toma de decisións e ás accións levadas a cabo dentro da organización.

Dende o Cinbio trátase de alcanzar unha consonancia coa realidade social, empregando a RSU como unha nova política de xestión universitaria tendo en conta as necesidades, os desafíos e os retos da sociedade actual, de forma que permita unha transferencia e unha colaboración real entre a sociedade e a universidade.

A presente memoria é a ferramenta empregada polo Cinbio co fin de presentar os obxectivos e o cumprimento en canto a desenvolvemento sostible no marco da RSU, permitíndolle á sociedade e a toda a comunidade universitaria as accións levadas a cabo para cumprir cos ODS e de responsabilidade social no curso académico 2019/2020. Ademais, é un instrumento de transparencia que a día de hoxe a sociedade tanto valora, permitindo deste xeito que se coñezan as actuacións que teñen en consideración perspectivas sociais, medioambientais e de sostibilidade.

Dentro dos principais obxectivos do Cinbio, vinculados coa estratexia a nivel ODS e RSU atopamos:

- Alcanzar unha investigación máis competitiva.
- Posicionarse e consolidarse como centro de excelencia en investigación biomédica e biotecnolóxica, recoñecido no ámbito nacional e internacional, levando a cabo unha investigación interdisciplinaria e de alto impacto. A aspiración é obter distincións como Unidade de Excelencia María de Maeztu.
- Incrementar a produción de calidade e cantidade de artigos científicos, elevando a media de impacto das revistas.
- Aumentar a masa crítica do centro, estabilización dos grupos e da cualificación de investigadores/as e técnicos/as no campo da biomedicina e da biotecnoloxía, coa captación de talento investigador que permita incrementar a calidade científica realizada.
- Incrementar o número de patentes licenciadas no ámbito internacional e ingresos por contratos con empresas. Potenciación da cultura de valorización e protección da investigación realizada.
- Mellorar a presenza de persoal investigador do centro no ámbito internacional, incrementar as colaboracións e o posicionamento en postos de toma de decisións no ámbito científico.
- Incrementar a captación de fondos a través de proxectos internacionais, nacionais e de colaboracións con empresas, fundacións e outras entidades.
- Mellorar a proporción de mulleres/homes nos postos de liderado e en comisións no centro.
- Incrementar o número de grupos que se poidan considerar de referencia competitiva pola comunidade autónoma.

Actualmente, a maior parte dos proxectos e das accións científicas levadas a cabo engloban actuacións vinculadas coa sostibilidade medioambiental ou o retorno á sociedade. Non obstante, cabe sinalar que existen accións enfocadas directamente a estas cuestións de forma específica, onde o máximo fito que se pretenda alcanzar é adquirir e transformar o Cinbio nun centro sostible, e responsable co medio ambiente, inclusivo e comprometido coa igualdade e coa cooperación entre os seus traballadores/as e *stakeholders*.

En canto ás accións específicas realizadas polo Cinbio, estas abarcan aspectos enmarcados, principalmente, en tres liñas de desenvolvemento: igualdade, sostibilidade ambiental e implicación no ámbito social.

En relación coa igualdade, cabe destacar que o Cinbio, dentro da súa política de igualdade e de conciliación familiar foi o primeiro centro da Universidade de Vigo en instalar unha **sala de lactación** habilitada para garantir este principio, e facilitar a lactación en condicións de hixiene e de seguridade. Esta iniciativa empregouse de exemplo para outros centros e facultades da Universidade de Vigo. Como obxectivo para o próximo curso está desenvolver un plan de igualdade específico do Cinbio. Cabe sinalar que dentro da carreira investigadora do Cinbio máis do 50 % do persoal investigador está conformado por mulleres e un 43 % de mulleres lideran grupos de investigación do centro.

En canto á sostibilidade ambiental destacan as actividades de:

- Reciclaxe e sostibilidade. Usar produtos reciclados, apagar as luces ou pechar as instalacións en datas concretas son accións realizadas para axudar o planeta e protexer o medio ambiente. O Cinbio segue unha política de reciclaxe de residuos mediante o uso de diversos contedores para separar materiais (papel, vidro, xeral, envases).
- Instalación de paneis solares que dan soporte ás instalacións do Edificio Olimpia Valencia.
- Eliminación de botellóns de plástico de auga. Co fin de reducir os residuos xerados no centro, o Cinbio adoptou a medida de eliminar o emprego de botellas de auga de plástico non reutilizables de uso común, co que se instalaron fontes de auga con filtros adaptados localizadas en zonas de fácil acceso para todos os usuarios/as e na sala común. A reciclaxe, aínda que é unha medida importante, non é suficiente en erres da sostibilidade ambiental. De forma paralela a esta medida, foméntase dende o Cinbio usar vasos reutilizables e eliminar, así, o uso de plástico. Como obxectivo de cara ao próximo curso está proporcionarlles aos usuarios/as cuncas de cerámica que permitan eliminar a totalidade dos vasos de plástico.

En relación coa transformación dixital, esta xorde como unha oportunidade única e de gran potencial para realizar actividades e actuacións máis sostibles. É unha oportunidade clara non só para o centro, senón para toda a sociedade, que permite impulsar a innovación, a través de novas ferramentas dixitais, de análise e de toma de decisións. Así, o Cinbio levou a cabo a implantación do software de xestión de información de laboratorio LIMS, polo que xa non se precisa engadir manualmente os datos recollidos nas follas de papel. Ademais, seguindo co uso de ferramentas similares, o Cinbio emprega o aplicativo de xestión económica da universidade, que permitiu eliminar toda factura e/ou pedido en papel a favor das versións dixitalizadas. Como obxectivo de cara ao vindeiro curso está desenvolver e implantar un aplicativo que permita a correcta xestión de indicadores do centro.

Durante a anualidade 2020 leváronse a cabo diversas actuacións co fin de agrupar e de implicar os distintos *stakeholder* detectados no Cinbio. Entre eles destacan:

- Contorno virtual. Co fin de poder ofrecer unha visita aos laboratorios e a actividades do centro, en 2020 o Cinbio realizou un contorno virtual co fin da celebración do Annual Meeting.
- Organización de xornadas. A traves destas buscouse implicar investigadores/as de recoñecemento internacional, establecendo unha alternativa dentro da colaboración con outros investigadores/as ou entidades científicas, sen que sexa necesaria a vinculación concreta a un proxecto de investigación, e enlazando coa transferencia de coñecemento.
- Seminario web «Coñece o #team Cinbio» para saber as liñas de investigación e o inicio de futuras colaboracións. Ademais, estas xornadas permiten a interacción entre distintas liñas ou grupos de investigación, de forma que permite a participación en proxectos colaborativos entre os distintos grupos do centro.
- Actividades divulgativas e acercamento á sociedade. Dentro das actividades divulgativas cabe sinalar a xornada de portas abertas, a participación en Pint of Science, talleres a escolares, visitas guiadas a nenos/as e maiores, charlas en colexios e en institutos, participación en Edumotiva, participación en xornadas de igualdade e actividades formativas. Ademais, o persoal investigador do Cinbio imparte

clases de grao, de mestrado e de doutoramento, dirixe prácticas de estudantes, supervisa traballos de fin de grao, de fin de mestrado, titoriza prácticas en empresas e prácticas de verán.

- Participación no programa STEMBACH para acercar futuros investigadores/as á rama científica.

Con relación ás publicacións no exercicio 2020, publicáronse un total de 497 publicacións vinculadas cos seus investigadores/as, onde se inclúen artigos en revistas científicas, libros ou revisións, e onde case un 80 % son publicacións de alto impacto en revistas Q1. Cabe destacar que entre revistas nas que se publicou en 2020, atópanse exemplos como *Nature Nanotechnology*, *Nature Rev. Cancer*, *Nature Rev. Materials*, *Nature Rev. Genetics*, *Nature Materials*, *Journal of Statistical Software*, *Nature Communications*, *Journal of the American Chemical Society*, *Advanced Materials*, *Angewandte Chemie International Edition*, *Nanotoday* e *Nanoresearch*.

Así mesmo, na anualidade de referencia, mantivéronse un total de 53 proxectos activos: 17 proxectos internacionais, 24 proxectos nacionais e 12 proxectos autonómicos. Os proxectos de investigación no ámbito internacional proceden de programas como 7PM, H2020, SUDOE, POCTEP, MSCA e AXA Fellowship (baixo a que AXA Research Fund apoia a carreira de investigadores/as noveis prometedores en temas prioritarios para a sociedade e que supoñan un grande avance do seu campo. Ademais, o SING asinou unha patente OU-16-20 «BDPAR: Big Data Pipelining Architecture for R (registro da propiedade intelectual).

Segue sendo de especial interese a mención da concesión da acreditación ao Cinbio como centro de investigación do SUG para o período 2019-2022, o que supón unha aposta de proxecto institucional por parte da Xunta de Galicia para acadar unha investigación de excelencia.

Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx)

<http://cintecx.uvigo.gal/>

O Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais da Universidade Vigo, Cintecx, está constituído por un equipo multidisciplinario de 175 investigadores/as do ámbito tecnolóxico-industrial para desenvolver investigación básica e orientada, e para trasladar coñecemento ao sector produtivo con alto nivel de excelencia e de competitividade.

A misión do Cintecx é velar pola defensa dunha capacidade de investigación competitiva tomando como referencia os retos industriais definidos pola Comisión Europea, os identificados na Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, e as estratexias específicas de Galicia para o horizonte 2021-2027, para organizar o esforzo investigador no ámbito da enxeñaría industrial, de maneira eficiente no contexto rexional.

Dende a súa creación en 2019, o centro aspira a converterse nun actor global en I+D e transferencia dentro do sector industrial, xerando coñecemento a través da investigación fundamental e transformando este coñecemento en solucións tecnolóxicas que contribúan a incrementar a competitividade da industria rexional. Este anhelo non sería posible sen a dedicación dos grupos de investigación vencellados ao centro, o seu *know how* e a súa reputación avalada pola longa traxectoria en transferencia no sector produtivo de máis de vinte anos dalgúns deles. Os dez grupos de investigación asociados ao Cintecx en 2020:

- Enxeñaría da Corrosión e Materiais, ENCOMAT (CI11)
- Enxeñaría Química, EQ10 (EQ10)
- Novos Materiais (FA3)
- Xestión Segura e Sostible de Recursos Minerais, GESSMIN (CI5)
- Grupo de Tecnoloxía Enerxética, GTE (EM1)
- Xeotecnoloxías Aplicadas, GEOTECH (TF1)

- Aplicacións Industriais dos Láseres, LASERON (FA5)
- Bioenxeñaría e Procesos Sostibles, BIOSUV (EQ-3)
- Centro de Enxeñaría Mecánica e Automoción, CIMA (EG6)
- Tecnoloxía Electrónica de Potencia Aplicada, APET (APET)

As áreas de investigación no Cintecx, coas súas principais liñas de investigación, son as seguintes:

- Electrónica e automática. Intelixencia artificial e robótica, sensores, optoelectrónica e micro/nanoelectrónica, electrónica de potencia, sistemas flexibles e eficientes de xestión de potencia.
- Fabricación e materiais. Fabricación aditiva, métodos avanzados de fabricación e procesamento de materiais, reciclaxe de materiais e redución do seu consumo, materiais avanzados, simulación de procesos de fabricación e materiais avanzados.
- Enerxía. Enerxías renovables, eficiencia enerxética na edificación e na industria, almacenamento de enerxía, novos combustibles, baterías, redes.
- Transporte. Propulsión e emisións, vehículo eléctrico, sistemas de aforro de combustible, dinámica vehicular, transporte accesible, seguro e sostible, mobilidade intelixente e seguridade.
- Enxeñaría biomédica. Biomateriais, biosensores, biofluídos, implantes e enxeñaría tisular, ferramentas, tecnoloxías e solucións dixitais para a saúde e coidados.
- Sustentabilidade e recursos naturais. Sustentabilidade de chans e augas, captura de CO₂, industria circular, xeoenxeñaría, enxeñaría medioambiental e resiliencia, conservación do patrimonio.

Esta memoria amosa os valores cos que nos identificamos e o noso compromiso cos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030, e da difusión das actuacións que teñen en consideración perspectivas sociais, medioambientais e de sostibilidade. Pretende ser un documento aberto a prol da mellora continua e a través da normalización e da actualización dos indicadores dispoñibles no portal de transparencia que sirvan de base para o avance da RSU e dos seus distintos mecanismos de participación, tendo en conta as necesidades, os desafíos e os retos da sociedade actual, e para cumprir os ODS e de responsabilidade social no ano 2020.

Os obxectivos estratéxicos están detalladas no plan estratéxico do centro, accesible de xeito público no documento de Plan estratéxico 2020-2023, aloxado na sección de transparencia da páxina web institucional do centro: <http://cintecx.uvigo.es/cintecx/transparency/>.

O Cintecx aspira a defender unha capacidade de investigación competitiva no marco europeo para mellorar a vida da cidadanía e da sociedade. Os datos e os indicadores acadados no ano 2020 son a mellor mostra do compromiso con estes obxectivos. Así, o número de publicacións indexadas JRC (WOS) foi de 14, das cales no primeiro cuartil son 90 e no primeiro decil 43.

Na liña de investigación, defendéronse trece teses de doutoramento en 2020, e dentro do noso equipo hai cinco investigadores/as predoutorais FPI, seis FPU, sete contratados predoutorais da Universidade de Vigo e catro da Xunta de Galicia. En canto a investigadores/as posdoutorais, seis son contratados da Xunta de Galicia, un da Universidade de Vigo, dúas do programa Ramón e Cajal, un Juan de la Cierva e unha investigadora JIN do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Por outra parte, no apoio á calidade científica dos grupos que conforman Cintecx, dous deles renovaron o seu recoñecemento por parte da Xunta de Galicia como grupo de referencia competitiva e outros dous como grupo de potencial crecemento. Así, o centro pecha a anualidade con seis grupos de investigación de referencia competitiva (máxima distinción posible no ámbito rexional) e tres grupos de potencial crecemento.

Ao longo do exercicio 2020, o Cintecx mantivo a súa firme aposta pola transferencia, materializándose no apoio incondicional ao tecido empresarial en todos os ámbitos: internacional, nacional e rexional. Proba disto

foron as novas colaboracións con empresas ao longo de 2020, concorrendo con elas de cara a achegar unha maior vantaxe competitiva grazas ao ofrecemento do seu *expertise* e equipamento pese ao inevitable decrecemento da actividade industrial nesta anualidade. O centro conseguiu un total de 52 novas colaboracións con empresas e captou 855 k € en 2020, mentres que o total de proxectos en vigor foi de 1 363k€. Na seguinte figura amósase un resumo dos fondos captados no ano 2020.

O Cintex é moi consciente de crear un impacto social, ambiental e económico na rexión a través da implantación da estratexia do centro consolidada en accións específicas. Os valores do centro son a sustentabilidade tanto no desenvolvemento da súa actividade coma a través das solucións tecnolóxicas xeradas, a confianza mediante a creación de relacións a longo prazo co medio ambiente, a eficiencia durante o desenvolvemento da actividade do centro, a excelencia na procura de resultados e de transferencia de innovación, liberdade no proceso de investigación, equidade en todos os niveis e responsabilidade no ámbito social, ambiental e económico.

Os obxectivos do Cintex están definidos no plan estratéxico, organizados en catro grupos: obxectivos xerais, internacionalización, investigación e vangarda, e persoas. De todos estes, vinculados coa estratexia no ámbito dos ODS e da RSU atopamos obxectivos focalizados en melloras para a sociedade galega:

- Poñer infraestruturas únicas ao servizo da empresa galega e dos seus sectores tractores.
- Visibilizar as capacidades do sistema universitario galego (SUG) na investigación aplicada á industria mediante a promoción de foros informativos de alto nivel na comunidade.
- Aliñar as capacidades do SUG para favorecer o diálogo e o apoio aos centros de innovación dixital (DIH) no campo das tecnoloxías e nos procesos industriais e da enerxía.
- Promover a formación tecnolóxica en Galicia atraendo relatores/as internacionais a eventos de combinación na rexión.
- Aumentar o número de contratos con empresas galegas en servizos de colaboración e I+D.
- Crear unidades mixtas de investigación en colaboración con empresas innovadoras con sede en Galicia.
- Promover proxectos de investigación multidisciplinares aliñados con tecnoloxías destacadas de alto impacto para o SUG e a sociedade galega, en colaboración con entidades nacionais e europeas.
- Fomentar a cooperación entre grupos SUG e centros tecnolóxicos para impulsar a I+D+i empresarial en Galicia.

Obxectivos centrados na mellora da capacitación en formación das persoas:

- Difundir a investigación dos grupos ás novas xeracións para promover doutorandos e estudantes nas tecnoloxías do futuro.
- Integrar e darlles máis visibilidade aos investigadores/as na dirección de proxectos cooperativos e nas teses de doutoramento.
- Fomentar estancias de investigadores/as en centros de recoñecido prestixio internacional aliñados cos proxectos estratéxicos do centro e da Comisión Europea.
- Fomentar a realización de doutoramentos nas ramas de enxeñaría do SUG.
- Fomentar estadías no exterior para investigadores/as actuais do sistema universitario de Galicia en tecnoloxías da industria 4.0.
- Formar investigadores/as para aumentar a súa proactividade en proxectos europeos e habilidades transversais.
- Obxectivos para acadar unha investigación máis competitiva, colaborativa e internacional:

- Aumentar o impacto a través de publicacións de alto nivel e outras actividades de divulgación científica.
- Establecer unha investigación de calidade atendendo aos procesos de captación e de retención de talento, difusión, cooperación e execución de I+D baixo a certificación dos estándares actuais.
- Aumentar o número de patentes en tecnoloxías emerxentes.
- Establecer unha nova estrutura de cooperación organizada por áreas tecnolóxicas vinculadas a sectores tractores que permita a colaboración entre investigadores/as multidisciplinares.
- Incrementar a transferencia de tecnoloxía mediante o uso adecuado de ferramentas de propiedade industrial e intelectual e a promoción de contratos de colaboración empresarial.
- Establecer alianzas con centros de referencia para a cooperación e a participación conxunta en proxectos.
- Liderar proxectos europeos en tecnoloxías de alto impacto para Europa.
- Aumentar a taxa de retorno dos fondos públicos nacionais e europeos competitivos.
- A maioría dos actuais proxectos vixentes xa incorporan actuacións vinculadas coa pegada de carbono, a igualdade e, en xeral, coa sostibilidade medioambiental e o retorno á sociedade. Aínda así, o Cintecx mantén unha liña de accións propias enfocadas á procura da igualdade, da sostibilidade ambiental e da implicación a nivel social.

En relación coa igualdade, cabe destacar que o Cintecx ten un comité denominado Comité de Igualdade, Diversidade e Inclusión (CIDI). Este comité encárgase de supervisar que as actividades do centro se leven a cabo de acordo cos principios de igualdade e de respecto, e garantirá o cumprimento das políticas sobre esta materia por parte do centro. Entre outros, este comité participará en todas as decisións no campo, así como na revisión de accións e na toma de decisións do centro para adaptarse ao plan de igualdade, diversidade e inclusión da Universidade de Vigo, e informará a dirección das medidas para garantir a igualdade no centro.

Cabe sinalar que todos os indicadores de produción científica, impacto social e económico, a composición do persoal contratado, contribución en publicacións, patentes etc., cuantifícanse de xeito desagregado por sexos para poder establecer estratexias a accións no eido da igualdade. Os documentos públicos seguen o manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario, aplicación para un idioma non sexista, e orientacións das nacións unidas para o emprego dun idioma inclusivo en canto ao xénero.

Dentro do cadro de persoal do centro, preto do 40 % son mulleres, mellorando as cifras xerais de desigualdade dos egresados/as en titulacións no ámbito tecnolóxico industrial, pero que aínda están lonxe da igualdade.

Dúas investigadoras do Cintecx, Julia Armesto González (grupo de investigación Xestión Segura e Sostible de Recursos Minerais, GESSMin) e María Concepción Paz Penín (grupo de Tecnoloxía Enerxética, GTE) participaron no libro que se presentou coincidindo co Día Internacional da Muller, 8 de marzo. Nel dáse a coñecer de primeira man a historia de dez mulleres que apostaron pola investigación e por colaborar no avance da sociedade traballando dende a UVigo.

En canto á sostibilidade ambiental realizouse a instalación de xeotermia no edificio sede do Cintecx. Conta cunha instalación de enerxía xeotérmica con bomba de calor, que permite reducir o consumo enerxético do edificio, á vez que se mellora o confort térmico de todo o persoal usuario do centro. Está instalación mantense operativa e funcional dende o ano 2012, polo que supuxo un aforro de varios centos de toneladas de CO₂ emitido á atmosfera. Durante o ano 2020 acometéronse as obras de instalación, de implantación na fachada e de posta en funcionamento no edificio Cintecx dunha nova instalación fotovoltaica con 336 módulos que sumarán 100,2 kWp de potencia pico. A produción de enerxía anual, inesgotable, sostible e renovable estímase en arredor de 85 507 kWh, que suporán unha redución do consumo eléctrico de máis do 14 %, cunha redución de máis de 40 toneladas de CO₂ emitido á atmosfera.

A sede do Cintecx converteuse no ano 2020 no primeiro edificio da Universidade de Vigo cun xemelgo dixital, unha réplica virtual realizada a imaxe e a semellanza do propio edificio, que facilitará o control en tempo real da calidade do aire do interior das instalacións, incluíndo parámetros como os niveis de dióxido de carbono, temperatura, humidade ou gas radon, factores clave para garantir as cuestións relacionadas coa saúde e coa eficiencia enerxética destas instalacións. Este traballo foi a proposta gañadora do programa Cintecx-Challenge 2020, un concurso de ideas e de proxectos financiado polo propio Cintecx con 25 000 euros, cantidade destinada integramente ao desenvolvemento deste proxecto. Este xemelgo dixital, pese a que obviamente non era o seu obxectivo inicial, demostrou ser de grande utilidade para controlar os parámetros de calidade do aire de todo o edificio, de cara á situación xurdida a teor da pandemia da covid-19.

En canto ás medidas de concienciación e informativas, o centro dotouse de carteis informativos que buscan concienciar a todo o persoal do centro en cuestións prácticas de aforro enerxético e de reciclaxe, recordando a correcta reciclaxe de residuos, empregando os diversos contedores para separar materiais (papel, aceite, pilas, vidro, xeral, envases) e recordando o emprego racional da iluminación. A maiores, o centro participa do peche total das instalacións nas datas concretas definidas pola universidade dentro do programa de accións para axudar o planeta e protexer o medio ambiente.

En relación cos proxectos directamente aliñados co desenvolvemento enerxético e sostibilidade por parte dos grupos Grupo de Tecnología Energética (GTE) e Geotecnoloxías Aplicadas (GeoTech), e as empresas DiagnóstiQA, Insega e Proyestegalun, realizouse un sistema automatizado de inspección e de monitorización ambiental de edificios que permita coñecer as condicións de confort das zonas de ocupación e as posibilidades de aplicar medidas de aforro enerxético sen reducir a calidade do aire interior dos edificios.

Baixo a premisa de participar en proxectos dentro dos eixes da Axenda 2030, o centro comprométese a tratar accións que consigan satisfacer as necesidades da sociedade, da industria, dende o compromiso co desenvolvemento enerxético e a sostibilidade, transparencia, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no sector das ciencias e das enxeñarías, a protección medioambiental e do patrimonio histórico, e combater o cambio climático. Así realizáronse os seguintes proxectos:

- Proxecto para mellorar a vida da cidadanía e da sociedade: Divulgando Ciencia Singular. Xornada de portas abertas durante os primeiros meses do ano 2020 con visitas de centos de alumnos/as de colexios e de institutos de Vigo, onde coñeceron, guiados polo persoal investigador do centro, os diferentes laboratorios e proxectos que están a levar a cabo os nosos grupos, vencellados ás áreas da enxeñaría industrial e á enxeñaría mineira e enerxética. Tamén puideron participar en actividades visuais e prácticas organizadas polo persoal do noso centro.
- Proxectos de investigación nos que destaca o compromiso e o interese social
 - Proxecto para mellorar a vida da cidadanía e da sociedade: participación do grupo Xeotecnoloxías (GeoTech) no proxecto europeo, IM-SAFE, que pretende actualizar o estándar de control de mantemento e de seguridade óptimos que afectan as carreteras, ferrocarrís, viadutos e túneles.
 - Proxecto para mellorar a vida da cidadanía e da sociedade: participación do Grupo de Novos Materiais (FA3) xunto coa multinacional Ziacom na comercialización dun biomaterial para a rexeneración ósea deseñado no marco do proxecto Biofast.
 - Proxecto para mellorar a vida da cidadanía e da sociedade: desenvolvemento do grupo Xeotecnoloxías (GeoTech) e a empresa Insitu de sensores de obstáculos do primeiro bus autónomo.
 - Patrimonio histórico e cultural: Curso virtual en protocolo de análise de materiais e diagnóstico de arte urbana.
 - A participación de Teresa Rivas e de Santiago Pozo do grupo de investigación Xestión Segura e Sostible de Recursos Minerais (GESSMin) no proxecto Erasmus + Knowledge Alliances KA2 Conservation of Art in Public Spaces, CAPuS.

- Realización do Curso piloto virtual en protocolo de análise de materiais e diagnóstico de arte urbana pictórica, ao que asistiron 16 profesionais do ámbito da conservación do patrimonio cultural.

Durante a crise da covid 19, o Cintecx tivo unha contribución en dúas liñas principais: por unha banda, dotar e fabricar material de protección para o persoal sanitario, nos primeiros momentos da pandemia, foi fundamental dada a escaseza vivida; e por outra banda, contribuír en investigación aplicada para conseguir mellorar a capacidade das probas diagnósticas mediante PCR.

Así, a universidade e Asime suman forzas para producir e distribuír pantallas de protección facial contra o coronavirus; unha iniciativa sen ánimo de lucro destinada a loitar contra o coronavirus, co obxectivo de deseñar, producir e distribuír pantallas de protección facial para centros sanitarios, corpos e forzas de seguridade do Estado e demais actores que loitan contra a pandemia. Isto é EscudoCovid19, unha idea nacida na Universidade de Vigo, da man de José Luis Martínez Lastra, director do centro de investigación Cintecx, quen ademais coordinou para Galicia o proceso de deseño, produción e loxística da pantalla.

Na mesma liña, Lupeon desenvolve bifurcadores e trifurcadores para converter máscaras de mergullo en dispositivos de respiración. Lupeon, empresa especializada en enxeñaría e en fabricación aditiva, en colaboración con enxeñeiros/as do ámbito industrial do centro de investigación Cintecx-UVigo e Asime, súmase á loita contra a covid-19 co desenvolvemento de adaptadores con impresión 3D para converter máscaras de mergullo en dispositivos de respiración para pacientes con coronavirus e en equipos de protección individual para persoal sanitario e asistencial a anciáns/ás e a persoas dependentes. E tamén a colaboración entre a universidade e a empresa propicia a produción dun millar de batas para persoal sanitario e asistencial. Baixo a coordinación da Universidade de Vigo diferentes empresas reorganizaron a súa produción para elaborar e distribuír de xeito solidario 1000 batas para o persoal sanitario e asistencial.

En canto a técnica Pooling for SARS-CoV-2, da man do investigador participante do grupo de investigación Jacobo Porteiro do Cintecx, a área sanitaria de Vigo puxo en marcha un proxecto pioneiro en España para garantir áreas libres de virus circulante (covid-19). O traballo foi recoñecido pola Real Academia Galega de Ciencia. Os resultados do estudo preliminar, realizado a 8000 persoas, publicáronse nunha revista científica.

Esta técnica, coñecida como *pooling*, que xa foi probada con éxito no Servizo de Microbioloxía do Chuvi, permite analizar nun único test as mostras de varios cidadáns/ás, multiplicando a capacidade de avaliación actual.

3.5.5 Agrupacións estratéxicas: Ecobas e CITACA

Co obxectivo de favorecer a integración de capacidades dispersas e mellorar a competitividade máis aló do ámbito local para lograr satisfacer as necesidades da sociedade e do sector produtivo, o persoal investigador e os grupos de investigación poden organizarse en agrupacións estratéxicas. Estas unidades organizativas cun nivel de agregación superior ao grupo teñen por obxectivo desenvolver unha actividade colaborativa, estable e planificada con obxectivos de I+D e de transferencia propios en liñas de investigación prioritarias e posúen masa crítica e recursos suficientes para alcanzar altos niveis de competitividade na captación de recursos e na xeración de coñecemento.

Economics and Business Administration for Society (Ecobas)

<https://ecobas.webs.uvigo.gal/index.php>

Ecobas é un centro de investigación interuniversitario integrado por persoal investigador das tres universidades galegas e especializado no estudo da sustentabilidade, tanto dende o punto de vista económico coma ambiental e social. O centro dá continuidade á agrupación estratéxica do mesmo nome, nacida no ano 2015, e que foi a primeira unidade de investigación supragrupal de Galicia no eido das ciencias sociais, e a única con carácter interuniversitario ata o ano 2020.

Ecobas ten o propósito de acadar tres ambiciosos obxectivos:

- Converterse nun centro vertebrador da I+D+i no sistema galego de innovación, en xeral, e no ámbito das ciencias sociais, en particular, a través dunha axenda científica que persiga e sitúe a sustentabilidade, nas súas dimensións económica, ambiental e social, no centro do seu foco de atención. Esta axenda estará aliñada cos obxectivos do desenvolvemento sostible da ONU e coas principais axendas rexionais, nacionais e europeas para o vindeiro período, ademais de atoparse fortemente conectada coas prioridades e coas necesidades do noso contorno.
- Converterse nun motor de cambio para o desenvolvemento económico, a calidade de vida e o benestar, a través da xeración do coñecemento que axude a resolver os problemas da sociedade, grazas á súa nutrida experiencia e traxectoria de traballo e á colaboración cunha ampla variedade de actores e de axentes da contorna.
- Crear un contorno de investigación atractivo, colaborativo e internacional para consolidar e atraer novo talento, xogando ademais un rol moi importante na formación e na capacitación de novo persoal investigador no eido da economía e da empresa.

Ata o ano 2020, durante a súa etapa como agrupación estratéxica, Ecobas contou con máis de 160 investigadores/as, incorporados a doce grupos de investigación: dez pertencentes á Universidade de Vigo (oito no campus de Vigo, un no de Ourense e un no de Pontevedra), un pertencente á Universidade de Santiago de Compostela e un á Universidade da Coruña. Ademais do persoal investigador propio, Ecobas contou con máis de corenta colaboradores/as externos e dez xestores/as.

Ecobas conta cunha dinámica de traballo asentada sobre tres piares:

- Investigación. A axenda científica desenvolta abrangue numerosas liñas de investigación, dende a economía dos recursos naturais ata o estudo das desigualdades, pasando pola economía da enerxía, a economía da saúde, a descentralización, o emprendemento, as finanzas e moitos outros asuntos de gran relevancia.
- Formación. Ecobas promove e coordina dous programas de formación de posgrado: o Mestrado interuniversitario en economía e o Programa de doutoramento interuniversitario en análise económica e estratexia empresarial, e colabora con outros programas como o Mestrado en xestión do desenvolvemento sostible, coordinado por Pilar Piñeiro, investigadora da agrupación; e o Mestrado en xestión empresarial do deporte, coordinado por Patricio Sánchez, tamén membro de Ecobas ata 2020. Durante ese ano defendéronse en Ecobas once teses de doutoramento, das cales sete delas foron traballos realizados por investigadores/as estranxeiros.
- Transferencia. Os centros de investigación deben ter vocación de axudar a resolver as necesidades e os retos sociais, e Ecobas non é unha excepción. O traballo realizado polas nosas investigadoras e investigadores resulta de grande utilidade para outros centros de investigación, empresas, administracións e, en xeral, calquera axente social. Ecobas ten moi presente a necesidade de implicar a sociedade nos procesos de investigación, tal como se establece nos principios da investigación e da innovación responsable (RRI), e desenvolve unha investigación aliñada coas prioridades e coas demandas tanto da contorna coma das axendas nacionais e europeas.

En relación con este último pilar, podemos destacar os seguintes fitos do ano 2020:

- Desenvolvemento de catro convenios de I+D+i, cun ingreso total de 248 000 € Cátedra ARDÁN, co Consorcio da Zona Franca de Vigo; Cátedra Inditex, con Inditex; Cátedra de Empresa Familiar, co Instituto de Empresa Familiar, a Asociación Galega de Empresa Familiar e Inditex, e o Estudo da integración económica dos sectores produtivos na área do río Miño transfronteirizo, coa Deputación de Pontevedra; Convenio co Foro Económico de Galicia; e Convenio de colaboración co IGAPE e coa FEGAMP para reducir as cargas administrativas no exercicio de actividades económicas e de servizos nos concellos de Galicia.

- Desenvolvemento de 29 contratos de I+D+i con 24 entidades diferentes, cuns ingresos totais de 364 100 €
- Sinatura do Convenio marco de colaboración con Cinbio e o Clúster Saúde de Galicia, e o Convenio marco de colaboración co Centro de Investigación Mariña (CIM) e a Fundación para la Pesca y el Marisqueo (Fundamar).
- Posta en marcha do sistema de asistencia virtual para o cooperativismo e a economía social (SAVES), unha aplicación informática pioneira en España que permite obter información vía web sobre a situación e a evolución recente do movemento cooperativo en Galicia, e sobre o perfil económico-financieiro das cooperativas galegas. Este proxecto foi premiado pola Escola de Estudos Cooperativos da Universidad Complutense de Madrid.
- Creación da *spin-off* Seixas Invest polos investigadores Carlos M. Fernández-Jardón e Xavier Martínez Cobas, unha empresa dedicada a apoiar a creación, o financiamento e a internacionalización de pemes.

Por outra parte, diversos investigadores de Ecobas participaron en importantes comités, asociacións e grupos de traballo nacionais e internacionais durante o pasado ano:

- Grupo IPCC (Intergovernmental Panel on Climate Change), da ONU, ao que pertence o investigador Xavier Labandeira.
- Foro Económico de Galicia, dirixido polo investigador Santiago Lago.
- Grupo de traballo do estudo España 2050, coordinado pola Oficina Nacional de Prospectiva e Estratexia, no que participaron a investigadora María L. Loureiro e o investigador Xavier Labandeira.
- Comité de expertos do Banco Mundial, do que forma parte Santiago Lago.
- Asociación AICOGestión, na que Ernesto López-Valeiras é codirector de investigación e coordina o programa formativo CICCA.
- Comité de expertos covid-19 da Xunta de Galicia, do que formou parte Santiago Lago.
- European Association of Environmental and Resource Economics, da que é membro María L. Loureiro.
- Ergon, plataforma internacional sobre investigación en economía da eficiencia enerxética, da que Xavier Labandeira é un dos coordinadores.
- Economics for Energy, centro de investigación sobre economía da enerxía, con participación da Universidade de Vigo e a Universidad de Comillas, que codirixe Xavier Labandeira.
- Asociación Española de Contabilidade e Administración de Empresas (AECA), na que María Beatriz González é vogal da Comisión de Contabilidade de Xestión.
- Consello de Economía Social de Galicia, do que é membro María José Cabaleiro, en representación das universidades galegas.
- Society for the Advancement of Economic Theory (SAET), da que é membro Carlos Hervés Beloso.

Tamén participamos en comités editoriais de revistas de alto impacto e en comités científicos de importantes eventos como o comité editorial da revista *Feminist Economics*, o panel de editores/as asociados da revista *TOP*, o panel de editores/as invitados do número especial da revista *Annals of Operations Research*, o comité editorial da revista *Business Research Quarterly*, *Economics Theory*, *Journal of Mathematical Economics*, Asociación Española de Economía, *Journal of Dynamics Games*, comité editorial de *Mathematical Social Sciences*, comité científico da European Conference of Environmental and Resource Economics, comité

científico do Workshop on Dynamic Macroeconomics, e o comité científico do European Workshop on Economic Theory.

Ademais, Ecobas fomenta a divulgación da cultura científica, coordinando e apoiando a organización de actividades que contribúan á difusión da ciencia non só entre o público especializado, senón tamén de cara á sociedade en xeral. Durante o ano 2020, e a pesar do importante efecto negativo xerado pola pandemia da covid-19, que obrigou a cancelar diversos eventos de grande importancia, organizáronse as seguintes actividades:

- Seminario conxunto de Ecobas co Campus do Mar, impartido por Adriana Nogueira, e titulado «Greenland halibut: an important resource in the Arctic and Nordic countries».
- Celebración de 17 seminarios de investigación.
- Participación na xornada «A senda circular», organizada no marco do festival Sinsal Litoral SON Estrella Galicia, e celebrada na illa de San Simón no mes de xullo. Ecobas estivo representado polo investigador Miguel Rodríguez, que formou parte dunha mesa redonda titulada «Creando circularidade», xunto co deseñador Isaac Piñeiro, a xerenta do Clúster Saúde de Galicia, Gisela Álvarez, e na que se presentou o convenio asinado con esta entidade e o Cinbio, Centro de Investigación en Biomedicina e Biotecnoloxía da Universidade de Vigo.
- Participación e patrocinio da xornada «Control de gestión dende la perspectiva de género», coordinada polo investigador de Ecobas Ernesto López-Valeiras, e organizada pola Universidade de Vigo e AICOGestión.
- Colaboración e patrocinio na organización do Pont-Up Store 2020, un evento multisectorial de apoio ao emprendemento coordinado polo investigador de Ecobas, Pedro F. Figueroa, e que se celebra dende o ano 2014 na cidade de Pontevedra. Aínda que por mor da pandemia a parte presencial do encontro non se puido celebrar, a organización realizou unha adaptación para poder desenvolver a feira de maneira virtual e acadou un grande éxito de participación.
- Colaboración na organización de dous obradoiros en liña sobre cooperativismo desenvolvidos pola asociación de cooperativas EspazoCoop: «Lánzate a emprender en cooperativa» e «Ideas cooperativas en acción». Esta colaboración véñse producindo dende 2017 e organízanse cada ano varios obradoiros presenciais co obxectivo de achegarlle o coñecemento do movemento cooperativo e as súas particularidades á comunidade universitaria. No ano 2020 foi preciso adaptar a formación á modalidade virtual para poder impartir os cursos.

Por último, cabe destacar que Ecobas fomenta a comunicación directa da súa actividade mediante a utilización das súas canles dixitais: páxina web, Facebook, Twitter e LinkedIn.

CITACA

<http://citaca.uvigo.gal/>

A agrupación estratéxica do Campus Auga CITACA constituíuse en 2018 como unha rede colaborativa multidisciplinaria formada por oito grupos de investigación da Universidade de Vigo e un grupo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela coa misión fundamental de contribuír á sustentabilidade ambiental e á competitividade do sector agroalimentario e garantir auga e alimentos sans e saudables para todos.

O papel esencial da agricultura e da industria alimentaria no contexto socioeconómico galego, en xeral, e da provincia de Ourense, en particular, que, xunto co sector da distribución, representan o 10 % do emprego en Galicia (Plan estratéxico CLUSAGA 2016-2020), e a especialización neste eido dun número relevante de investigadores/as moi activos do campus de Ourense e da Universidade de Vigo, xustifican a creación e a razón de ser de CITACA.

Para acadar a súa misión CITACA aplica dúas estratexias nas que pretende avanzar no cambio de paradigma cara a un traballo colaborativo e de ciencia aberta:

- A mellora do potencial científico dos seus investigadores/as a través da formación e do establecemento de sinerxías entre distintas disciplinas que permitan tratar retos de máis envergadura.
- fomento da divulgación, a transferencia e a colaboración estreita co sector produtivo na procura de solucións aos retos actuais da industria que permitan, á súa vez, contribuír ao desenvolvemento social e económico da poboación rural implicando para todo iso os axentes vinculados á actividade e converténdolos en aliados estratéxicos.

O ámbito de actuación da agrupación comprende tres grandes eixos temáticos:

- Auga e solo. Protección dos recursos hídricos
- Este eixe responde ao desafío de compatibilizar os diferentes usos do solo: produción agro-gandeira e acceptor de residuos e de subprodutos, coa conservación da calidade do propio solo e das augas de infiltración e de escoamento que alimentan as reservas hídricas.
- Producción primaria sustentable
- Este eixe ten como obxectivo o aproveitamento racional dos recursos, insumos e subprodutos implicados na produción primaria agrícola mediante o desenvolvemento de procesos, metodoloxías e tecnoloxías para un uso eficiente e seguro deles.
- Seguridade e calidade alimentaria. Competitividade e sustentabilidade
- Este eixe pretende contribuír ao fortalecemento da industria alimentaria a través da diversificación de produtos e de procesos, e da modernización do sector a través do emprego das TIC e das tecnoloxías de proceso que permitan avanzar cara á fábrica do futuro, eficiente e con mínimo impacto ambiental.

En consecuencia, os obxectivos de CITACA están estreitamente aliñados cos:

- Principios recollidos na Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable e concretada a través dos 17 ODS, en especial os relacionados coa loita contra a fame a través da produción eficiente de alimentos seguros e de calidade nutricional e organoléptica, a procura da saúde e do benestar a través dunha alimentación sa e equilibrada, a conservación da auga empregada na produción agrícola e alimentaria, a innovación dos sectores produtivos e a conservación dos ecosistemas terrestres.
- Obxectivos prioritarios definidos dentro do Pilar II do novo Horizonte Europa a través do «Clúster 6: Food, Bioeconomy, Natural Resources, Agriculture & Environment» e a misión «Soil Health and Food».
- Retos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) a través das prioridades 1.4: Modernización dos sectores primarios, 2.2: Competitividade do sector industrial galego e 3.2: Alimentación e nutrición.

En definitiva, pola súa temática e obxectivos, CITACA configúrase como unha supraunidade de investigación ligada a un forte compromiso e responsabilidade social, que na anualidade (2020) se manifestou en distintos niveis:

1. Compromiso científico

Cómpre destacar neste senso o interese prioritario da agrupación pola formación e incorporación de investigadores/as novos, que se traduce no elevado número de doutores/as en formación e investigadores/as posdoutorais, e que supoñen máis do 50 % do persoal.

Os investigadores/as de CITACA son tamén moi activos na procura de fondos externos para o desenvolvemento de proxectos de I+D nos eixes temáticos e cos obxectivos antes sinalados, a través das convocatorias H2020 e INTERREG estatais dos programas de RETOS e outros, e autonómicos. Isto traducíuse en 2020 nun total de 32 proxectos en execución, entre os que cómpre destacar o proxecto europeo H2020-SFS-2018-2 SOILDIVERAGRO (*Soil biodiversity enhancement in European agroecosystems to promote their stability and resilience by external inputs reduction and crop performance increase*) liderado por investigadores/as de dous grupos de CITACA e executado en colaboración con 22 socios de sete países europeos.

Como resultado desta actividade os investigadores/as de CITACA publicaron en 2020 preto de 200 artigos en revistas do JCR, dos cales 77 corresponderon a revistas situadas no D1.

Co obxectivo de aumentar as capacidades da agrupación e ofrecer, ademais, servizos externos de investigación singular a investigadores/as doutras unidades, institucións e empresas, CITACA conseguiu financiamento a través das solicitudes presentadas polos seus investigadores/as e amparadas polo Campus Auga nas convocatorias de «Axudas para a adquisición de equipamento científico-técnico» do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, para adquirir e incorporar aos seus laboratorios os equipamentos singulares que a continuación se indican e que xa están a ser compartidos con grupos externos á agrupación:

- Equipamento para a análise de Hg total en mostras líquidas mediante CV-AFS-AAS e metil-Hg mediante HPLC-AFS.
- Sistema integrado de cromatografía líquida bidimensional axustado á espectrometría de mobilidade iónica e alta resolución.
- Planta piloto de industria alimentaria.
- Reactor tipo steam explosion para o tratamento de biomasa lignocelulósica.
- Equipo de tomografía computerizada de raios X de gran formato e alta resolución.
-

2. Compromiso social

En coherencia coa misión da agrupación, os investigadores/as de CITACA manteñen unha prolongada tradición de colaboración directa co sector produtivo formalizada a través de numerosos contratos e convenios de investigación con empresas, asociacións e cooperativas de produtores, que na anualidade (2020) sumaron un total de 21 accións a pesar das dificultades sufridas polo sector neste período debidas á pandemia, e nove patentes e rexistros de software.

Neste senso, a agrupación mantén de xeito continuado un estreito contacto e colaboración co Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) a través da participación dos investigadores/as en diversos eventos e actividades organizadas e promovidas polo clúster, e da implicación dos grupos de investigación nas accións desenvolvidas pola comisión de I+D de Clusaga e os seus grupos de traballo dende a súa creación en 2020.

Por último, CITACA considera tamén un mandato ineludible o achegamento da ciencia á sociedade a través da divulgación e, en especial, o fomento de vocacións científicas entre as nenas na procura da igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos. Neste senso, investigadores de CITACA manteñen unha intensa actividade de creación de material audiovisual de carácter científico, entre a que cómpre subliñar o vídeo promovido pola Agrupación: «A importancia dos polinizadores nos cultivos» (<http://plantecology.webs7.uvigo.gal/>). Asemade, as investigadoras de CITACA participan de xeito ininterrompido dende os seus comezos en 2017 nas xornadas divulgativas nos campus de Ourense e de Vigo para celebrar o Día da Muller e da Nena na Ciencia.

3.6 Especialización dos campus

No ano 2013 iniciouse a carreira pola especialización nas universidades galegas, feito que a nosa universidade aproveitou levando a cabo accións de cara a consagrar os seus campus universitarios coas máximas distincións e recoñecementos no marco da excelencia e da internacionalización. De acordo con esta visión, a estratexia da Universidade de Vigo é continuar a medrar ata acadar o prestixio internacional para a súa comunidade tanto no ámbito educativo coma na investigación, apostando pola distinción grazas á obtención das acreditacións para os seus campus.

Inténtase en todo momento que a especialización dos campus teña unha clara referencia e relación co contorno social e económico, non só académico, no que se atopa cada un deles.

3.6.1 Campus do Mar



<http://campusdomar.gal/>

En 2010 nace o proxecto de campus de excelencia internacional Campus do Mar da aspiración das universidades de Vigo, de Santiago de Compostela e da Coruña, o CSIC e o IEO, xunto cos centros e coas plataformas tecnolóxicas da comunidade autónoma para desenvolver un campus de excelencia internacional no ámbito das ciencias e das tecnoloxías do mar e, así, crear valor económico e social como motor do desenvolvemento territorial. O campus de excelencia internacional (CEI) Campus do Mar asentouse en dous piares básicos: o mar como aspecto singular e diferenciador, e o carácter transfronteirizo da agregación estratéxica, inscrita dentro da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

A misión do Campus do Mar é dinamizar unha rede transfronteiriza e integrada de unidades de investigación, docencia e transferencia de tecnoloxía, que forma os mellores profesionais e investigadores/as no ámbito das ciencias e das tecnoloxías do mar nas súas diferentes aplicacións económicas e sociais; que xere investigación de calidade e impacto internacional; e que lle proporcione á industria as mellores ferramentas para mellorar a súa competitividade a escala global.

As características e as accións máis destacadas do Campus do Mar son:

- Ser unha estrutura de gobernanza deseñada para asegurar unha cooperación intelixente.
- Ser un campus con clara vocación internacional.
- Promover a mobilidade internacional de persoal investigador e de estudantes.
- Ser un proxecto comprometido cos países en vías de desenvolvemento.
- Atraer de talento para aumentar a masa crítica de investigadores e investigadoras.
- Proporcionar coñecemento dos océanos xerado pola investigación e transferido aos sectores produtivos.
- Promoción de ideas innovadoras arredor do mar.
- Ser un campus aberto, creado para a sociedade.
- Ser unha aposta decidida pola formación, a empregabilidade e a captación de talento.

Entre as actividades de divulgación coordinadas polo Campus do Mar en 2020 destacan:

- Organización das xornadas «As mulleres e o desenvolvemento sustentable. Acción de visibilización do rol da muller no ámbito mariño» promovida dende a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do campus de Pontevedra baixo a coordinación da profesora Maria A. Lires.
- Colaboración na organización do obradoiro «Cartografiado de baixo custo de algas intermareais: taller demostrativo Alganat 2000» mediante tarefas de xestión da organización e emisión en streaming a través da canle Campus do Mar TV.
- Organización do seminario-coloquio, en colaboración coa agrupación estratéxica Ecobas, titulado «Greenland halibut: an important resource in the Arctic and Nordic countries» e impartido pola investigadora Adriana Nogueira Gassent do Greenland Institute of Natural Resources. Tivo lugar o xoves 20 de febreiro de 2020 no edificio Miralles do campus de Vigo e foi retransmitido en streaming a través de Campus do Mar TV. Nel participaron 32 persoas de xeito presencial e preto de 20 persoas de xeito virtual.
- I Concurso de Debuxo e Fotografía «Océanos que unen». Concurso organizado de xeito virtual para conmemorar o Día Mundial dos Océanos. O certame de debuxo, dirixido a nenas e nenos de educación primaria dividiuse en varias categorías de idade e os/as participantes tiveron liberdade para escoller a técnica empregada. O propósito era que as obras reflectisen a beleza do mar, a súa diversidade e o seu papel como espazo de unión e de encontro de familia e de amizades. Por outra parte, o concurso de fotografía estivo orientado a maiores de 12 anos que presentaron traballos en dúas categorías distintas de idade. As temáticas foron procesos mariños, biodiversidade, o mar como fonte de recursos e economía azul, e o mar como espazo de unión e de reunión. Os premiados e premiadas foron galardoados con diversos agasallos de temática mariña orientados á alfabetización oceánica e á divulgación das ciencias mariñas, dende libros e xogos de madeira relacionados co mar para os máis pequenos e pequenas ata unha saída en embarcación a vela polas Rías Baixas para os adultos/as. Aínda está previsto que os máis pequenos/as poidan gozar dunha xornada na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, que tivo que pospoñerse por mor da situación sanitaria.
- Ciclo de relatorios organizado durante o mes de xuño de 2020 de xeito virtual en colaboración con Afundación para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente e o Día Mundial dos Océanos. Nel participaron tres novos investigadores do Centro de Investigación Mariña da UVigo e impartiron relatorios centrados sobre o papel do cogombro de mar nos océanos, a importancia das bacterias ou o papel do fitoplancto no cambio climático. Os relatorios retransmíronse en directo a través da canle de Afundación TV cun acceso directo dende a web do Campus do Mar e actualmente están dispoñibles na canle de YouTube de Afundación.
- Scientists meet Artists. Iniciativa promovida polo Campus do Mar e o Centro de Investigación Mariña da UVigo orientada a divulgar as ciencias do mar e baseada en experiencias colaborativas entre investigadores/as e ilustradores/as. Froito desa colaboración, produciuse unha lámina para colorear baseada nun concepto específico relacionado coas ciencias do mar e que o ilustrador debuxa sendo fiel ao seu estilo propio. Cada lámina leva un texto asociado de xeito que as familias, titores/as, achegados/as etc. poidan explicarlles o concepto aos máis pequenos e pequenas. As láminas constitúen un elemento didáctico que se difundirá entre o público en xeral en 2021, unha vez rematado o proxecto, facendo fincapé na poboación máis nova de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Tense en conta a posibilidade de enviar o material directamente aos centros escolares.

Dentro dos proxectos colaborativos en marcha súmase MarENet «Atlantic Maritime Knowledge Centre», que comezaba en novembro de 2019 e cunha duración prevista ata novembro de 2021. En xaneiro de 2020 tiña lugar a reunión de lanzamento na que se fixo partícipe outros axentes sociais ligados ao ámbito mariño-marítimo como a Fundación MarInnLeg e o Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico. O 16 de setembro organizouse o «Workshop on Training and Labour Market Matching» xunto coa Autoridade Portuaria de Vigo. Este obradoiro impartíuse en modalidade mixta presencial-virtual e nel discutíuse o estado e os retos das carreiras azuis en sectores marítimos clave en termos de formación e de desenvolvemento de competencias. A

parte presencial do evento desenvolveuse no edificio Miralles, mentres que a parte virtual fíxose a través da plataforma Pexip, que se emitiu en *streaming* a través de Campus do Mar TV. Para este evento contou coa presenza de representantes da Comisión Europea e de axentes sociais vinculados á economía azul. O consorcio do proxecto MarENet tamén presentou os resultados da análise sobre a fenda existente entre a oferta formativa e a demanda das empresas en sectores mariños e marítimos na marxe atlántica.

O proxecto MarENet recibiu o recoñecemento da Comisión Europea ao recibir o Atlantic Project Awards na categoría de formación mariña e alfabetización oceánica. O galardón outorgouse durante a «7th Atlantic Stakeholders Platform Conference» (ASPC), celebrada de xeito virtual o 19 de novembro de 2020.

A ASPC tamén acolleu o obradoiro «Atlantic Ports: driving force for innovation and promotion of the Blue Economy across countries» organizado no marco do «Pillar 1. Atlantic Ports» polo Campus do Mar, tras superar un proceso de selección xunto coa Confederación das Rexións Periféricas e Marítimas, e no que o director do Campus do Mar, Daniel Rey, impartiu un relatorio centrado nas carreiras azuis.

En paralelo, o proxecto MarENet tamén participou no Business2Sea, foro internacional celebrado virtualmente en novembro de 2020 coincidindo co ASPC e no que, o 16 de novembro, o xestor de MarENet, Kais Mohammed Falcón, moderou o obradoiro «Towards a pact for skills in the maritime technology industry» organizado pola fundación CETMAR. Puidéronselles presentar os obxectivos do proxecto aos axentes sociais con intereses comúns na economía azul na procura do establecemento de futuras colaboracións.

En canto ao proxecto BLUEBIOLAB, o Campus do Mar organizou o evento de presentación do BLUEBIOLAB, celebrado en Vigo o 4 de febreiro de 2020, e nel amosáronse as capacidades do consorcio transfronteirizo. O evento acolleu 41 asistentes pertencentes a vinte institucións distintas, incluíndo administracións públicas (Xunta de Galicia, INTECMAR), sector empresarial (EnergyLab, Zoomare, Inxenia, ECONET, AECT, Grupo Pereira) e organizacións relacionadas coa biotecnoloxía mariña (CETMAR, CES, Anfaco-Cecopesca etc.). BLUEBIOLAB foi tamén nominado aos «2020 Atlantic Project Awards» e participou no evento ASPC2020 o 19 de novembro de 2020 onde o Campus do Mar amosou o proxecto nun expositor virtual. O pasado 26 de decembro de 2020 o Campus do Mar presentou o proxecto BLUEBIOLAB na iniciativa «BLUE CIES» organizada pola empresa de turismo mariñeiro BLUSCUS e con apoio económico da Deputación de Pontevedra. O evento reuniu representantes do sector público e privado para analizar as posibilidades do mar, a economía e a sustentabilidade. Tania Tato, xestora do BLUEBIOLAB, participou na mesa redonda da xornada que trataba as iniciativas azuis e concedeu unha entrevista onde amosou o Laboratorio Transfronteirizo de Biotecnoloxía Mariña.

En relación co proxecto SHERPA DO MAR, o Campus do Mar, xunto coa OTRI da UVigo e o grupo Rede da agrupación estratéxica Ecobas, forma parte dos grupos e das entidades da Universidade de Vigo que integran este proxecto transfronteirizo financiado a través do programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP). En 2020, o Campus do Mar liderou varias accións das actividades entre as que cabe destacar:

- Na actividade 2, o Campus do Mar foi o responsable de coordinar os traballos da acción «2.1. Desenvolvemento dun plano operativo para a coordinación das iniciativas existentes». Neste plano operativo validáronse as accións requiridas para a posta en marcha da nova plataforma transfronteiriza de emprendemento. Dende o Campus do Mar coordinouse a elaboración do documento, definindo os contidos e establecendo unha canle de comunicación fluída coa consultora encargada da súa elaboración, con xuntanzas nas diferentes fases do traballo.
- Na actividade 3, participamos nas accións que tiñan por tarefa elaborar un mapa de coñecemento por cada unha das universidades/centros de investigación participantes no proxecto (UVigo, USC, UDC, UPORTO e CIIMAR) e un mapa de coñecemento transfronteirizo do ecosistema Sherpa do Mar. Nesta liña, e na idea de fortalecer as estruturas de colaboración entre entidades do Campus do Mar, fixemos un chamamento á participación das entidades que conforman o propio campus. Enviouse un correo para animar á participación nesta plataforma. Recibimos a resposta positiva das seguintes entidades: CESGA, Energylab, Anfaco e Cetmar. O Campus do Mar coordinou a acción «3.2. Desenvolvemento do programa de asesoramento científico-técnico orientado á mellora da competitividade do sector mariño-marítimo». Esta acción supuxo elaborar unha sistemática para

facilitar o acceso dos emprendedores ao asesoramento científico-técnico especializado no ámbito mariño-marítimo para desenvolver as súas ideas de negocio.

En canto á organización e á participación en eventos por parte do Campus do Mar cabe destacar a participación no I Foro Emprego da Universidade de Vigo celebrado os días 19 e 20 de febreiro na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. O Campus do Mar estivo presente cun *stand* na zona de exhibición e participou na sesión de relatorios co obxectivo de presentar as tarefas desenvolvidas dende o Campus do Mar e os proxectos europeos (BLUEBIOLAB, SHERPA DO MAR e MarENet) a través do relatorio «Exemplos de desenvolvemento de capacidades no ámbito mariño-marítimo» impartido por Noelia Estévez Calvar. Durante o evento recolléronse 21 currículos de rapaces e rapazas interesados en traballar en diferentes disciplinas vinculadas co medio mariño.

3.6.2 Campus da Auga



<https://www.uvigo.gal/campus/ourense-campus-auga>

Algunhas das actividades relacionadas coa RSU do Campus da Auga 2020 foron promovidas e desenvolvidas directamente por el e outra en colaboración cos servizos do campus de Ourense, así como a Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, a través da súa sede no campus de Ourense.

Durante o ano 2020 o programa de actuacións do Campus Auga estivo condicionado, como non podía ser doutro xeito, pola crise pandémica xerada pola covid-19, que afectou de modo directo a eventos programados que se tiveron que suspender, así como obrigou a reorientar as condicións de celebración dos que se puideron realizar.

Cómpre salientar que, non obstante, dentro do que foi posible, se mantivo a programación das seguintes actuacións nestas dimensións: formación, investigación, transferencia, comunicación e promoción da igualdade, tal como se recolle detalladamente a continuación.

En relación coa formación cabe destacar:

- Obradoiro de proxectos internacionais «Elaboración de propostas conxuntas», no que se fomentou a colaboración entra as distintas áreas de coñecemento, así como dinamizar a realización de proxectos multidisciplinares entre grupos de investigación do campus de Ourense.
- Xornada informativa H2020 Pacto Verde: «Últimas oportunidades de participación en H2020: The European Green Deal Call on Research and Innovation 2020», na que se desenvolve unha sesión informativa, realizada pola coordinadora do programa de xestores especializados no Programa marco da UE, e membro de CDTI, Marina Martínez, para dar a coñecer os contidos da convocatoria H2020 Green Deal, a través da presentación «Últimas oportunidades de participación en H2020: The European Green Deal Call on Research and Innovation 2020».
- Xornadas Técnicas sobre Financiamento Europeo 2021-2027, nas que se informa sobre as novidades dos programas de financiamento público europeo no novo período 2021-2027.
- Obradoiro de pensamento creativo aplicado á investigación «Desing Thinking», no que se dá a coñecer estas metodoloxía de traballo, que se poden aplicar no proceso de investigación e de transferencia do coñecemento.

En relación coa investigación:

- III Convocatoria de Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus da Auga. O seu obxectivo é estimular a promoción do Campus da Auga, distinguindo accións destacadas no ámbito da investigación, da transferencia e da divulgación, que contribúan a situar e a consolidar este campus como un referente internacional en temáticas relacionadas coa auga. A dotación económica dos premios, que ascende a un máximo de 3600 euros, é proporcionada por Viaqua, no marco dun convenio de colaboración asinado entre esta empresa e a Universidade de Vigo.
- Axudas a grupos de investigación do campus de Ourense-INOUE. O seu obxectivo é impulsar a interacción entre grupos de investigación do campus de Ourense-Campus da Auga de distintos ámbitos de coñecemento, que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Ourense e ao coñecemento da súa realidade, así como á especialización do campus de Ourense-Campus da Auga.

En relación coa transferencia, debemos destacar:

- Participación da Vicerreitoría do Campus de Ourense e da Vicepresidencia do Comité de Dirección do Campus Auga, como representante do Campus Auga-campus de Ourense-Universidade de Vigo nas reunións da Asociación Aquavalor.
- Participación na II Xornada do Clúster Alimentación de Galicia e os Retos Estratéxicos do Sector I+D+i e Sustentabilidade, programada para fomentar as sinerxías de colaboración entre as empresas e os grupos de investigación do campus de Ourense-Campus Auga con potencial no eido agroalimentario, achegándolle ao persoal investigador as necesidades do sector e permitíndolles aos grupos de investigación explicar as súas liñas de traballo neste eido.

En relación coa comunicación, está a revista *REDAS*, publicación internacional electrónica de contido xurídico e periodicidade anual especializada na auga, no medio ambiente e no desenvolvemento sustentable. Edítase dende a Facultade de Dereito da Universidade de Vigo (campus de Ourense) e o seu número 4 foi elaborado por especialistas que tratan cuestións de interese no eido dos recursos hídricos, como o poder adxudicador das comunidades de regantes para os efectos da lei de contratos, a doutrina sobre a anulación de plans xerais e a proposta de creación dunha nova entidade para xestionar o ciclo integral da auga.

Tamén se realizou a publicación do III Congreso Internacional da Auga, en catro volumes, que tratan a temática da auga dende o ámbito humanístico e patrimonial, concretamente dende a historia, a xeografía e a historia da arte, elaborados a partir do III Congreso Internacional da Auga. Auga, Sociedade e Territorio, celebrado do 25 ao 27 de outubro de 2018, no marco do proxecto de especialización do campus de Ourense como Campus da Auga.

En relación coa promoción da igualdade, no marco do procedemento de solicitude de acreditación do Campus Auga como campus de especialización, elaborouse o I Plan de igualdade do Campus Auga, que se expón nun horizonte temporal de catro anos completamente aliñado co contido do III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024. É no que se recoñece a responsabilidade social da Universidade de Vigo, representada neste documento a través do Campus Auga, de ser un referente no que a igualdade entre mulleres e homes constitúe un eixe transversal na súa estrutura e no seu funcionamento dende o que, ademais de impulsar unha docencia de calidade e unha investigación de excelencia, se asume ese mandato social de ser unha referencia en termos de valores e de progreso humano.

3.6.3 Campus Crea



<https://www.uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea>

En relación co Campus Crea, hai que salientar que, como en anos anteriores, en setembro celebrouse nova edición do Pont up Store, evento dedicado ao emprendemento que a Universidade de Vigo impulsa e ten o concello como patrocinador principal. No ano 2020, e motivado pola situación pandémica, o evento celebrouse en liña.

Durante o curso 2019/2020 realizáronse diversos cursos: Creación, xestión e posicionamento de páxinas web desenvoltas con WordPress; Metodoloxía do rendemento: adestramento mental integrado no contexto deportivo; Cultivo doméstico de cogomelos sapotróficos; Comunícame coas mans. Lingua e cultura da comunidade xorda; e Iniciación á escalada en rochodromo.

En decembro de 2020 celebráronse as II Xornadas de Investigación Campus Crea, unha iniciativa na que participaron case unha vintena de mozos/as investigadores do campus de Pontevedra. Nesta actividade cada investigador/a presentou o seu traballo de investigación en formato de póster, seguindo o procedemento habitual en congresos nacionais e internacionais, co obxectivo de establecer un primeiro contacto dos investigadores/as coa exposición dos seus traballos, coñecer as liñas de investigación do campus de Pontevedra e favorecer colaboracións interdisciplinarias.

Ao longo do curso 2019/2020 mantívose un importante apoio institucional ao programa de doutoramento «Creatividade e innovación social e sostible», tanto no mantemento da súa páxina web coma na consecución de profesorado doutras universidades que impartiron conferencias e cursos no programa.

Con relación ao proxecto Erasmus + LAPASSION, no mes de xaneiro de 2020 seleccionouse o estudiantado que ía participar nos proxectos multidisciplinares de abril-maio, aínda que finalmente este evento non se puido realizar por culpa da pandemia.

Durante o ano 2020 consolídase a actividade dun técnico de I+D+i para o campus de Pontevedra, dependente da Oficina de Proxectos Internacionais. Dende entón desenvolvéronse varias actividades relacionadas co seu labor: recompilación de datos e de indicadores do campus de Pontevedra necesarios para avaliar a acreditación dos campus de especialización; procura de convocatorias de proxectos concretadas na presentación de varias solicitudes de proxectos europeos; estudo dos grupos de investigación do campus de Pontevedra e continuación de reunións.

En xuño de 2020 incorpórase un xestor do Campus Crea no organigrama do campus. Esta persoa resulta moi relevante nas tarefas de xestión do campus e préstalles, así mesmo, apoio aos grupos de investigación na procura de fondos de investigación en convocatorias nacionais e internacionais.

En decembro de 2019 apróbase no consello de goberno da UVigo o novo modelo de gobernanza do Campus Crea, que permitirá unha mellor xestión do campus e no que, por primeira vez, interveñen paneis de expertos alleos á propia universidade, no que participan persoas de ámbito científico e académico e tamén do ámbito social e empresaria.

No ano 2020 asínase o convenio entre Foro Empresa e Universidade de Vigo para desenvolver actividades que dinamicen a empregabilidade do Campus Crea. Este foro está composto pola Asociación de Xoves Empresarios (AJE), a Asociación de Empresarios da Mediana e Pequena Empresa da provincia de Pontevedra (AEMPE) e o Foro-Empresa.

Tamén neste curso presentouse a revista *International Multidisciplinary Journal CREA*, unha revista electrónica *Open Access* ligada ao Servizo de Publicacións da UVigo. Publicarase semestralmente e nela

figurarán os resultados de investigación/innovación con contribucións significativas nos ámbitos de coñecemento que se atopan representados no campus de Pontevedra.

Con respecto ao GREEN CAMPUS, desenvolvéronse multitude de actividades. En outubro de 2019 todos os centros do campus, así como as asociacións vinculadas ao Green Campus, foron convocados a expor actividades que se puidesen desenvolver durante o curso 2019/2020. En outubro de 2019 reuniuse a comisión ambiental do Green Campus e aprobouse o Plan de acción 2019-2020, con preto de 80 actividades propostas no ámbito da educación ambiental. A maior parte delas desenvolvéronse ao longo dos meses, aínda que a situación pandémica dificultou algunhas delas. Cabe destacar a creación do Grupo de Consumo Responsable Campus de Pontevedra, que pretende fomentar os hábitos saudables na compra e no consumo de alimentos, o que se traduce en compras de produtos de tempada e de proximidade, e con selo de agricultura ecolóxica.

3.6.4 Vigo Tecnolóxico



O campus de especialización Vigo Tecnolóxico xorde no ano 2014 coa finalidade de consolidar a área da Universidade de Vigo dedicada ás tecnoloxías da información e das comunicacións, aos ámbitos do aeroespacial e da bioenxeñaría, e á investigación industrial vencellada coa enerxía. Os piares de Vigo Tecnolóxico son as tres escolas de enxeñaría asentadas en Vigo (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, Escola de Enxeñaría Industrial e Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía), e os dous centros de investigación vencellados (AtlanTTic e Cintecx).

En 2018, co cambio de goberno da Universidade de Vigo, lévase a cabo a delimitación das súas novas liñas e áreas de especialización e a posta en marcha da acreditación oficial para o campus, baixo a dirección de Daniel Villanueva Torres. A combinación de docencia e de investigación fai que as liñas de especialización do campus conflúan ao redor de dúas áreas principais: a telecomunicación, e as tecnoloxías, enerxía e procesos industriais:

Telecomunicación

- Seguridade e privacidade
- Análise de sinais biomédicos
- Redes de datos
- Tecnoloxías multimedia
- Comunicacións espaciais
- Radar e teledetección
- Servizos electrónicos
- Radio e comunicacións ópticas

Tecnoloxías, enerxía e procesos industriais

- Electrónica e automática
- Fabricación e materiais
- Enerxía
- Transporte
- Enxeñaría biomédica
- Sostibilidade e recursos naturais

O obxectivo de Vigo Tecnolóxico é dinamizar o eido da enxeñaría dentro e fóra da Universidade de Vigo co propósito de transferir coñecemento e xerar valor para a sociedade. O campus de especialización aspira a converterse nun axente activo no proceso de transformación da I+D+i galega mediante unha oferta docente conforme as demandas do tecido produtivo e a xeración de tecnoloxías capaces de responder aos retos sociais de maneira sostible. O seu compromiso coa contorna evidénciase na vocación de contribución ao

desenvolvemento socioeconómico e na defensa de equidade e de igualdade de oportunidades, valores recollidos na Estratexia 2025 de Vigo Tecnolóxico.

Durante o ano 2020 a responsabilidade social de Vigo Tecnolóxico concentrouse na posta das súas capacidades de investigación e de transferencia ao servizo da loita contra a pandemia pola covid-19. Tras o inicio da crise sanitaria en marzo de 2020, púxose en marcha a busca de solucións que dende o eido das enxeñarías contribuísen á contención e á protección ante a pandemia, buscando minimizar o seu impacto. Unha destas propostas foi a plataforma EscudoCovid19 (que aparece desenvolvida no partado «3.5.4. Centros de investigación, Cintecx»).

A citada iniciativa EscudoCovid19 estendeuse no ámbito nacional, articulándose mediante unha plataforma dixital onde provedores de materia prima e ferramentas, centros de produción e medios loxísticos ofreceron os seus recursos e tempo para fabricar e distribuír os protectores faciais. Tamén involucraron outros grupos de investigación do campus de especialización Vigo Tecnolóxico e ata quince empresas do tecido industrial galego.

O traballo desenvolvido en Galicia permitiu entregar entre marzo e maio de 2020, durante o confinamento máis estrito por mor da elevada incidencia do virus, ata 56 000 pantallas, o 24 % do total de escudos producidos no ámbito nacional. Tras superar de longo a previsión inicial da produción de 10 000 pantallas, o balance final da iniciativa manifestou a pertinencia de sumar as forzas do ámbito universitario e empresarial para facer fronte aos retos sociais, e contribuír á cobertura de necesidades esenciais neste caso de saúde pública.

Nesta mesma liña de loita contra a covid-19 enmárcase a iniciativa LU Touch, un dispositivo para abrir portas e pulsar botóns evitando o contacto, pensado de novo para minimizar os riscos de contaxio entre persoal de traballos esenciais. O dispositivo foi ideado pola empresa Lupeon, que ante a alta demanda sumou forzas con outras empresas baixo a coordinación de Asime e a Universidade de Vigo, quen participou con grupos de investigación do Campus Vigo Tecnolóxico. A iniciativa permitiu entregarlle 10 000 dispositivos á Xunta de Galicia para seren distribuídos en hospitais e en centros asistenciais.


Unha das prioridades do campus é xerar sinerxías coa contorna, integrando nas decisións sobre a súa estratexia o tecido produtivo e socioeconómico, co fin de garantir que o estudantado responda ás demandas da sociedade, e que a investigación sirva para que as empresas e os entes públicos sexan sostibles e competitivos no futuro. Nesta liña, durante o ano 2020 cómpre destacar o nomeamento no mes de febreiro dun novo membro do comité consultivo social-empresarial do campus de especialización Vigo Tecnolóxico. Trátase dun representante de Cointega (Clúster Galego Téxtil Moda), que lle achegará á xestión do campus a perspectiva e os intereses dun sector tradicional dentro da estrutura empresarial galega, con varios exemplos claros de éxito empresarial.

3.7 THE IMPACT



A Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, un plan de acción para as persoas, o planeta e a prosperidade. A axenda, cos seus 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), proporciona un plan de acción para afrontar os maiores desafíos mundiais: erradicar a pobreza e fomentar o crecemento económico, a inclusión social, a sostibilidade ambiental, a paz e a boa gobernanza para todas as nacións en 2030. Neste senso, a investigación, a innovación e a educación serán esenciais para axudar a sociedade e afrontar os desafíos sociais, económicos e ambientais.

Neste contexto *Times Higher Education* lanza o «THE University Impact», que ten como obxectivo medir o impacto das universidades na sociedade baseado no éxito das institucións para cumprir obxectivos da Axenda 2030. Nel participaron, na edición de 2020, un total de 768 universidades de preto de 85 países.



Os resultados da UVigo son positivos, en liñas xerais, e moi bos nos ODS 7. Enerxía accesible e non contaminante; OSD 11. Cidades e comunidades sostibles; ODS 8. Traballo decente e crecemento económico; e ODS 17. Alianzas para lograr os obxectivos.

A UVigo acada o posto 17 na súa puntuación global en España e atópase no intervalo 101-200 no ámbito mundial. Con respecto a cada ODS, a posición da UVigo pode verse na seguinte táboa.

Obxectivo de desenvolvemento sostible (ODS)	Posto no ámbito mundial	Núm. de universidades participantes	Intervalo de puntuación
1 FIN DA POBREZA	Fin da pobreza 301+	373	5,4-30,6
2 FAME CERO	Fame cero 101-200	291	36,3-57,8
3 SAÚDE E BENESTAR	Saúde e benestar 401-600	621	20,6-49,7
4 EDUCACIÓN DE CALIDADE	Educación de calidade 201-300	677	48,7-57,6
5 IGUALDADE DE XÉNERO	Igualdade de xénero 101-200	549	51,9-62,4
6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO	Auga limpa e saneamento 101-200	331	38,9-52,3
7 ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE	Enerxía accesible e non contaminante 15	362	77,0

Objetivo de desenvolvemento sostible (ODS)	Posto no ámbito mundial	Núm. de universidades participantes	Intervalo de puntuación
 8 TRABAJO DECENTE E CRECIMIENTO ECONÓMICO	Traballo digno e crecemento económico 101-200	481	54,5-64,9
 9 INDUSTRIAL, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA	Industria, innovación e infraestrutura 101-200	494	53,3-74,7
 10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES	Reducendo desigualdades 201-300	459	38,7-49,0
 11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES	Cidades e comunidades sostibles 49	470	79,8
 12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE	Produción e consumo responsable 101-200	360	48,4-64,3
 13 ACCIÓN POLO CLIMA	Acción polo clima 201-300	377	22,6-38,0
 14 VIDA SUBMARIÑA	Paz xustiza e institucións 101-200	242	23,2-53,4
 15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES	Vida de ecosistemas terrestres 101-200	269	30,5-55,9
 16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS	Paz, xustiza e institucións sólidas 101-200	454	63,2-72,6
 17 ALIANZAS PARA ALCANZAR OS OBXECTIVOS	Alianzas para lograr os obxectivos 101-200	808	70,7-80,6

Máis información sobre a clasificación THE Impact pode consultarse na súa web:

https://www.timeshighereducation.com/rankings/impact/2020/overall#!/page/0/length/25/sort_by/rank/sort_order/asc/cols/undefined.

3.8. Transparencia



Segundo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016), as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas están incluídas no

seu ámbito de aplicación. Ao mesmo tempo, a Universidade de Vigo, en virtude da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, desenvolve no seu ámbito as disposicións que as leis anteditas indican. Neste senso, apróbase, na sesión do Consello de Goberno do 9 de outubro do 2017, o Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo. O citado regulamento establece na universidade os mecanismos e os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno.

Por outra parte, a Universidade de Vigo leva anos comprometida coa transparencia e co rendemento de contas ao publicar a información sobre os resultados da súa actividade a través da súa páxina web. O froito deste compromiso e das obrigas derivadas das distintas normativas trasládase ao regulamento, o que permite situar a Universidade de Vigo entre as administracións máis activas e responsables. Neste senso, o regulamento amplía as obrigas de información que debe ser publicada, ao recoller a previsión do artigo 6.2 da Lei 1/2016, que permite un réxime máis amplo en materia de publicidade activa. Regúlanse, así mesmo, os rexistros de actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos, completando a normativa aplicable. Desenvólvense igualmente aspectos relacionados co bo goberno, co goberno aberto e cos mecanismos de participación cidadá e da comunidade universitaria.

No devandito regulamento tamén se establece no artigo 22 a obriga, por parte da Secretaría Xeral e en coordinación coa Unidade de Análises e Programas, de realizar un informe anual relativo ao grao de cumprimento da normativa de transparencia. O citado informe recolle:

- a) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta normativa.
- b) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.
- c) Os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.
- d) A relación de reclamacións presentadas contra as denegacións de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

Sen dúbida, o máis destacado do ano 2020 é un brusco descenso do número de visitas, de 71 093 a 65 736, o que implica un -7,54 % menos ca no período anterior. Debemos ter en conta que o modo en que almacena datos Google Analytics sufriu modificacións en 2020 para adaptarse á nova normativa europea ao respecto.

	2017	2018	2019	2020	% de variación	% acumulada
Núm. total de visitas	61 924	70 082	71 093	65 736	-7,54 %	-35,98 %
Visitas de traballo interno	1283	1156	623	ND	ND	ND
Núm. de visitas reais	60 641	68 926	70 470	65 736	-6,72 %	8,40 %

Dos diferentes apartados que podemos atopar dentro do portal de transparencia, «UVigo en cifras» acada o maior número de visitas, cun 66,01 %. Dentro del, é o apartado de titulacións oficiais o que maior número de visitas obtén, un total de 13 309.

Con respecto ao cumprimento de obrigas de publicidade activa, en función das diferentes normativas, cabe destacar que se acada un 100 % de publicidade, con 19 indicadores publicados ao respecto da Lei 19/2013 de transparencia estatal, 50 indicadores ao respecto da Lei 1/2016 da Lei de transparencia galega e 17 indicadores relativos ao Regulamento de transparencia da propia Universidade de Vigo. Con respecto á Lei 6/2018, de presupostos xerais do Estado para o ano 2018 que na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, no seu punto cuarto, indica que cada administración pública deseñará un plan de control do absentismo, que debe ser obxecto de difusión pública a través do respectivo portal de transparencia. No citado portal serán tamén

obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificado por causa, cunha periodicidade polo menos semestral, que son os que se atopan publicados.

Dentro da xestión do portal de transparencia destacamos que se publicaron un total de 130 actualizacións de ficheiros e de informes ao longo do ano, 22 máis ca en 2019. A publicación destes ficheiros implica, en primeiro lugar, a recollida de datos de diversos servizos e unidades da UVigo.

A recollida de información é realizada pola UAP, en diversos momentos ao longo do ano, un total de cento dúas peticións de datos e información que debe ser logo elaborada. Sobre a información recollida, a UAP realiza diversas actividades e cálculos, como pode ser o cálculo de equivalencias a tempo completo ou a realización de táboas e de gráficos para facer máis comprensible e aumentar a usabilidade da información. Os datos recollidos e elaborados tamén se utilizan para participar en diferentes clasificación e para realizar estatísticas oficiais.

En relación co dereito de acceso en 2020, recibíronse un total de 19 solicitudes de datos amparados nas leis de transparencia e que deron lugar a un total de 20 resolucións. Das solicitudes recibidas 15 foron asignadas á Secretaría Xeral e 4 á Unidade de Análises e Programas.

Unha das maneiras máis efectivas de avaliar o compromiso coa transparencia na nosa institución e de observar as valoracións externas que sobre el fan outras institucións é a través das súas clasificacións.

Unha delas é a plataforma Dyntra (Dynamic Transparency Index), que nace como unha plataforma colaborativa que traballa na medición e na xestión do goberno aberto nas organizacións e na sociedade civil. En decembro do ano 2020, a Universidade de Vigo atopábase na segunda posición da súa clasificación, cumprindo un total de 125 dos 137 indicadores (un 91,24 %).

POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	 Universidad de Burgos	126 de 137 indicadores	91.97%
2	 Universidade de Vigo	125 de 137 indicadores	91.24%
2	 Universidad de Valladolid	125 de 137 indicadores	91.24%
4	 Universidad de Murcia	120 de 137 indicadores	87.59%
5	 Universidad Rey Juan Carlos	113 de 137 indicadores	82.48%
6	 Universitat de Girona	107 de 137 indicadores	78.1%
7	 Universidad de Zaragoza	106 de 137 indicadores	77.37%
8	 Universidad de A Coruña	105 de 137 indicadores	76.64%
9	 Universitat de les Illes Balears	103 de 137 indicadores	75.18%
9	 Universidad de Cádiz	103 de 137 indicadores	75.18%

Por outra parte, a Fundación Compromiso y Transparencia, coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e nas empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza en 2020 o «Exame de transparencia 2019. Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas». Nesta anualidade a Universidade de Vigo mellora a súa posición con respecto ao ano pasado, continúa dentro do grupo das universidades transparentes pero mellora a súa puntuación de 44 a 50 puntos. Logra así estar no terceiro posto xunto coas universidades de Burgos e de Oviedo.

■ Transparente ■ Translúcido ■ Opaco

PUESTO	INSTITUCIÓN	PTS	VAR.
1	Universidad de Castilla-La Mancha	53	▲
1	Universidad de Huelva	53	▲
2	Universidad Rey Juan Carlos	51	=
2	Universidad de Cantabria	51	▼
3	Universidad Politécnica De Cartagena	50	▲
3	Universidad de Burgos	50	▼
3	Universidad de Oviedo	50	▲
3	Universidade de Vigo	50	▲
4	Universidad Carlos III de Madrid	49	▲

Fonte: Fundación Compromiso e Transparencia (<https://www.compromisoytransparencia.com/rankings-de-transparencia/sector/universidades>)



Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

Os grupos de interese ou partes interesadas da nosa institución son as persoas ou entidades afectadas polo noso traballo e que a súa vez nos inflúen coas súas expectativas á hora de realizar o noso labor.

O estudantado representa o noso máis grande e importante grupo de interese e o obxectivo prioritario da nosa misión; por este motivo, alén das tarefas intrinsecamente académicas, a Universidade de Vigo promove, a través de diferentes programas, toda unha gama de actividades complementarias. Así mesmo, os traballadores/as da Universidade de Vigo representan os elementos que fan posible que tanto as tarefas académicas como de xestión permitan ofrecer os nosos servizos.

Estes dous grupos permiten atender a nosa misión que é a de ser promotora da creación e da difusión do pensamento crítico e do fomento da cultura entre a comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto. A comunidade local xunto coa sociedade xeral representan o outro grupo de interese ao cal debemos ter en conta, establecendo unha comunicación intensa e profunda con elas co fin de incorporar a súas expectativas e necesidades.

4.1 Estudantado

4.1.1 Orientación ao estudantado



No ano 2014 creouse, dentro da estrutura de goberno da universidade, a Vicerreitoría de Estudantes, coa que se centraliza nun mesmo departamento ámbitos de actuación de gran transcendencia para o estudantado, como prácticas, emprego, emprendemento, bolsas, multilingüismo, formación transversal, e cuestións relacionadas coa vida académica do estudantado. Dótase, deste xeito, á universidade dunha nova unidade estable e diferenciada de atención aos estudantes que, xunto coa Sección de Información ao Estudante (SIE) completa a orientación ao estudantado en todos os aspectos relacionados coa vida universitaria. A través da SIE ofrécese a todo o estudantado e ás persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias, unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria. Ademais, ofrece atención nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

Datos do Gabinete Psicopedagóxico no ano 2019/2020

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Consultas recibidas	1306	415	1526
Accións formativas desenvolvidas	4	3	3
Número de participantes en accións formativas	251	23	52

4.1.2 Bolsas



En primeiro lugar hai que destacar a centralización no Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos da xestión de todas as convocatorias de subvencións destinadas ao estudantado que estaban espalladas por distintas unidades da Universidade, agás as convocatorias ligadas á mobilidade internacional (xestionadas pola Oficina de Relacións Internacionais) e as subvencións dos programas de investigación (xestionadas polo Servizo de Apoio á Investigación).

Unha das primeiras accións realizadas foi a creación da páxina web do servizo co obxectivo de facilitar toda a información útil ao estudantado sen necesidade de desprazamento ata as dependencias físicas do servizo.

Ao longo do curso 2019/2020 xestionáronse dúas convocatorias do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) e 34 convocatorias propias da Universidade de Vigo, con todos os seus procedementos derivados (preparación e difusión da convocatoria, xestión de solicitudes, xestión económica, xustificación e reintegro).

Bolsa de carácter xeral da Administración xeral do Estado

No curso 2019/2020 un total de 5961 persoas beneficiáronse dunha bolsa da Administración xeral do Estado. O importe total concedido foi de 14 215 426 € dos cales 10 534 013 € corresponden á bolsa económica e 3 681 413 € corresponden á matrícula. O 41 % das persoas matriculadas solicitan bolsa e obtéñena o 67 % das persoas que a solicitan, polo tanto unha de cada catro persoas matriculadas obtén abolsa. Das concedidas, o 28,73 % teñen concedida a contía ligada á renda cun importe por bolsa de 1700 € o 24,39 % teñen concedida a contía de residencia cun importe por bolsa de 1600 € e o 17,53 % teñen só concedida a gratuidade dos estudos. A contía por excelencia concedeuse a 1563 estudantes (o 26,86 % das concedidas), cun total de 109 263,00 €

Convocatorias de estudo e colaboración

A Universidade de Vigo, un ano máis, mantén o seu compromiso coa igualdade de oportunidades a través dos programas de axudas financiados co seu propio orzamento e achegas doutras entidades, así coma premios que procuran animar o estudantado a acadar as máximas cotas académicas. A contía total é de 2 638 390,20 €

	Concedidas	
	Total	Contía
Axudas ao estudo	202	89 552,45 €
Axudas de aloxamento nas residencias de estudantes da UVigo	39	35 100 €
Axudas Incuvi-Emprende	10	16 753,9 €
Axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado de Doutoramento en protección do patrimonio cultural (UVIGO - USC)	3	600 €
Axudas para redactar e defender en galego teses de doutoramento, traballos de fin de grao e traballos de fin de mestrado, así como recoñecer a calidade lingüística nos traballos de fin de grao e mestrado	27	11 200 €

	Concedidas	
	Total	Contía
Axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da UVigo	19	31 615 €
Axudas Proxecto Erasmus+KA2 DIPCAT na University of Bournemouth (Reino Unido)	5	1 375 €
Axudas urxentes e excepcionais covid-19	174	58 381,9 €
Bolsas INCUVI - AVANZA	11	18 926,99 €
Bolsa complementaria da Deputación de Ourense para estudantado Erasmus.	14	14 000 €
Bolsa complementaria deputación Pontevedra para estudantado de mobilidade internacional	99	99 000 €
Bolsa formación en educación ambiental (GREENCAMPUS)	1	2642,05 €
Bolsa para inicio de mestrado	34	50 208,35 €
Bolsa Santander investigación	1	5000 €
Bolsas mobilidade alumnado de mestrado	3	2500 €
Bolsas de comedor	534	267 000 €
Bolsas de formación complementaria nos sistemas informáticos	80	306 428,02 €
Bolsas de formación en centros	31	114 189,7 e
Bolsas de formación en centros de investigación	7	29 774,89 €
Bolsas de formación en Unidades e áreas	21	67 134,64 €
Bolsas de mobilidade Fundación Mulleres por África	2	4 761,7 €
Bolsas de Posgrao da Fundación Carolina.	2	1 099,76 €
Bolsas Erasmus + Estudos (KA 103)	555	1 066 903 €
Bolsas Erasmus+ Prácticas	44	48 284 €
Bolsas Fundación ONCE-CRUE	7	10 889,65 €

	Concedidas	
	Total	Contía
Bolsas Iberoamérica do Banco Santander	19	57 000 €
Bolsas Mobilidade Doutoramento	34	38 798 €
Bolsas mobilidade internacional Ourense exterior para realizar estudos de Máster no Campus de Ourense	4	4 000 €
Bolsas para a realización de cursos no Centro de Linguas	51	9 843 €
Bolsas para integración de alumnado con necesidades educativas especiais	5	6 900 €
Bolsas Programa de Intercambio GE4 para estudantes de enxeñaría.	2	3 000 €
Bolsas Propias de Mobilidade	46	90 000 €
Bolsas Santander Progreso	13	13 000 €
Premio traballo fin de grao e fin de mestrado en temáticas relacionadas coa axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social	6	3 978,2 €
Premios Cátedra Deloitte ao mellor traballo fin de grao e traballo fin de mestrado no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación	1	750 €
Premios Exeria á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos fin de grao e de fin de mestrado	6	3300 €
Premios a excelencia académica para estudantado que inicie estudos de mestrado	15	9000 €
Premios á excelencia académica para estudantado que inicie estudos grao	60	36 000 €
Premios aos expedientes académicos con mellores cualificacións no Máster de estudos ingleses avanzados	2	500 €
Premios de excelencia de doutoramento	36	9 000 €
Total	2225	2 638 390,20 €

Axudas urxentes e excepcionais covid-19

En relación coas bolsas destinadas a atender as necesidades do estudantado da UVigo en estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento, afectado polas consecuencias económicas da declaración do estado de alarma que lle impida ou dificulte a continuidade nos estudos tiveron un orzamento inicial de 150 000 € do que se executou un 40,51 % en un total de 317 solicitudes, cunha contía media de 343,31 €

4.1.3 Prácticas e acceso ao mercado laboral



A realización de prácticas externas é unha ferramenta decisiva tanto na formación integral do estudiantado como, dun xeito mais institucional, no desenvolvemento das relacións da propia Universidade de Vigo coa súa contorna máis próxima.

As prácticas achegan o estudiantado á realidade profesional, facilitando a súa relación cos distintos sectores socioeconómicos e aumentando a súa empregabilidade, pois proporciona competencias, habilidades e coñecementos de carácter práctico indispensables na súa integración e desenvolvemento profesional.

Por outra parte, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar os sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

Prácticas realizadas polo noso alumnado durante o curso 2019/2020

Durante o curso académico 2019/2020 a Área de Emprego xestionou, a través da Fundación Universidade de Vigo, as prácticas académicas extracurriculares (as curriculares xestionáronse nos centros) realizadas polo alumnado nos tres campus.

Prácticas académicas

Número de alumnos/as en prácticas	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016	Curso 2016-2017	Curso 2017-2018	Curso 2018-2019	Curso 2019-2020
Extracurriculares	1 123	1 269	1 187	1 055	913	521
Curriculares	3 473	3 654	3 652	3 935	3 497	3 570
Número de convenios	1 974	1 996	2 958	3 047	3 994	4 267

Durante o curso académico 2019/2020 diminúe o número de estudantes que realizaron prácticas académicas extracurriculares, aínda que aumenta o número de convenios asinados para realizalas. Como se pode apreciar no cadro, a tendencia é a incrementar a cantidade de empresas e institucións implicadas. Debemos neste punto recordar que as especiais circunstancias ocasionadas pola covid-19, fixeron moi complexa a realización das prácticas correspondentes a este curso académico.

As prácticas extracurriculares realizáronse no curso académico 2019/2020 en 544 empresas, que se clasifican por sector de actividade e de acordo co seu CNAE do seguinte xeito:

CNAE	Empresas
Actividades administrativas e servizos auxiliares	24
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	5
Actividades financeiras e de seguros	13
Actividades inmobiliarias	2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	169
Actividades sanitarias e de servizos sociais	11
Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	27
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	10
Comercio ao por maior e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	31
Construción	12
Educación	17
Hostalería	5
Industria manufactureira	77
Industrias extractivas	1
Información e comunicacións	72
Outros servizos	41
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	8
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3
Transporte e almacenamento	16
TOTAL	544

Orientación e información de emprego

A Área de Emprego e Emprendemento ten como principal misión estreitar os vínculos entre a universidade e a sociedade en materia de emprego e facilitar o coñecemento mutuo das necesidades, requisitos e posibilidades de cada unha das partes. Consecuentemente, leva a cabo unha serie de accións que, a partir das necesidades detectadas, permiten ofrecer (de maneira continuada) novas oportunidades de inserción laboral e impulsar así a empregabilidade de estudantes e persoas egresadas desta universidade.

Durante o curso académico 2019/2020 realizouse o asesoramento por vía telemática a 32 estudantes finalistas da universidade participantes en “Directos/as por un día” con consellos para mellorar a redacción do seu currículum vitae. Tamén se realizaron 29 entrevistas individualizadas de orientación laboral (17 % a estudantes e 83 % a persoas tituladas).

Con respecto á idade das persoas entrevistadas, 21 anos é a mínima e 38 anos a máxima, e a idade media é 25 anos.

A localización xeográfica das persoas entrevistadas corresponde a meirande parte á área metropolitana de Vigo, con 17 persoas, seguido de Pontevedra, con 6 persoas e Ourense, A Coruña e persoas de fóra de Galicia, con dúas persoas cada unha delas.




Número total de entrevistas desagregado por ámbito, sexo e situación académica

Ámbito	Estudiantes		Tituladas/os		Total
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	
Arte e humanidades	1	0	1	0	2
Ciencias da saúde	0	0	0	0	0
Científico	2	1	1	2	6
Tecnolóxico	0	1	1	0	2
Xurídico-social	0	0	15	1	16
Mestrado	0	0	2	1	3
Doutoramento	0	0	0	0	0
Total	3	2	20	4	29

Ofertas de emprego

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2019/2020 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores. En total, tramitáronse 184 ofertas de emprego, xestionáronse tamén 65 convocatorias de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio de cooperación educativa da Universidade de Vigo).

Ofertas de emprego por ámbito 2019/2020



Emprendemento-autoemprego

A Área de Emprego e Emprendemento fomenta a iniciativa de autoemprego do estudantado e das persoas tituladas pola Universidade de Vigo, principalmente a través da convocatoria de dous programas propios deseñados para facilitar o desenvolvemento de ideas de negocio: o INCUVI-EMPRENDE, como programa de apoio a iniciativas empresariais na súa fase inicial, e o INCUVI-AVANZA, deseñando para facilitar a consolidación dos proxectos máis viables que fixeron o seu paso polo programa INCUVI-EMPRENDE.

Nos premios INCUVI-EMPRENDE, na convocatoria 2019/2020, escolléronse un total de 11 proxectos entre os tres campus, para ofrecer seis espazos na cidade universitaria do campus de Vigo, catro no campus de Ourense e un espazos no campus de Pontevedra, que se atopan na sede da Asociación de Empresarios Mediana e Pequena empresa.

4.1.4 Inserción laboral

A Universidade de Vigo, preocupada pola transición das persoas egresadas ao mercado laboral, elabora os seus propios estudos patrocinados polo Consello Social, e colabora con entidades externas como a ACSUG ou o INE na realización de enquisas e informes nos que se avalíe a inserción laboral destas. Preséntanse de seguido os resultados dos informes publicados. Hai que ter en conta que para os estudos de inserción laboral é preciso deixar transcorrer certo tempo, de aí que se publiquen nesta memoria os datos das persoas egresadas no curso 2013/2014, achegados pola ASUG.

Titulación	Traballa	Non traballa	Tempo medio en atopar traballo relacionado coa súa titulación (en meses)
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	62,50 %	37,50 %	6,67
Grao en Ciencias Ambientais	90,91 %	9,09 %	16,80
Grao en Enxeñaría Agraria	66,67 %	33,33 %	7,02
Grao en Xeografía e Historia	33,33 %	66,67 %	
Grao en Dereito (Ourense)	61,54 %	38,46 %	11,41

Titulación	Traballa	Non traballa	Tempo medio en atopar traballo relacionado coa súa titulación (en meses)
Grao en Administración e Dirección de Empresas (Ourense)	90,00 %	10,00 %	6,19
Grao en Consultoría e Xestión da Información	100,00 %	0,00 %	8,00
Grao en Turismo	100,00 %	0,00 %	4,50
Grao en Educación Infantil (Ourense)	57,69 %	42,31 %	13,56
Grao en Educación Primaria (Ourense)	45,95 %	54,05 %	12,00
Grao en Educación Social	84,85 %	15,15 %	16,78
Grao en Traballo Social	68,75 %	31,25 %	13,15
Grao en Enxeñaría Informática	87,50 %	12,50 %	2,98
Grao en Enfermaría (Ourense)	96,30 %	3,70 %	8,47
Grao en Belas Artes	56,52 %	43,48 %	16,11
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	67,65 %	32,35 %	4,24
Grao en Educación Infantil (Pontevedra)	73,68 %	26,32 %	13,96
Grao en Educación Primaria (Pontevedra)	54,55 %	45,45 %	14,81
Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	100,00 %	0,00 %	10,67
Grao en Comunicación Audiovisual	73,33 %	26,67 %	8,13
Grao en Dirección e Xestión Pública	71,43 %	28,57 %	12,75
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	87,18 %	12,82 %	8,20
Grao en Fisioterapia	100,00 %	0,00 %	0,82
Grao en Enfermaría (Pontevedra)	100,00 %	0,00 %	8,06
Grao en Estudos de Galego e Español	44,44 %	55,56 %	26,00
Grao en Lingua e Literatura Inglesa	58,33 %	41,67 %	7,25
Grao en Tradución e Interpretación	68,89 %	31,11 %	12,83
Grao en Bioloxía	46,43 %	53,57 %	2,37
Grao en Administración e Dirección de Empresas (Vigo)	87,50 %	12,50 %	8,04
Grao en Economía	85,00 %	15,00 %	9,50
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	94,74 %	5,26 %	4,07
Grao en Comercio	80,00 %	20,00 %	10,00
Grao en Dereito (Vigo)	73,08 %	26,92 %	17,70
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	85,00 %	15,00 %	8,00
Grao en Enxeñaría da Enerxía	86,67 %	13,33 %	7,57

Titulación	Traballa	Non traballa	Tempo medio en atopar traballo relacionado coa súa titulación (en meses)
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	100,00 %	0,00 %	12,00
Grao en Ciencias do Mar	60,00 %	40,00 %	13,40
Grao en Química	66,67 %	33,33 %	7,00
Grao en Enxeñaría Eléctrica	100,00 %	0,00 %	5,33
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	50,00 %	50,00 %	3,00
Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	87,50 %	12,50 %	13,85
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	89,47 %	10,53 %	6,95
Grao en Enxeñaría Mecánica	100,00 %	0,00 %	6,69
Grao en Enxeñaría Química Industrial	90,00 %	10,00 %	12,50
Grao en Educación Infantil (Vigo)	68,75 %	31,25 %	12,37
Grao en Educación Primaria (Vigo)	70,00 %	30,00 %	7,64
Grao en Enfermaría (Meixoeiro), (Vigo)	93,10 %	6,90 %	5,88
Grao en Enfermaría (Povisa), (Vigo)	93,10 %	6,90 %	5,88
Grao en Administración e Dirección de Empresas (IESIDE)	87,50 %	12,50 %	8,04
	77,48 %	22,52 %	9,57

4.2 Persoal da Universidade de Vigo



O cadro de persoal laboral da Universidade de Vigo esta constituído polo persoal docente e investigador (PDI), o persoal de administración e servizos (PAS) e o persoal investigador (persoal en formación predoutoral e posdoutoral, e polo persoal contratado con cargo a proxectos de investigación). Representan un dos grupos de interese prioritarios para a nosa institución xa que son os que procuran o servizo máis directo e importante para os nosos/as estudantes.

Consideramos que unha das maneiras de ser máis eficientes como institución é promover que o traballo que desenvolve o noso persoal sexa da máxima calidade. Deste xeito, a Universidade de Vigo trata de aproveitar o seu talento, fomentando as súas capacidades e cumprindo o principio de igualdade de oportunidades, nun ambiente de traballo motivador e enriquecedor. Entendemos que este é un dos xeitos máis importantes de compromiso co noso estudantado e coa sociedade.

Tipo de persoal	Total	% mulleres	% estranxeiros/as	% fixo
PDI	1 459	42,02 %	1,17 %	34,55 %
PAS	822	60,71 %	0 %	67,03 %
Persoal investigador	668	53,29 %	7,34 %	
TOTAL	2 949	49,78 %	2,24 %	

En 2020 traballaron na Universidade de Vigo 2 949 persoas, das que o 49,78 % deste total son mulleres, e mantéronse porcentaxes similares ás de anos anteriores.

4.2.1 Persoal docente e investigador (PDI)

A súa función prioritaria é a docencia e os labores de investigación e transferencia, así como a asistencia ao estudante e atender as necesidades de xestión. O PDI está composto por funcionarios/as e por persoal contratado: PDI funcionario e PDI laboral. A repartición por categorías do total do PDI é o seguinte:


Persoal docente e investigador (PDI) segregado por categoría e sexo a día 31/12/2020

	Total	Mulleres	Doutoras/es	Total ETC*
Axudante doutor/a	47	19	47	38,60
Catedrático/a de escola universitaria	13	5	13	12,13
Catedrático/a de universidade	173	43	173	169,27
Interino/a	88	61	32	15,51
Lector/a	3	2	0	3,00
Profesor/a contratado/a doutor/a	238	125	238	238,00
Profesor/a titular de escola universitaria	41	14	6	41,00
Profesor/a titular de universidade	546	229	543	532,64
Profesorado asociado	302	113	87	62,22
Profesorado emérito	8	2	8	8,00
TOTAL	1 459	613	1 147	1 120,36


*(ETC) : equivalencia e tempo completo

Respecto do ano 2019, o número de PDI en equivalencia a tempo completo descendeu en 13,34 persoas.

Comparativamente co ano 2019, en 2020 houbo un descenso de contratación de PDI e as áreas máis afectadas son as de Artes e humanidades e Ciencias sociais e xurídicas cunha perda de 14 e 4 efectivos cada unha.



Por ramas científicas, as mulleres son maioría no ámbito de ciencias da saúde e no ámbito de artes e humanidades onde representan o 61,54 % e o 55,76 % respectivamente. Os ámbitos onde se percibe un aumento da presenza de mulleres con respecto ao 2019 son artes e humanidades, cun 1,65 % e ciencias sociais e xurídicas cun 0,74 %. Pola contra na área de enxeñaría prodúcese un descenso de 0,15 %.



4.2.2 Persoal de administración e servizos (PAS)

O PAS representa un elemento clave no funcionamento eficaz da universidade xa que presta un apoio imprescindible á comunidade universitaria facilitando múltiples tarefas de xestión.


	Ano 2019			Ano 2020		
	Total	% mulleres	% fixo	Total	% mulleres	% fixo
Persoal laboral	394	40,61 %	65,99 %	388	40,98 %	63,40 %
Persoal funcionario	428	78,97 %	72,43 %	427	78,92 %	71,43 %
Persoal eventual e altos cargos	7	42,86 %	0,00 %	7	42,86 %	0,00 %
TOTAL	829	60,43 %	68,76 %	822	60,71 %	67,03 %

Para darlle servizo funcional á Universidade de Vigo, en 2020 esta institución contou con 822 persoas (7 menos que no ano anterior) das cales o 60,71 % son mulleres, porcentaxe similar ao ano anterior.

Tamén é salientable sinalar que o 78,92 % do PAS funcionario son mulleres. Porén, soamente un 42,86 % pertencen ao persoal eventual ou altos cargos e un 40,98 % ao persoal laboral.

PAS funcionario por categoría profesional e xénero


	2019		2020	
	Total	Total	Total	% mulleres
Grupo A1	10	10	10	50,00 %
Grupo A2	72	72	82	75,61 %
Grupo C1	232	232	217	79,72 %
Grupo C2	114	114	118	82,20 %
TOTAL	428	428	427	78,92 %



PAS laboral por categoría profesional e xénero

	2019		2020	
	Total	% mulleres	Total	% mulleres
Grupo I	70	52,86 %	70	54,29 %
Grupo II	13	61,54 %	13	53,85 %
Grupo III	174	35,63 %	173	35,26 %
Grupo IV	137	38,69 %	132	40,15 %
TOTAL	394	40,61 %	388	40,98 %

PAS laboral por grupo e idade 2020



4.2.3 Outro persoal investigador. Ano 2020

Este grupo está composto polo persoal en formación predoutoral e postdoutoral e polo persoal contratado con cargo a proxectos de investigación.

	Total	% mulleres	% estranxeiros/as
Persoal contratado con cargo a proxectos	378	48,15 %	8,99 %
Persoal técnico de programas de investigación	264	58,71 %	5,68 %
Persoal técnico de programas	26	73,08 %	0,00 %
TOTAL	668	53,29 %	7,34 %

No ano 2016, a Universidade de Vigo conseguiu o selo HRS4R. A Comisión Europea reconece co HR Excellence in Research Award as institucións que fan progresos na aliñación das súas políticas dos recursos humanos cos 40 principios da Carta europea Para o persoal investigador e do Código de conduta.

No ano 2019, elaborouse o informe de seguimento da implantación do selo na nosa universidade cun resultado favorable por parte da Comisión Europea.

Dentro desta implantación, a Universidade de Vigo conta cun plan de acción para converxer cos obxectivos propostos. As 19 accións están a desenvolverse progresivamente. Para isto, creáronse dous grupos de traballo:

- Grupo de traballo de implantación do HRS4R
- Grupo de OTM-R para a contratación, aberta, transparente e baseada en méritos.

Neste último ano, fixéronse grandes avances. Un dos máis relevantes foi a difusión e a comunicación coa comunidade universitaria sobre que é o selo HRS4R, a través dun curso con expertos/as organizado en maio 2019, así como con conferencias nos diferentes campus para achegarlles o selo a todos os nosos membros. O logo do selo integrouse na páxina web da Universidade para identificarnos como unha Universidade que vela pola carreira investigadora dos nosos investigadores e investigadoras.

Como primeiro paso na implantación, adaptáronse as catro figuras europeas da carreira investigadora (R1-R4), á realidade da Universidade de Vigo.

No ámbito da ética na investigación, tivo lugar tamén un curso de formación impartido pola responsable de Ética da Universidade do País Vasco, e estase a traballar na creación dunha comisión de ética da Universidade e na creación do comité de experimentación en humanos, os seus datos e mostras, e o medio ambiente.

Resulta moi destacable o regulamento de persoal investigador visitante, pendente de aprobación definitiva, así como o procedemento asociado. Neste marco estase a desenvolver o manual de benvinda de novos investigadores/as coa información básica necesaria e accesible para integrarse na nosa universidade.

Tamén resulta importante salientar que se deron en 2019 os primeiros pasos cara a Ciencia Aberta, inicialmente con formación, a través dunha conferencia impartida pola responsable de Ciencia Aberta do FECYT e coa asistencia a diferentes cursos de formación en liña.

No ano 2020 no plan de acción do selo HRS4R de recursos humanos na investigación realizáronse reunións semanais-quincenais do grupo de traballo para impulsar o plan de acción da Universidade de Vigo. As citadas reunións estiveron condicionadas polas restricións impostas pola covid. Entre as accións levadas a cabo destacan as seguintes:

- Aprobouse o Regulamento de investigadores visitantes á Universidade de Vigo.
- Elaborouse o procedemento para recibir os investigadores visitantes. Para isto, creouse unha plataforma para solicitar as invitacións.
- Iniciouse a elaboración dun documento de benvinda Welcome Manual para investigadores visitantes.
- Iniciouse a redacción do Regulamento de ética da Universidade.
- Realizáronse charlas informativas relacionadas coa Ciencia Aberta.
- A Universidade de Vigo integrouse como membro na European Open Science Cloud (EOSC) Association.
- Iniciouse a redacción da Normativa de contratación de investigadores con cargo a proxectos.

4.2.4 Beneficios sociais



A Universidade de Vigo, comprometida co seu persoal, mantén varios programas de beneficios sociais, co obxecto de contribuír ao benestar e á mellora da calidade de vida dos membros da comunidade universitaria.

Ademais dos pagamentos salariais, o persoal da nosa universidade ten outros beneficios sociais de diferentes tipoloxías que no ano 2020 deu como resultado a seguinte distribución e importe.

Con cargo a capítulo I		
Concepto	Persoas beneficiadas	Importe total
Acción Social	412	178 407,91
Complemento I.T.	306	706 530,44
CPT	11	6731,41
Gratificacións xubilación anticipada	10	69 567,47
Gratificación servizos extraordinarios	11	8774,27
Indemnización	91	11 409,78
Indemnización falecemento	1	3000
Prestación de accidentes	38	39 787,74
Prestación de enfermidade	117	811 465,36
Rendementos de máis 2 anos/irregulares	11	232 850,21

Con cargo ao capítulo 6		
Concepto	Persoas beneficiadas	Importe total
Complemento I.T.	1	22 648,92
Indemnización	1	188 425,54
Prestación de accidentes	1	11 406,8
Prestación de enfermidade	1	28 174,58

Exencións de matrícula na universidade do persoal propio e doutras universidades. Ano 2019/2020

2019/2020	UVIGO	USC	UDC
Número de persoas	333	74	27
Importe total	185 621,62 €	44 130,78 €	17 034,11 €

Anticipos de salario

Número de anticipos concedidos	PDI	PAS	Persoal eventual	Convenio 70/74
17	8	9	0	0

4.2.5. Formación do persoal



Formación PDI

En canto a formación do PDI toda a formación foi realizada en modalidade virtual cun total de 35 actividades formativas e 1819 persoas que as superaron. Entre as actividades de formación as que maior número de persoas superaron foron o Ciclo de conferencias introducción á docencia en liña (327), Como deseñar a miña materia semipresencial (305), Aulas virtuais en Moodle para uso docente nivel 1-2-3 (256), mentres as Aulas virtuais para uso docente separando os niveis 1, 2 e 3 suman un total de 388 persoas participantes. En relación cos participantes segregados por sexo un 44 % son homes e un 56 % son mulleres.

Formación PDI

Nome do curso	Núm. de edicións	Suma custo	Persoas que o superan
Ciclo de conferencias introducción á docencia en liña	1	1 500	227
Como deseñar a miña materia semipresencial	1	1 400	305
Aulas virtuais en Moodle para uso docente nivel 1-2-3	1	7 500	256
Aulas virtuais en Moodle para uso docente nivel 2	1	2 500	137
Aulas virtuais en Moodle para uso docente nivel 1	1	2 500	132
Aulas virtuais en Moodle para uso docente nivel 3	1	2 500	119
Edición sinxela de vídeo e son para a publicación e difusión web	5	7 000	107
Propiedade intelectual e persoal docente universitario	2	1 600	59
Deseño e creación de <i>podcast</i> educativos	3	2 100	55
Creación e tratamento de imaxes e fotografías con Gimp	3	3 450	43
Introducción práctica ao <i>flipped learning</i> : bases do modelo, deseño da aprendizaxe e ferramentas para implantalo	2	2 800	42
As prácticas externas como elemento facilitador da inserción laboral universitaria	1	0	36
Creación e tratamento de imaxes e fotografías	1	2 300	28
Formación do profesorado universitario novel	1	600	27

Nome do curso	Núm. de edicións	Suma custo	Persoas que o superan
Wordpress autoxestionado. Controla a túa web con este CMS dende a súa instalación ata o seu mantemento	1	1 400	23
Descubrinto Moodle: creación dun curso virtual paso a paso	1	2 000	21
Metodoloxías activas: flipped learning-aprendizaxe inversa I	1	2 000	21
Creación, xestión e mantemento de páxinas web con Wordpress no teu espazo web da @uvigo	1	1 400	21
Formación do profesorado universitario no grao virtual en Dirección e Xestión Pública.	1	1 600	19
Análise estatística con Rcommander	2	2 200	18
Metodoloxías activas: flipped learning-aprendizaxe inversa II	1	2 200	18
Creación de infografía e deseños vectoriais	1	0	4
Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus	1	0	3
Iniciación a GNU Octave	1	0	1

Formación PAS


En formación interna do PAS, no ano 2020 podemos agrupar a información por formación interna do PAS e por formación externa, cun custo de 721 € e 9214,42 € respectivamente.

Nas seguinte táboa pode verse a información desagregada de cada unha destas modalidades de formación do PAS.

Campus	Formación interna PAS		Formación externa PAS	
	Custo	Asistentes	Custo	Asistentes
Ourense	144,24 €	32	51,75 €	4
Pontevedra	72,12 €	25	384 €	3
Vigo	504,84 €	187	8 778,67 €	44
En liña		29		0
TOTAL	721 €	273	9 214,42 €	51

No 2020 do PAS da Universidade de Vigo hai un total de 238 persoas que realizaron cursos organizados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), das cales 22 pertencen ao campus de Ourense, 34 ao de Pontevedra e 182 do campus de Vigo.

Formación PAS EGAP. Participación por campus 2020



4.2.6 Programa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde



No 2020 producíronse un total de 22 accidentes de traballo, dos cales 7 cursaron con baixa médica e 15 sen ela. Do total, 5 producíronse *in itinere* e 15 no centro de traballo e 2 en misión.

Por campus é o de Vigo o que ten maior número de accidentes de traballo, con 17, mentres que Pontevedra e Ourense teñen 3 e 2 cada un. Desagregando os datos anteriores por sexo son 13 mulleres homes e 9 homes, mentres que por colectivo son 7 accidentes de traballo rexistrados polo grupo de investigadores, 12 polo PAS, 2 polo PDI e 1 por unha bolsreira.

Segundo o tipo de risco é o de atropelos e golpes con vehículos o que maior número ten cun total de 6, seguido de caída de persoas ao mesmo nivel, con 5 e de contacto con substancias con 3.

En canto aos recoñecementos médicos realizados ao recibirse as notificacións de novas incorporacións realizáronse un total de 111 notificacións para realizar o recoñecemento (28 para o campus de Ourense, 74 para o de Vigo e 9 para o de Pontevedra) das cales autorizaron o recoñecemento un total de 59 persoas (14 no campus de Ourense, 40 en Vigo e 5 en Pontevedra).

Tamén se recibiron un total de 6 notificacións de situación de embarazo. Unha vez trasladadas ao servizo médico 1 obtivo o resultado de apta, 1 apta con limitacións, 3 que precisaban seguimento e 1 deu como resultado unha situación de vulnerabilidade.

Recibíronse tamén 32 notificacións de baixas superiores a 60 días, das cales 17 autorizan a realizar o recoñecemento, 14 non e unha persoa non responde.

O resultado final é a realización de 97 recoñecementos no campus de Ourense, 74 no de Pontevedra e 605 no de Vigo (776 recoñecementos en total).

En cumprimento da Lei 31/1995 do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e en concreto do seu artigo 19 sobre formación de traballadores, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), realizou un total dos cursos que se detallan a continuación

Cursos	Núm. de edicións	Horas	Asistentes
Campaña de prevención de lesións músculo-esqueléticas	6	2	32
Formación inicial en prevención para novas incorporacións	2	2,5	31
Básico de prevención de riscos laborais	Permanente	50	8
Prevención de riscos laborais para persoal docente	1	4	67
Prevención de riscos laborais para persoal de conserxaría	1	6	38
Prevención de riscos laborais para persoal administrativo	1	4	24
TOTAL	11	68,5	200

Coa aparición da covid-19 realizáronse manuais, guías e medidas de prevención e protocolos de actuación, ademais a situación epidemiolóxica supuxo o establecemento dun protocolo de actuación para a comunicación de casos relacionados coa covid-19. Isto implicou levar a cabo un rexistro, control e seguimento das comunicacións achegadas polos/as responsables covid dos centros da Universidade de Vigo. Esta información reflíctese na emisión dun informe diario que se remite á Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade. En total rexistráronse un total de 189 positivos, dos cales 168 son estudiantado, 5 PAS e 16 PDI.

De resultas desta situación epidemiolóxica xorde unha nova figura no ámbito da vixilancia da saúde, o persoal vulnerable. Conforme ao *Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2* publicado polo Ministerio de Sanidade (versión do 22 de maio de 2020), elaborouse un procedemento para a valoración do persoal traballador que puidera estar incluído nalgún dos grupos que teñen a consideración de vulnerabilidade. Na Universidade de Vigo contabilizáronse un total de 414 casos de persoas vulnerables, das cales son 156 PAS e 258 son PDI e persoal investigador.

4.3 Promovendo a igualdade de xénero e a integración



Avance nas políticas de integración social universitaria

Dentro dos elementos de responsabilidade social están os que favorecen a integración de todas as persoas pertencentes á comunidade universitaria.

Cara a materializar este compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, na Universidade de Vigo existe a Unidade de Igualdade como instrumento de xestión política responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

Tamén existe unha unidade que atende as persoas con necesidades específicas ou de apoio educativo coordinada baixo a dirección do vicerreitor de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

A Universidade de Vigo móstrase tamén sensible a outras diferenzas, tales como as relativas á condición sexual ou outras que, mais alá das de xénero, precisan dunha atención e dunha normalización que non impidan un saudable desenvolvemento da vida universitaria nin das persoas involucradas.

4.3.1 Igualdade de xénero

Tendo en conta que a igualdade como valor incorpórase na propia misión da institución, debe ser un marco de referencia que oriente as aspiracións e os comportamentos, á vez que debe trasladarse á praxe da vida universitaria. Por ese motivo, a Universidade de Vigo constituíu a Unidade de Igualdade no ano 2006 por acordo do Consello de Goberno, como instrumento de xestión político responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre os homes e as mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

A Unidade de Igualdade ten encomendada a tarefa de promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación e aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e cumprimento da lexislación e dos plans e medidas que se adopten na materia.

Con relación a ese seguimento, esta serie de memorias, así como noutros informes da Universidade de Vigo, ofrece datos desagregados relativos a presenza da muller na nosa institución:

<https://www.uvigo.gal/campus/igualdade/politicas-igualdade>.

No ano 2019 iníciase unha avaliación inicial do II Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2016-2019) por parte da Unidade de Igualdade, coa finalidade de detectar o seu grao de cumprimento e indicar cales foron os seus avances e as súas eivas, co propósito de iniciar o deseño do III Plan de igualdade. Durante ese ano realizáronse dous estudos e unha análise das estatísticas oficiais da universidade dende a perspectiva de xénero para coñecer a situación da igualdade na Universidade de Vigo: un primeiro estudo cualitativo sobre as necesidades de conciliación de toda a comunidade universitaria; un segundo estudo cualitativo e cuantitativo sobre as valoracións, percepcións e impactos das políticas de igualdade entre mulleres e homes na Universidade de Vigo, dentro das actividades realizadas no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero; e unha análise das estatísticas oficiais da universidade dende a perspectiva de xénero dentro do marco do Observatorio de Igualdade, coa intención de identificar as necesidades e as demandas arredor da igualdade de xénero entre a comunidade universitaria.

O Consello de Goberno do 20 de novembro do 2020 aprobouse o III Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024 cunha vixencia temporal de 4 anos. O plan caracterízase por estar adaptado á realidade, é integrador, transversal, participativo e dinámico. Estrutúrase en catro eixes:

- Cultura da igualdade na Universidade de Vigo, co obxectivo estratéxico de integrar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como elemento vertebrador da convivencia universitaria e que consta de 4 obxectivos operativos e 8 accións.
- Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais e organizativas, con obxectivo estratéxico de deseñar, funcionar e gobernar integrando a perspectiva de xénero de forma transversal, con 4 obxectivos operativos e 7 accións.
- Docencia, investigación e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero, co obxectivo estratéxico de integrar a perspectiva de xénero na actividade docente, investigadora e de transferencia de coñecemento para acadar a excelencia universitaria, con catro obxectivos operativos e 13 accións.
- Condicións sociolaborais con perspectiva de xénero, co obxectivo estratéxico de crear un contorno para o desenvolvemento profesional e persoal en igualdade de condicións para toda a comunidade universitaria, con 4 obxectivos operativos e 10 accións.

Máis información sobre as políticas de igualdade da nosa universidade pode consultarse no seguinte vínculo:

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-igualdade>

Para o curso académico 2019/2020 a Unidade de Igualdade patrocinou a través das súas convocatorias de axudas as seguintes actividades:

- Actividades de sensibilización con perspectiva de xénero: A igualdade de xénero na axenda 2030; a exposición itinerante Exxperimenta en feminino, o papel das mulleres nas disciplinas STEM; Conferencia Caelainn Hogan; lectura poética: voces en feminino; Xornada MELINCO: A cooperación ao desenvolvemento dende a perspectiva de xénero e os dereitos humanos; Xornadas de Igualdade-Muller, memoria e xustiza transicional. Da represión franquista á querela arxentina; Axudas para a organización de actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e a transmisión de valores igualitarios na UVigo e V Ciclo de conferencias unha mirada de xénero.
- Actividades docencia con perspectiva de xénero: Igualdade de Xénero e Fiscalidade. Perspectiva de xénero no IRPF; III Xornada Olladas a Antigüidade. Mulleres con nome propio; Verdadeira corresponsabilidade? Os dereitos de conciliación da vida laboral e familiar despois da reforma 2019; A reforma da Constitución Española dende a perspectiva de xénero; O vídeo como recurso didáctico en cuestión de xénero. Unha aproximación dende as artes visuais; Identidades Creativas: Sen moldes IV. Comentarios fotográficos sobre os xéneros; II Conferencia «Control da Xestión dende unha perspectiva de xénero» e Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de xesto da universidade.
- Medidas de conciliación: escolas infantís nos campus universitarios de Ourense e de Pontevedra destinadas a cubrir as necesidades de toda a comunidade universitaria; Campus Camp ofertados dende 2014, pero que non se realizaron no 2020 por mor da pandemia da covid-19; salas de lactación nos tres campus en funcionamento dende o 2019; puntos lila creados en xullo de 2018, para previr o acoso sexual nas festas universitarias.

Durante o mes de novembro resolveuse a terceira convocatoria dos Premios Exeria de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e mestrado. Os traballos gañadores foron os seguintes.

	Xurídico Social	Científico-Tecnolóxico	Artes e Humanidades
TFM	Tratamento didáctico do téxtil en Tecnoloxía, unha perspectiva Coeducativa de materiais e circuítos en 3.º de ESO.	Non se presentaron traballos.	A neutralidade de xénero no galego: proposta de tradución para localización das marcas de xénero do videoxogo Undertale.
TFG	A vellez máis alá da heteronorma: Un estudo cualitativo sobre a formación, coñecementos, actitudes e percepcións dos/as profesionais de centros para maiores.	Queda deserto porque o traballo presentado non reúne requisitos mínimos na aplicación da perspectiva de xénero.	Diccionario terminográfico da cuarta onda do feminismo.

Con respecto ás celebracións de determinados eventos en días sinalados podemos destacar:

- O 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, actividades de sensibilización e de denuncia fronte ás dramáticas situacións de violencia contra as mulleres e a publicación do Manifesto da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero Universitarias (RUIGEU) e CRUE.
- O 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, cos programas EXXperimenta en feminino (Ourense), Elas fan CienTec (Vigo), e o III Concurso escolar de debuxo e redacción e outras actividades a fin de ampliar e estender as actividades deste día para que abraza máis alumnado de primaria e de secundaria do sur de Galicia.

- O 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, realizouse un acto institucional na Universidade e entregouse o Premio UVigalia.

En canto ás medidas singulares tomadas durante o curso 2019/2020 salientan as seguintes:

- Elaboración, consulta e aprobación do III Plan de Igualdade de Mulleres e Homes da Universidade de Vigo 2020-2024, a través dun proceso participativo coa Comisión de Igualdade, os enlaces de Igualdade nos centros e toda a comunidade universitaria.
- Incremento da financiación externa para as actividades da Unidade de Igualdade.
- Actualización do Observatorio de Igualdade, que inclúen novos informes.
- Estudos e diagnósticos realizados pola unidade de Igualdade: diagnóstico das necesidades de conciliación na UVigo; valoración, percepción e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na UVigo; opinións e actitudes dos homes da comunidade universitaria ante as violencias contra as mulleres; Violencia estrutural contra as mulleres. Xénero e investigación científica.
- Mantemento e xestión das cinco salas de lactación nos tres campus en coordinación coa Vicerreitoría de Planificación.
- Colección de once guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero.
- Itinerario formativo virtual en xénero: ata 3 edicións.

Debemos destacar que continúa a participación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que no 2020 desenvolve coas seguintes actividades:

Formación	Xornada de presentación das Guías docentes con perspectiva de xénero traducidas ao galego
Sensibilización	<i>Diagnóstico sobre acoso sexual e por razón de sexo, no Calendario 2020. Laboratorio Numax</i>
Investigación	<i>Violencia estrutural contra as mulleres: xénero e investigación científica na Universidade de Vigo en tempos da covid-19</i>

Finalmente asinouse no 2019 a Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO, por 60 000 € que recibe no 2020 tamén 60 000 € Dentro desta realizáronse as seguintes actividades:

- Convocatoria de investigación para proxectos que teñan que ver coa crítica feminista á sociedade dixital.
- Convocatoria, resolución e seguimento de bolsas de mobilidade para estudantado das titulacións STEM que queira facer estadias no estranxeiro para mellorar a súa formación.
- Deseño e organización da primeira e segunda edición do Workshop Xénero e sociedade dixital: hackeando o patriarcado, con expertas internacionais, nacionais e locais en relación ás desigualdades de xénero na sociedade dixital e no ámbito STEM.
- Premios GirlGeekCovid para as alumnas brillantes de titulacións STEM con infrarepresentación feminina.
- Deseño da web da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVigo.

- Comunicaci3ns peri3dicas nas redes sociais.

4.3.2 Conciliaci3n da vida familiar e laboral

Situaci3n administrativa por conciliaci3n familiar. Ano 2020

	PAS	PDI	TOTAL	% MULLERES
Excedencia por coidado de fillos/as	5	0	5	100 %
Excedencia voluntaria por agrupaci3n familiar	0	1	1	100 %
Permiso paternidade	13	17	30	3 %
Permiso por parto	6	26	32	100 %
Reducci3n xornada	28	1	29	79 %

Durante o ano 2020, obtiveron adaptaci3n de xornada 8 homes e 27 mulleres.

A Universidade de Vigo pon a disposici3n do seu persoal traballador d3as escolas infant3s (en Pontevedra e Ourense) para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Acolleron nas s3as instalaci3ns 94 nenos e nenas dos que o 84,68 % son alleos a comunidade universitaria.

4.3.3 Medidas de apoio 3 inserci3n de persoas con necesidades espec3ficas

A Universidade de Vigo, sensible 3 inserci3n e preocupada pola integraci3n das persoas con necesidades espec3ficas na nosa comunidade, promove varios programas que favorezan a s3a plena integraci3n tanto laboral como acad3mica.

N3mero de persoas pertencentes 3 comunidade universitaria con alg3n tipo de discapacidade. Ano 2019/2020

	Grao (19/20)	Mestrado (19/20)	Doutoramento (19/20)	PAS (2020)	PDI (2020)
Total	16 639	2 039	1 387	822	2 127
Con diversidade funcional	200	35	33	32	25
Homes	98	23	15	18	14
Mulleres	102	12	18	14	11
De estudos de ciencias sociais e xur3dicas	85	24	16		
De estudos de enxe3ar3a e arquitectura	43	3	3		
De estudos de artes e humanidades	32	6	7		
De estudos de ciencias da sa3de	13	1	7		

	Grao (19/20)	Mestrado (19/20)	Doutoramento (19/20)	PAS (2020)	PDI (2020)
Estudos de Ciencias	30	1			
Xubilación				11	19

A Universidade de Vigo, dentro do seu compromiso coas persoas da nosa comunidade universitaria que precisan de condicións especiais para desenvolver os seus estudos, a actividade laboral e a súa integración na vida universitaria, debe actuar de xeito proactivo para incluílas na nosa institución en igualdade de dereitos e de deberes. Ademais, como institución pública ao servizo da súa contorna social, debe promover valores de convivencia e de axuste social, e debe favorecer o principio de igualdade de oportunidades e a accesibilidade universal, desenvolvendo os dereitos das persoas con necesidades educativas especiais recollidos na normativa vixente.

A atención á diversidade na Universidade de Vigo establécese mediante o Regulamento de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo. Esta normativa ten como obxectivo regular as accións de atención académica ao estudiantado con necesidades educativas especiais para fomentar a súa permanencia na Universidade de Vigo e garantir o apoio desta durante o período de estudos na nosa institución.

Ao abeiro da citada normativa creouse unha comisión técnica (Coaten) que ten como funcións primordiais atender as demandas do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo; elaborar, co apoio de persoas expertas nas necesidades expresadas por cada persoa que solicite a citada atención, un programa persoal de atención; e trasladarlle os devanditos programas á Unaten para que artelle os mecanismos e os recursos necesarios para a súa execución e o seu seguimento.

A citada comisión técnica de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo (Coaten) ten como obxecto atender de forma adecuada as solicitudes do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo de especial complexidade técnica ou doutra índole.

A atención á diversidade na Universidade de Vigo está enmarcada dentro das funcións delegadas na Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, e a xestión da citada actividade recae na sección de Extensión Universitaria dependente do Servizo de Xestión da Extensión Universitaria, concretamente na Unaten (Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo). Este programa ten por obxectivo apoiar ás persoas da comunidade universitaria con algún tipo de discapacidade ou trastorno de aprendizaxe, legalmente recoñecido.

<https://www.uvigo.gal/campus/atencion-diversidade/que-podemos-axudar>

Para que todo o estudiantado poida desenvolver a súa vida universitaria de xeito pleno, a Universidade de Vigo pon en marcha unha serie de medidas a través da súa unidade de atención ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo (Unaten) co fin de:

- Velar polos dereitos do estudiantado con necesidades físicas, comunicativas, educativas e sociais especiais ou minorizadas polas tendencias maioritarias da sociedade. Estas necesidades poden proceder da discapacidade, da sobredotación etc.
- Facilitar o acceso á universidade do estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo, así como optimizar a súa posterior integración na vida universitaria para potenciar a participación en igualdade de condicións fronte á poboación universitaria maioritaria e á sociedade en xeral.
- Favorecer non só a integración, senón a autonomía do estudiantado da comunidade universitaria con necesidades especiais. Isto implica emprender un amplo conxunto de actuacións para fomentar, de maneira simultánea, a cooperación e a máxima autonomía persoal posible na toma de decisións, nos

desprazamentos, na adquisición de información e no desenvolvemento dos coñecementos. Así mesmo, implica colaborar na promoción da vida independente das persoas con estas necesidades.

- Difundir información entre todos os sectores da comunidade universitaria sobre a situación das persoas con necesidades específicas de apoio educativo para sensibilizar e fortalecer valores, actitudes e comportamentos non discriminatorios.
- Asesorar nas posibles adaptacións pedagóxicas, arquitectónicas e comunicativas necesarias para afianzar a igualdade de oportunidades nos procesos de adquisición e de desenvolvemento dos coñecementos e das tarefas tanto académicas coma laborais na universidade.
- Axilizar o proceso de eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas e comunicativas existentes en todos os campus e instalacións da universidade.
- Formar en temas relacionados coa diversidade e coa integración social.

As principais accións organizadas polo programa PIUNE durante o curso 2019/2020 foron as seguintes:

- Atención, acollida e asesoramento pola Unaten, Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo do Servizo de Extensión Universitaria en coordinación co gabinete psicopedagóxico da universidade. A este respecto indícase que un total de 98 estudantes solicitaron apoio por parte do programa PIUNE e o Gabinete Psicopedagóxico atendeu durante o curso 2019/2020 un total de 3247 consultas.
- Soporte ao estudo (adaptacións curriculares, recursos técnicos de apoio). Ademais das medidas de adaptación curricular ou pautas adoptadas no seo da Coaten (Comisión de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas) e aplicadas coa colaboración dos titores PIUNE e responsables PIUNE dos centros, a UNATEN prestou tamén as seguintes medidas de apoio durante o curso 2019/2020: apoio mediante asistentes persoais ao alumnado do programa PIUNE por valor de 3300 € contratación de intérpretes de lingua de signos por valor de 18 000 € e, en virtude do convenio asinado coa ONCE, dispuxo de material en préstamo da ONCE para 6 alumnos/as.
- Acompañamento en actividades diversas por voluntarios e bolseiros da UVigo resultantes das 5 bolsas de apoio a alumnos PIUNE (2 para Vigo, 1 Pontevedra e 2 Ourense) por un importe de 6 900€

Táboa de estudiantado no programa PIUNE curso 2019/2020

Campus	Número de alumnado	Tipos de atención	Número de alumnado
Vigo	55	Física	15
		Psicolóxica	38
		Outros	2
Ourense	29	Física	8
		Psicolóxica	20
		Outros	1
Pontevedra	14	Física	3
		Psicolóxica	8

Campus	Número de alumnado	Tipos de atención	Número de alumnado
		Outros	3
Total	99		

Durante o curso 2019/2020 a universidade asinou diferentes convenios de cooperación con colectivos implicados con persoas con capacidades diferentes. Por exemplo, o convenio marco de colaboración asinado entre a Asociación de enfermos/as de Crohn e Colite Ulcerosa de Ourense.

Ademais a Universidade de Vigo participa en diferentes proxectos europeos que teñen como finalidade fomentar a mobilidade internacional de alumnado con necesidades específicas e con risco de exclusión social, tal é o caso do proxecto SIEM 'Social Inclusion and Engagement in Mobility' da convocatoria Erasmus + K3 e do proxecto Elimination of barriers and 360º evaluation of the mobility of students from vulnerable groups in the higher education ecosystem of the GNP Euroregion da convocatoria B-Solutions convocado pola Association of European Border Regions (AEBR).

4.4 Alumni



O Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo créase por acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da UVigo de 3/2/2016, ratificado polo seu pleno de 29/4/2016.

O Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo é un proxecto do Consello Social creado co propósito de dotar a Universidade de Vigo dunha unidade responsable de levar a cabo a estratexia de seguimento das persoas tituladas e de coordinar todo o relativo ao antigo alumnado. Configúrase como un observatorio permanente para consolidar os vínculos cos antigos alumnos/as a partir do estudo das súas traxectorias e situación laboral, coa finalidade de dispor dunha información actualizada, fiable e útil para a toma de decisión no ámbito da Universidade. O Observatorio de Persoas Tituladas é o encargado de estreitar a vinculación entre a universidade e quen se forma nela. É unha necesidade que fomenta, favorece e mantén a comunicación e vinculación constante con eles, reforzando a súa pertenza á institución.

Consoante os seus obxectivos e funcionalidades de unidade encargada do seguimento da inserción laboral do antigo alumnado, durante o ano 2020 o Observatorio de Persoas Tituladas, proxecto do Consello Social da UVigo, executou seguintes liñas de traballo:

- Elaboración e difusión de estudos de inserción laboral
- Actualización permanente do sistema de xestión de bases de datos de persoas tituladas
- Envío de información periódica de comunicacións institucionais
- Comunicación e participación en redes sociais
- Actualización permanente e comunicación coa páxina web do observatorio

As actividades do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo durante o ano 2020 víronse condicionadas pola emerxencia da pandemia da covid-19. Antes de chegada da primeira onda, segundo o plan de actividades

aprobado pola Comisión de Actividades e Servizos e o Pleno do Consello Social da UVigo, o Observatorio asistiu presencialmente a dous eventos con presenza de antigo alumnado:

- 19-20 de febreiro: participación na segunda edición do Foro Emprego na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo orientado tanto para o alumnado como para titulados/as do ámbito xurídico-social.
- 4-6 de marzo: participación na XX edición do Foro Tecnolóxico de Emprego organizado por alumnado da rama tecnolóxica nas escolas de Enxeñaría de Minas e Enerxía e de Enxeñaría Industrial do Campus de Vigo.

A participación en actividades presenciais viuse afectada pola crise sanitaria provocada pola pandemia, pero realizáronse actividades *ad hoc* para afrontar a citada situación. Así, perante a gravidade das noticias que estaban a chegar da Italia, o 12 de marzo, antes mesmo de que a Xunta de Galicia decretase a emerxencia sanitaria e se impuxese o estado de alarma en España, o observatorio contactou coas persoas tituladas da UVigo emigradas aos países máis afectados pola pandemia (nomeadamente China e Italia), a fin de que trasladasen, cunha crónica, a súa experiencia persoal e profesional durante o confinamento.

Seguidamente, a solicitude de colaboración estendeuse ao resto de persoas tituladas emigradas noutros países e, entre o 13 de marzo e o 21 de maio, recibíuse un total de 59 crónicas procedentes de 27 países dos cinco continentes, que se publicaron simultaneamente no blog *Corpo diplomático da UVigo*. No día 20 de maio deuse a coñecer un vídeo-resumo que recolle os testemuños recibidos. A partir de novembro chegaron crónicas adicionais sobre o impacto que estaba a ter a segunda onda da pandemia.

O establecemento desta liña de contacto coas persoas tituladas da UVigo emigradas no estranxeiro permitiu coñecer a valoración subxectiva e en primeira persoa sobre como estaban a vivir o gran confinamento nos países de destino. A iniciativa foi acollida positivamente polas destinatarias/os, que alcanzou un notable eco social, pois divulgouse nos medios de comunicación.

Tamén, entre o 26 de maio e o 8 de xullo, o observatorio difundiu publicamente e entre o antigo alumnado rexistrado na base de datos de persoas tituladas unha enquisa para coñecer, con datos obxectivos, o impacto laboral que estaba a ter a crise poola covid-19 nas persoas tituladas da UVigo.

Ao mesmo tempo o impacto laboral tratouse a partir de tres perspectivas: sanitaria (porcentaxe de persoas que referiron a existencia dalgún caso de contaxio por covid-19 nas empresas/entidades en que traballan ou no seu ambiente laboral), laboral (incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego) e no modo de traballo (medidas organizativas tomadas polas empresas/entidades para continuar a súa actividade durante a pandemia).

O formulario aplicado, aloxado na web do Observatorio, foi amplamente divulgado e distribuído entre os contactos integrados na base de datos de persoas tituladas do observatorio. A enquisa contou coa participación dunha mostra representativa de 3217 persoas tituladas da UVigo de todas as titulacións e promocións. O 29 de xullo publicous o avance dos resultados na web do Consello Social baixo o título *Estudo sobre o impacto laboral da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo*. Posteriormente, o 6 de outubro, o DUVI divulgaba os principais resultados deste estudo pioneiro no sistema universitario galego e español.

A realización do informe *Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-xuño de 2020*, foi entre os meses de setembro e novembro. Por parte do equipo do observatorio, dirixido polo profesor Luís Espada, analizouse pormenorizadamente os resultados da enquisa, cuxas conclusións recolléronse no dito informe titulado *Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo*. A adopción do título definitivo deste estudo debeuse á chegada, mentres estaba a ser redactado, da segunda onda da pandemia. A edición definitiva do informe acabou de imprimir en decembro de 2020 co financiamento do Consello Social.

En canto ao traballo nas redes sociais en xaneiro de 2020 púxose en marcha a canle de YouTube do Observatorio a fin de divulgar contido multimedia sobre inserción laboral e as actividades desenvolvidas. No primeiro ano a canle de Youtube conta con 38 vídeos estruturados en seis listaxes de reprodución (eventos, informes, relatorios, monografía, 30 anos UVigo e covid-19). Mentres que a páxina de LinkedIn do

observatorio incrementou o seu número de seguidores/as nun 86,5 % durante o ano 2020, que alcanzou os 1510 en xaneiro de 2021.

Na divulgación de actividades debemos de destacar que o 2 de decembro se presentou o informe *Fuga de talento en Galicia: Mito ou realidade?*, elaborado polo Foro Económico de Galicia coa colaboración do observatorio. A cuantificación da *fuga* foi posible, pois grazas aos traballos de inserción laboral publicados polo observatorio coa colaboración do Consello Social, a UVigo é a única universidade galega que conta con información sobre o lugar de traballo do seu antigo alumnado. Mentres que o 21 de decembro de 2020 se presentaba publicamente o informe *100 titulacións da UVigo (1990-2015)*, realizado durante o ano 2019 e cuxa presentación fora adiada por causa das restricións impostas pola pandemia.

O número de persoas rexistradas na base de datos de persoas tituladas do observatorio incrementouse un 14,2 % durante o ano 2020, o que permitiu ampliar o alcance da súa explotación a través das listaxes de distribución. Nese sentido, o 6 de febreiro de 2020 divulgouse a noticia de que unha antiga alumna da UVigo fora seleccionada no concurso fotografía Erasmus convocado pola Comisión Europea, pois o observatorio previamente difundira a súa convocatoria entre as e os ex-estudantes da institución rexistrados no sistema de xestión de base de datos de persoas tituladas.

As canles de comunicación do observatorio coas persoas tituladas son varias e cabe destacar:

- A páxina web do observatorio, con contidos actualizados periodicamente e aloxa os formularios on line de rexistro na base de datos de persoas tituladas e de acceso aos cuestionarios das enquisas de inserción laboral aplicadas. A súa ligazón é a seguinte: <http://observatorio.uvigo.gal/>
- Páxina de LinkedIn: actualizada diariamente con contidos propios sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo e información de interese para a comunidade de persoas tituladas ou contidos redireccionados doutras fontes institucionais. A súa ligazón é <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>.
- Canle de YouTube: divulgación de contidos multimedia sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo: https://www.youtube.com/channel/UCQ21MUWt9zKIWdY_XH7STyA
- Blogs do observatorio: espazos web creados ad hoc para vehiculizar iniciativas do observatorio, que se poden consultar no seguinte vínculo: <https://corpodiplomaticouvigo.blogspot.com/>
- Listaxes de distribución de correo electrónico das persoas tituladas da UVigo: listaxe creada a partir dos contactos rexistrados na base de datos de persoas tituladas para o envío periódico de comunicacións sobre as actividades universitarias que poidan resultar de interese do antigo alumnado.

4.5 Internacionalización e mobilidade



Unha característica relevante da actual formación universitaria é a mobilidade de estudantes. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, do mesmo xeito que os programas de prácticas profesionais.

Na Estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo, aprobada en 2014, a mobilidade é un aspecto clave da internacionalización e da modernización da educación superior, así como unha das principais ferramentas para continuar a construír o espazo europeo de educación superior (EEES). O obxectivo xeral deste programa é estender a oferta de mobilidade dende unha perspectiva global e de excelencia.

Así mesmo, no ano 2013 aprobouse o Plan de internacionalización lingüística. Este documento ten como finalidade dotar a comunidade universitaria das competencias plurilingües e pluriculturais que se precisan para responder con eficacia os retos dunha sociedade globalizada e culturalmente diversa.

Tamén foi aprobado o Regulamento de mobilidade internacional, que organiza e consolida o marco normativo en materia de mobilidade entre países. Trátase de facilitarlles ao alumnado/a, ao PAS e ao PDI a posibilidade de realizar parte dos seus estudos ou do seu traballo en institucións estranxeiras de ensino superior e de garantir o pleno recoñecemento destas actividades.

4.5.1 Datos de mobilidade nacional e internacional durante o curso 2019/2020


Mobilidade do estudiantado

A ORI potenciou a recepción de estudantes de todas as nacionalidades ao xestionar a mobilidade de 604 estudantes estranxeiros (349 mulleres e 255 homes): 454 no Campus de Vigo, 57 en Ourense, 93 en Pontevedra.

De entre os programas internacionais, a maior parte corresponde ao programa Erasmus + e Convenios bilaterais, con 370 e 154 estudantes respectivamente. Os países de procedencia maioritarios do estudiantado internacional entrante son Alemaña, Italia, México, Francia e Brasil con 82, 81, 64, 54 e 47 estudantes respectivamente.


Con respecto ao alumnado saínte, durante o curso 2019/2020 un total de 668 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas, 402 mulleres e 266 homes. Por campus 170 corresponden ao de Ourense, 155 ao de Pontevedra e 343 ao de Vigo.

Os grupos máis numeroso son os dos programa Erasmus +, COU e Erasmus + Prácticas, con 553, 47 e 44 estudantes cada un alumnos/as. Os países de destino preferentes son Italia, Portugal e Polonia, con 127, 111 e 103, estudantes respectivamente.



Con respecto á mobilidade nacional do estudiantado hai un total de 28 estudantes provintes doutras universidades españolas, dos cales 17 son mulleres e 11 son homes. As universidades que maior número de estudantes achega son a de Granada, con 5 alumnos/as, Valladolid con 3 e Politécnica de Madrid con 2 persoas.

Mentres que un total de 100 alumnos/as da Universidade de Vigo van a outras universidades españolas (58 mulleres e 42 homes) son as de Granada, con 18 alumnos/as, Complutense de Madrid con 12 e as Palmas de Gran Canaria con 7 alumnos/as cada unha, as que maior número de alumnos recibe.



Mobilidade do PDI

Durante o curso 2019/2020, realizáronse un total de 9 estadias no estranxeiro, 4 son mulleres e 5 homes. Un total de 5 do Campus de Ourense e 4 do Campus de Vigo.

Durante o mesmo período, na Universidade de Vigo rexistrouse un total de 48 persoas pertencentes ao PDI entrante. O país de procedencia máis numeroso é Portugal, con 33 persoas, seguido de Polonia con 6 persoas. Os centros de recepción con maior número de persoas son as facultades de Filoloxía e Tradución, con 5 persoas e a de Historia con 4. Mentres que o programa Iacobus, sen centro asignado, move un total de 25 persoas.

Mobilidade do PAS

O persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo que desexe ampliar a súa formación no estranxeiro pode facelo a través da mobilidade do PAS a institucións de ensino superior no marco do programa Erasmus-STT, co que se pretende fomentar a formación do persoal e a internacionalización da institución.

Durante o curso 2019/2020 non se realizou mobilidade saínte do PAS

Con respecto ao PAS entrante, hai un total de 5 persoas con orixe en Dinamarca, Alemaña, Portugal e Francia.

4.5.2 Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/programa-internacionalizacion-linguistica>

Unha das principais apostas do Plan de internacionalización da Universidade de Vigo é a promoción do plurilingüismo na nosa institución. Con este obxectivo, incluído xa no antigo plan estratéxico, perséguese promover a docencia noutras linguas para favorecer, entre outros fins, a competencia profesional de todo o persoal, mellorando a visibilidade do seu labor e a súa mobilidade, a cooperación con institucións de educación superior dentro e fóra de Europa, a captación de alumnado estranxeiro e a posibilidade de que o noso alumnado se anime a trasladarse a outras universidades.

Para acadar este obxectivo creouse a Comisión de Internacionalización Lingüística como o instrumento de participación e de debate para promover a implantación das distintas iniciativas recollidas nel e establecer os obxectivos da institución en materia de internacionalización lingüística.

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo é o ente instrumental necesario para dinamizar este proceso.

Para que nestes momentos se produzan incrementos significativos nas cifras de mobilidade, a comunidade universitaria necesita acadar un nivel de competencia lingüística axeitado noutras linguas diferentes do galego e do castelán, e fundamentalmente en inglés.

Asemade, o marco actual de desenvolvemento do EEES tras a súa implantación urxe que se apliquen políticas encamiñadas á mellora das competencias lingüísticas do estudiantado, pero tamén ofrece unha oportunidade única, xa que na contorna do novo sistema de aprendizaxe van ser máis valorados os períodos de estudos en institucións de ensino superior doutros países.

Centro de Linguas (CDL) (2020)

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo naceu no ano 2004 para atender as necesidades lingüísticas da comunidade universitaria aínda que está aberto a calquera persoa de dentro ou fóra da universidade.

A docencia impártese no tres campus da Universidade de Vigo e en distintos centros asociados por profesorado con titulación universitaria e especializado no ensino de idiomas.

Os cursos do Centro de Linguas adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, segundo se especifica no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER). Os certificados de acreditación de nivel axéitanse polo tanto ao estándar de recoñecemento internacional.

Materias impartidas en inglés

A Universidade de Vigo mantén o seu compromiso coa internacionalización e coa mellora nas capacidades lingüísticas do seu estudiantado. Neste sentido, ademais da formación no Centro de Linguas, vaise artellando cada curso académico un número crecente de materias impartidas en inglés nas titulacións oficiais.

Queda excluída da seguinte táboa a docencia impartida no Grao en Linguas Estranxeiras da Facultade de Filoloxía e Tradución pola natureza propia do grao, no que un 89 % das materias se imparten nunha lingua estranxeira (46 % en inglés, 14,7 % en alemán, 14,7 % en francés e 3,6 % en portugués).

Oferta de docencia de grao en inglés no ano académico 2019/2020

Centro	Núm. De materiais	Créditos
Fac. de Empresariais e Turismo	10	66
Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación	10	66
Escola de Enxeñaría Industrial	31	195
Escola de Enxeñaría Telecomunicacións	31	192
Escola de Minas e Enerxía	12	75
Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais	18	120
Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo	8	54
Fac. de Química	1	6
Núm. De materiais	Créditos	Centro
Fac. de Ciencias do Mar	5	30
Fac. de Bioloxía	5	30
IESIDE	6	36
Total	140	882

Oferta da docencia de mestrado en inglés no ano académico 2019/2020

Centro	Núm. de materiais	Créditos
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	20	126
Escola de Enxeñaría Industrial	13	58,5
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	2	7,5
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	1	3
Facultade de Filoloxía e Tradución	24	84
Facultade de Química	20	135
IESIDE	2	12
Total	82	426

TOEFL (Test of English as a Foreign Language)

A Universidade de Vigo está acreditada polo ETS para a realización do Test of English as a Foreign Language™ (TOEFL), exame que mide a capacitación de non nativos para utilizar e entender a lingua inglesa de forma oral ou escrita no ámbito académico. É un requisito para a admisión na maioría das universidades norteamericanas. Está recoñecido por máis de 5000 institucións de educación superior, universidades e axencias de certificación de 90 países. No 2020 realizáronse 3 convocatorias dos exames TOEFL.

Matrícula do CDL e cursos e idiomas

No 2020 o número de alumnado matriculado no Centro de Linguas distribuíuse do seguinte xeito: 2308 alumnos/as nos cursos cuatrimestrais e de verán, dos cales 983 foron de cursos especializados, 1325 estudantes en exames de acreditación de niveis.

Durante o ano 2020 impartíronse cursos cuatrimestrais e intensivos de verán dos seguintes idiomas: inglés, español, alemán, portugués e persa.

Acreditacións

Realízanse exames de acreditación CertAcles para os niveis B1, B2 e C1 de inglés e B1 de alemán. Así como exames de acceso libre de inglés, francés, alemán e español. O Centro de Linguas é centro examinador do DELE (Diploma do Español coma Lingua Estranxeira) avalado polo Instituto Cervantes e o *Test of English as a Foreign Language*™ (TOEFL).

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS da Universidade de Vigo, cando se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do/a estudante.

HELA (Higher Education Lecturing Accreditation) e cursos para a docencia en inglés

No marco do Plan de internacionalización lingüística, deseñouse o exame HELA, que fixa os criterios e procedementos para a acreditación para a docencia en inglés. Esta proba, da que se realizaron 3 convocatorias no 2020, complementábase coa organización de cursos específicos destinados ao profesorado da Universidade de Vigo centrados nas competencias necesarias para a impartición de docencia en lingua inglesa.

4.6 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria



Hai varias canles para que a cidadanía participe na decisións da institución, así como na mellora do servizo prestado.

4.6.1. Representación na xestión ordinaria da universidade a través dos seus órganos de goberno

A participación e a representación dos colectivos con vinculación á universidade (persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, e alumnado) está prevista no marco normativo básico que regula a institución e que establece os mecanismos de participación electoral, como electores e elixibles, para a elección de membros dos órganos de goberno e comisións. Constitúe esta a forma principal de participación, xa que a través dos órganos e comisións os representantes dos estudantes e do persoal, participan nas decisións relacionadas co funcionamento ordinario da universidade.

No seo dos centros da Universidade de Vigo, os/as estudantes, sen mingua dos dereitos individuais dos representantes, poderán crear delegacións de alumnos/as das que formarán parte, polo menos, os representantes dos estudantes do centro nos órganos de goberno da universidade.

Claustro

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/claustro>

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación e de control da comunidade universitaria, está composto por un mínimo de 250 membros e un máximo de 265, de acordo coa seguinte distribución:

- reitor/a, que o presidirá, o secretario/a xeral e o/a xerente.
- 51 % como representantes do profesorado doutor con vinculación permanente (PDI-A).
- 9 % representantes do restante persoal docente e investigador (PDI-B)
- 25 % de representantes do alumnado
- 15 % representantes do persoal de administración e servizos.

Consello Social

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/consello-social>

O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na Universidade de Vigo e debe exercer como elemento de relación entre a sociedade e a Universidade. Segundo a Lei 6/2013 do sistema universitario de Galicia das universidades está integrado por un máximo de 31 membros:

- Reitor, a secretaria xeral e o xerente da UVigo.
- En representación do Consello de Goberno da Universidade: 1 profesor/a, 1 estudante e 1 representante do persoal de administración e servizos.
- A representación dos intereses sociais correspóndelle a persoeiros da vidas cultural, profesional, económica, laboral e social, de acordo coa seguinte distribución: o/a presidente/a do Consello Social; seis membros designados polo Parlamento de Galicia; seis membros designados pola Xunta de Galicia; un membro designado por cada un dos sindicatos máis representativos no territorio da comunidade autónoma de Galicia; catro membros designados polas organizacións empresariais máis representativas dos sectores estratéxicos da economía galega na área de influencia da universidade; un membro designado por cada unha das tres corporacións municipais onde se localizan os campus; un membro designado pola Asociación de Antigos Alumnos; e un membro designado polos colexios profesionais a través da súa entidade asociativa máis representativa.

Consello de Goberno

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-goberno>

É o órgano de goberno da Universidade e está composto polos seguintes membros:

- O reitor/a, que o preside, o secretario/a xeral, o/a xerente
- Quince membros designados polo reitor/a, entre os que deben estar necesariamente os vicerreitores e vicerreitoras
- Vinte membros elixidos polo Claustro, dos que 10 serán membros do PDI, 8 doutores ou doutoras con vinculación permanente á Universidade, 8 son estudantes, e 2 membros do PAS.

- Quince membros elixidos polo Claustro entre as persoas que desempeñan a dirección de centro e das unidades docentes e de I+D+i.
- Tres membros do Consello Social que non sexan membros da comunidade universitaria.

Consello de campus

É o órgano colexiado de coordinación e representación do campus. Está composto por:

- Un presidente, que será o reitor/a da Universidade.
- Un vicerreitor ou vicerreitora.
- Todos os decanos/decanas ou directores/as dos centros do Campus.
- Cinco representantes do profesorado, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e campus, dos que polo menos un ou unha representante pertenza ao profesorado con vinculación permanente á universidades. Garantirase que haxa polo menos un representante de cada ámbito científico presente no Campus, no caso de que haxa persoas candidatas.
- Cinco estudantes, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e campus. Haberá polo menos un ou unha estudante por cada ámbito científico presente no campus, no caso de que haxa persoas candidatas.
- Os dous membros do persoal de administración e servizos do campus que obtivesen máis votos nos campus da súa adscripcións nas eleccións ao Claustro.

Na Universidade de Vigo existen dous consellos de campus, en Pontevedra e en Ourense, e que poden sconsultarse nos seguintes vínculos:

[Consello do Campus de Pontevedra](#)

[Consello do Campus de Ourense](#)

Xuntas de Centro

Son o órgano colexiado de representación e de decisión de cada centro. Están compostas por:

- O/a decano/a ou o/a director/a, que o preside.
- Todo o PDI-A.
- Unha representación do PDI-B.
- Unha representación do alumnado.

O conxunto dos membros natos e electos deberá respectar de forma aproximada as seguinte porcentaxes de repartición: 51 % o PDI-A, 29 % estudantado, 10 % o PAS e 10 % PDI-B.

Xuntas de Titulación

Son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar as propostas de memorias para as titulacións de grao e as súa modificacións. A súa composición é análoga en proporcións as xuntas de Centro.

Consello de Departamento

É o órgano colexiado de representación e decisión do departamentos. Na súa composición respectarase de forma aproximada as seguintes porcentaxes:

- 75 % membros natos, que son o PDI con título de doutoramento e o PDI con vinculación permanente á Universidade.
- 10 % representantes do PDI-B que non sexan membros natos.
- 10 % representantes do estudantado.
- 5 % representantes do PAS.

Os membros electos renovaranse cada dous anos. Pódese consultar os departamentos da UVigo no seguinte vínculo: <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/departamentos>

Comisión de calidade do centro

É o órgano de planificación e seguimento do sistema de garantía interno de calidade do centro. O número de membros establécese no manual de calidade do centro.

4.6.2 Valedoría Universitaria

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/valedoria-universitaria>

A valedora ou valedor universitario é o órgano especificamente encargado de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos e dos servizos universitarios.

O valedor ou valedora universitaria actúa de oficio ou a instancia de parte en relación coas solicitudes, queixas, suxestións e observacións que susceptibles de necesitar o seu amparo, formuladas por calquera membro da comunidade universitaria. Tamén poderá desempeñar un labor mediador para os efectos de solucionar un conflito que afecte a membros da comunidade universitaria.

No exercicio das súas funcións, a valedora ou valedor actuará con suxestións, propostas e recomendacións aos/ás responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos/ás responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

Durante o ano 2020 recibíronse reclamacións e queixas de asuntos que relacionados cos sectores da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS), correspondentes aos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra, ademais de numerosas consultas que, nalgún dos casos, derivaron na apertura do correspondente expediente.

4.6.3 Xestión de conflitos

A Unidade de Convivencia e Resolución Positiva de Conflitos da Universidade de Vigo, creouse en novembro de 2019, independente da inspección e do valedor/a universitario e ten como funcións:

- Levar a cabo campañas de difusión sobre Unidade de Convivencia e Xestión Positiva de Conflitos da Uvigo, dentro e fóra da institución.
- Diseñar e aplicar campañas de sensibilización e difusión sobre os beneficios da convivencia positiva para as persoas, os grupos e as organizacións, dentro da UVigo.

- Realizar campañas de difusión sobre os beneficios dos métodos alternos de resolución de conflitos, en especial da mediación, dentro e fóra da institución.
- Formar cargos académicos e xestores en xestión e resolución de conflitos, habilidades de comunicación e técnicas de mediación.
- Realizar tarefas de mediación cando sexa requirido directamente polos membros da comunidade universitaria ou por derivación das vicerreitorías, centros, departamentos, e dos distintos servizos da universidade.
- Impulsar redes de colaboración da Unidade de Convivencia e Xestión Positiva de Conflitos da UVigo, dentro e fóra da institución, para optimizar os recursos.
- E calquera outro encargo que sexa requirido dentro do seu ámbito de actuación.

En canto as actuacións durante o 2020, debemos destacar:

- A actividade de CONVIVE, centrouse principalmente en atender problemas de convivencia e conflitos familiares de calquera membro da comunidade universitaria (estudiantado, profesorado e persoal de administración de servizos, e tamén do persoal de servizos subcontratados). Este servizo anunciouse mediante correo á comunidade e incluíuse na páxina de atención á diversidade durante a emerxencia pola covid-19 da UVigo; pode ser consultarse no seguinte vínculo: <https://www.uvigo.gal/es/universidade/comunicacion/novas/atencion-diversidade-emerxencia-covid-19>. Isto deu lugar a 22 intervencións, principalmente co estudiantado, relacionadas con problemas de convivencia.
- Interveuse en catro procesos de mediación.
- Mediante o correo de comunidade achegouse material informativo e de axuda para mellorar a convivencia e evitar ou minimizar as consecuencias do confinamento: axenda para adolescentes confinados; información e recursos útiles para persoas maiores e cuidadoras/es sometidas a confinamento por mor da pandemia por covid-19; pautas de afrontamento para reducir o impacto psicolóxico no confinamento por coronavirus; recomendacións do COPG para a comunidade educativa con motivo da emerxencia sanitaria do covid-19; retrincos de cores, dirixido a nenos e nenas de educación infantil e educación primaria; 10 consellos psicolóxicos para coidarnos na emerxencia sanitaria polo Coronavirus.
- Igualmente, promoveu, coordinou, o curso de formación, de vinte horas, Promovendo a convivencia, xestionando os conflitos, dirixido a PAS e docentes da Universidade de Vigo, organizado do 24 ao 28 de maio de 2021. Cos seguintes obxectivos: promover a convivencia dentro da institución; promover a visión construtiva da controversia e os conflitos na institución; promover nas persoas a linguaxe amigable: verbal e non verbal; desenvolver competencias para desactivar a escalada do conflito; promover a mediación. O curso intenta que se adquiran as seguintes competencias: utilizar a linguaxe verbal e non verbal amigable en calquera tipo de situacións; recoñecer os tipos de conflito; recoñecer as propias capacidades para desactivar a escalada do conflito destrutivo; saber cando cómpre solicitar a intervención dunha persoa mediadora.
- Coordinación dun protocolo co Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Para optimizar os recursos a Unidade de Convivencia e Resolución Positiva de Conflitos, mantén colaboración, coa Conferencia Universitaria Internacional para el Estudio de la Mediación y el Conflicto (CUEMYC), especificamente coas universidades de La Laguna, Complutense de Madrid, Santiago de Compostela e Pompeu Fabra.

4.6.4 Caixa de queixas, suxestións e parabéns

<https://seix.uvigo.es/uv/web/qsp/>

As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá que lles serven de grande axuda ás administracións públicas para mellorar a calidade do servizo público prestado. O procedemento permítelle á cidadanía trasladar de xeito áxil e simple á Administración, os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.


A principios de 2015 os centros da Universidade de Vigo aproban o novo procedemento de queixas, suxestións e parabéns que forma parte do sistema de garantía interna de centros, e que se axusta ao establecido no procedemento en funcionamento no ámbito de xestión.

En marzo do ano 2015, habilítase o sistema de queixas, suxestións e parabéns (en diante, QSP) nos centros propios e adscritos, e departamentos, que substitúe os sistemas que xa estaban funcionando en cada centro. A finais do ano 2015 implántase o sistema nos centros de investigación propios da Universidade de Vigo como (CACTI, Ecimat, CINBIO e CITI). Deste xeito a Universidade dótase dun sistema único (coa soa excepción da Biblioteca Universitaria) aplicable a todas as unidades e actividades desta.

Debemos destacar que no ano 2019 se aproba definitivamente o Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns, no Consello de Goberno 29/04/2019, coa finalidade de establecer unha normativa que lles dea un trato homoxéneo ás queixas, suxestións e parabéns, co fin de utilizar un procedemento único, regulamentado e difundido, que lles permita ás persoas usuarias saber onde e como presentalas, coñecer o trámite que se seguirá e o prazo establecido para a súa resposta, dando á Universidade de Vigo a posibilidade de analizar a información dos sistema como ferramenta para establecer un sistema de mellora continua.

No ano 2020 recibíronse a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns un total de 881 comunicacións, das cales 727 corresponden ás categorías de queixa, suxestión ou parábén. As 136 comunicacións restantes pertencen á categoría de non clasificable que tamén se tramitan e responden, aínda que non son QSP en sentido estrito.

Clasificación interna QSP 2020




Clasificación interna	QSP
Queixa	553
Suxestión	127
Parábén	47
Non clasificable	134
Total xeral	881


A clasificación das QSP por tipo de usuario/a indica que a maior parte son estudantes de grao ou 1.º e 2.º ciclo que representan o 65,06 % do total das QSP recibidas. Destas QSP recibidas un 75,79 % corresponden ao estudantado, seguidos do PDI con un 10,04 % do total.

Tipo de usuario/a	QSP
Estudiante de grao ou 1.º e 2.º ciclo	473
Estudiante de mestrado	57
Estudiante de doutoramento	8
Estudiante doutros estudos propios da Universidade de Vigo	13
Persoal de administración e servizos (PAS)	44
Persoal docente e investigador (PDI)	73
Outro tipo de usuario/a interno	7
Outro tipo de usuario/a externo	52
Total xeral	727

Tipo de persoas usuarias 2020



Tempo de resposta 2020



INDICADORES	
Tempo medio de resposta	6
% respondidas en prazo	90,48%

Tempo de resposta	QSP
No mesmo día	15
De 1 a 5 días	404
De 6 a 10 días	157
De 11 a 15 días	80
Máis de 15 días	69
Total xeral	597

Tal e como se estipula no procedemento de xestión de QSP o tempo de resposta é de 15 días hábiles dende o seu rexistro. Das QSP rexistradas en 2020 o 90,48 % respondéronse no prazo establecido, cun tempo medio de resposta de 6 días, o que implica que se mellora nun día, con respecto ao 2019.


Como pode comprobarse na táboa que se acompaña, o maior número de respostas prodúcese no intervalo entre 1 a 5 días, cun 55,72 % das respostas, seguido por un 21,66 % que se produce entre os días 6 a 10, o que engloba un 77,38 % do total. Debe destacarse que hai 69 respostas (o 9,52 % do total) que se producen fóra de prazo.

Segundo os motivos que levan ao usuario ou usuaria ou parte interesada a presentala, as QSP poden afectar a:

- **Procesos:** se afecta a trámites, prazos ou a documentación requirida durante o proceso de atención.
- **Persoas:** se é provocada pola cualificación e profesionalidade do persoal que o atendeu ou polo trato persoal recibido.
- **Instalacións:** se se refiren a orde, limpeza, sinalización, facilidade de acceso ou á localización das instalacións ou medios virtuais.
- **Prestacións:** se afecta o resultado obtido e se existe coincidencia entre o produto ou servizo prestado e as necesidades e expectativas da usuaria/o.

No 2020 as QSP relativas á docencia son as que teñen un maior número (300 en total), que corresponden a un 41,27 %, seguidas polas relativas a prestacións, cun total de 163 que corresponden a un 2,42 % do total. E son as relativas a persoas as que menor número e porcentaxe representan, con 48 incidencias que implica un 6,60 % do total.

Motivo 2020



Motivo	QSP
Docencia	300
Persoas	48
Prestacións	163
Procesos	100
Instalacións	116
Total	727

Con respecto ás formas de resposta, hai que ter en conta que no novo regulamento xa só é posible a recibila a través de correo electrónico, polo que todas as respostas se producen deste xeito.

4.6.5 Canles de comunicación coa sociedade

A comunicación representa unha peza fundamental para crear novos vínculos e espazos de traballo adecuados entre a universidade e os seus membros, e tamén para mellorar a súa valoración na sociedade.

A Universidade de Vigo dispón dun conxunto de canles para informar os seus públicos internos e externos sobre todas as súas actividades:

A web institucional dá acceso a toda a información institucional e a todos os servizos universitarios. Ten o obxectivo de ofrecerlles aos distintos públicos a información buscada de xeito organizado. Dende ela accédese ao resto das webs dos distintos emisores da institución.

O Gabinete de Prensa é responsable da cobertura informativa das actividades académicas, institucionais, científicas e culturais desenvoltas nos tres campus publicadas no Diario Dixital da Universidade de Vigo (Duvi), o medio de comunicación directa cos membros da comunidade universitaria e co público xeral.

Na axenda amósanse as actividades organizadas pola comunidade universitaria.

As redes sociais constitúen unha ferramenta importante para difundir as mensaxes realizadas polos diferentes axentes universitarios e axudan a establecer relacións cos diferentes públicos da Universidade de Vigo.

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) vertebra e coordina as actividades de comunicación social da ciencia da institución.

A UVigoTV, a televisión por internet da Universidade de Vigo, rexistra e transmite en directo congresos, conferencias, clases universitarias, defensas de teses e eventos culturais ou deportivos.

A través do portal de avisos a comunidade universitaria pode compartir información institucional.

Na aplicación móbil da Universidade de Vigo pódese atopar toda a información pública da institución. Incorpora a tarxeta universitaria intelixente (TUI) que serve de acreditación como membro da comunidade universitaria e dá acceso a unha morea de servizos.

Tamén se publican mensualmente os seguintes boletíns:

- Boletín dixital da novas relacionadas coa responsabilidade social
- Boletín informativo da Unidade de Igualdade
- Boletín da Oficina de Proxectos Internacionais

Dado o alto impacto que moitas das actividades teñen no contorno económico, social e cultural, a difusión do coñecemento xerado a través da actividade académica, investigadora e de extensión universitaria, ten unha especial relevancia para a sociedade. As principais canles de comunicación son:

- Web institucional
- Redes sociais
- DUVI diario dixital
- Boletín dixital mensual da novas relacionadas coa responsabilidade social
- Boletín informativo da Unidade de Igualdade
- App UVigo! Aplicación para o móbil de avisos

Tras unha década en funcionamento, o portal institucional da Universidade de Vigo dá paso a unha nova web que se presentou no mes de maio de 2018. Esta nova web nace como froito do traballo da comunidade universitaria xunto con persoas expertas e permite que a información flúa de xeito coherente, permitindo modernizar o xeito no que a universidade se comunica cos públicos situando as persoas usuarios no centro. A nova web funciona con crebacabezas ou *mashup*, que permite recoller información das aplicacións de xestión e convertelas en comunicables.

Esta nova web funciona en pantallas de computador, móbiles e outros dispositivos electrónicos, desenvolveuse 100 % en tecnoloxía de software libre e está organizada en perfís: estudiantado, PAS, PDI e empresas e áreas temáticas relativas á universidade, docencia, investigación, vida universitaria e captación.



Capítulo 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica



Neste capítulo infórmase ás partes interesadas sobre o desempeño económico en xeral, do grao de cumprimento do seu orzamento e dos resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio.

A institución elabora anualmente un resumo da memoria económica, un documento que a súa vez emana dá conta anual do exercicio 2019. Estes documentos conteñen e amplía moita da información exposta neste apartado e poden consultarse no seguinte vínculo: <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/orzamentos>

A Universidade de Vigo procura que o principio de transparencia na xestión sexa unha conduta real da institución e dirixido a garantir un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

5.1. Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo

O orzamento da Universidade de Vigo recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a institución, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio; e apróbase en equilibrio, cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para o devandito exercicio.

O orzamento inicial do exercicio 2020 aprobouse por un importe de 194 995 837 € un 6,83 % máis que o do exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2020.


Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2020 (€)

	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17 969 500,00 €	201 906,70 €	18 171 406,70 €
IV. Transferencias e subvencións correntes	129 025 291,00 €	477 392,97 €	129 502 683,97 €
V. Ingresos patrimoniais	255 000,00 €	26 334,73 €	281 334,73 €
OPERACIÓNS CORRENTES	147 249 791,00 €	705 634,40 €	147 955 425,40 €
VI. Alleamento de investimentos reais	400 000,00 €	0,00 €	400 000,00 €
VII. Transferencias e subvencións capital	39 043 937,00 €	94 825,00 €	39 138 762,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	39 443 937,00 €	94 825,00 €	39 538 762,00 €
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	186 693 728,00 €	800 459,40 €	187 494 187,40 €
VIII. Variación de activos financeiros	8 302 109,00 €	13 599 459,02 €	21 901 568,02 €
IX. Variación de pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	8 302 109,00 €	13 599 459,02 €	21 901 568,02 €
TOTAL	194 995 837,00 €	14 399 918,42 €	209 395 755,42 €

Ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 14 399 918,42 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas. Na terceira columna reflíctense os créditos definitivos, que resultan de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito. Supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 209 395 755,42 €, un 12,83 % maior ca o do exercicio precedente.

Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2020 (€)

	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	112 996 556,00 €	-24 829,76 €	112 971 726,24 €
II. Gastos correntes en bens e servizos	30 860 311,00 €	2 894 763,52 €	33 755 074,52 €
III. Gastos financeiros	789 450,00 €	0,00 €	789 450,00 €
IV. Transferencias correntes	7 076 396,00 €	517 193,65 €	7 593 589,65 €
V. Fondo de continxencia	150 000,00 €	-119 887,02 €	30 112,98 €
OPERACIÓNS CORRENTES	151 872 713,00 €	3 267 240,39 €	155 139 953,39 €
VI. Investimentos reais	41 373 124,00 €	10 782 678,03 €	52 155 802,03 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1 750 000,00 €	350 000,00 €	2 100 000,00 €
VII Transferencias e subvención	510 000,00 €	350 000,00 €	860 000,00 €
VIII. Activos financeiros	140 000,00 €	0,00 €	140 000,00 €
IX. Pasivos financeiros	1 100 000,00 €	0,00 €	1 100 000,00 €
TOTAL	112 996 556,00 €	-24 829,76 €	112 971 726,24 €



A diferenza entre os créditos iniciais e os créditos definitivos vén dada polas modificacións de crédito realizadas. No seguinte cadro amósase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2015 a 2019.

Evolución do orzamento e as súas modificacións 2015-2020 (€)

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Orzamento inicial	165 203 557	160 586 524	165 325 488	172 552 088	182 535 089	194 995 837,00
Modificacións orzamentarias	13 496 339	13 776 339	12 412 659	13 242 283,73	14 059 333,72	14 399 918,00
Xeracións de crédito	4 203 536	2 179 831	2 796 391	2 091 132	2 653 222,96	800 459,40
Incorporación de remanentes	9 292 803	9 653 485	9 616 268	11 151 152	11 406 110,76	13 599 459,02
transferencias de crédito	280 000	80 000	17 858 391	19 428 024	20 244700,39	0,00
Orzamento definitivo	178 979 896	172 419 845	177 738 147	185 794 371,73	196 594 422,72	209 395 755,42

Evolución do resultado orzamentario

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cun aumento no ano 2020 do 6,11 % respecto do ano anterior.


Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2015-2020 (€)

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Ingresos (dereitos recoñecidos)	151 027 720	153 759 723	158 340 392	161 388 146,40	165 049 891,98	167 405 517,64
% variación anual	3,03 %	1,81 %	2,98 %	1,89 %	2,30 %	1,43 %

Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2015-2020 (€)

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Gastos (obrigas recoñecidas)	155 009 911	149 968 829	157 064 633	164 126,69	169 720 773,30	170 681 126,09
% variación anual	5,13 %	-3,25 %	4,73 %	1.89 %	3,41 %	0,57 %

Evolución ingresos e gastos 2014-2020



Balance de situación da Universidade de Vigo

O balance é o estado económico-financieiro onde se amosa a situación patrimonial da universidade a 31 de decembro de 2020.

Balance de situación da Uvigo 2019/2020 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2020	Exercicio 2019
A) ACTIVO NON CORRENTE	210 718 768,55 €	200 615 312,51 €
I Inmobiliado intanxible	3 215 795,43 €	3 622 586,71 €
II Inmobiliado material	200 902 453,53 €	190 348 496,18 €
III Inversións inmobiliarias	585 457,93 €	585 157,93 €
IV Inversións financeiras a longo prazo en entidades do grupo	5 996 324,02 €	6 040 124,05 €
V Inversións financeiras a longo prazo	19,037 64	18 947,64 €
B) ACTIVO CORRENTE	60 723 789,69 €	62 892 212,12 €
III Debedores e outras contas a cobrar	38 994 986,31 €	33 774 821,71 €
V Inversións financeiras a curto prazo	617 445,65 €	628 455,44 €
VII Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	21 111 357,73 €	28 488 934,63 €
TOTAL ACTIVO (A+B)	271 442 558,24 €	263 507 524,63 €
A) PATRIMONIO NETO	234 409 181,20 €	228 321 137,34 €

DESCRICIÓN	Exercicio 2020	Exercicio 2019
I Patrimonio	268 318 132,87 €	268 318 132,87 €
II Patrimonio xerado	-62 220 127,65 €	-69 008 787,51 €
III Outros incrementos patrimoniais ptes resultados	28 311 175,98 €	29 011 788,98 €
B) PASIVO NON CORRENTE	18 342 138,40 €	17 896 351,05 €
I Provisións a longo prazo	12 543 938,34 €	11 128 126,41 €
II Débedas a longo prazo	5 798 200,06 €	6 768 224,64 €
C) PASIVO CORRENTE	18 691 238,64 €	17 290 036,24 €
I Provisións a curto prazo	0,00 €	0 €
II Débedas a curto prazo	1 332 645,65 €	1 651 225,25 €
IV Acredores por operacións de xestión	8 061 889,24 €	5 848 772,30 €
V Axustes por periodificación	9 296 703,75 €	9 790 038,69 €
TOTAL PASIVO (A+B+C)	271 442 558,24 €	263 507 524,63 €

5.2. Relación económica coas partes interesadas

Conta do resultado económico patrimonial da UVigo 2019/2020 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2020	Exercicio 2019
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	0,00 €	0 €
2. Transferencias e subvencións recibidas	146 465 767,92 €	142 418 406,91 €
3. Ventas netas e prestación de servizos	15 003 829,63 €	15 500 005,20 €
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	6 760 120,63 €	6 968 369,07 €
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	168 229 718,18 €	167 043 869,40 €
8. Gastos de persoal *	-124 396 874,28 €	-120 256 435,79 €
9. Transferencias e subvencións concedidas	-5 614 145,17 €	-6 025 861,33 €
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-27 829 283,62 €	-32 568 612,41 €
12. Amortizacións de inmovilizado	-11 008 499,34 €	-19 005 245,08 €
B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA	-168 848 802,41 €	-177 856 154,61 €

DESCRICIÓN	Exercicio 2020	Exercicio 2019
I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)	-619 084,23 €	-10 216 184,41 €
13. Deterioración do valor e resultados polo alleamento do inmovilizado non financeiro e activos		518 121,35 €
14. Outras partidas non ordinarias	78 261,77 €	77 979,45 €
II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)	-543 236,10 €	-10 216 184,41 €
15. Ingresos financeiros	18,34 €	9 619,81 €
16. Gastos financeiros	-148 746,33 €	-1 183 564,34 €
20. Deterioración do valor, baixas e alleamento de activos e pasivos financeiros	-151 711,13 €	-1 141 080,94 €
III. Resultado das operacións financeiras (15-16-20)	-664 439,12 €	-2 315 025,47 €
IV. Resultado neto do exercicio (II+III)	-1 207 675,22 €	-12 531 209,88 €

No referido aos gastos de persoal, o seu importe acadou no 2020 un total de 97 808 431,12 €, o que supón un incremento do -0,09 % en relación ao exercicio 2019.

Gasto de persoal capítulo 1 (obrigas contraídas). Anos 2019 e 2020 (€)

Denominación	2020	2019	Importe da variación s/ 2019	% de variación s/ 2018
Altos cargos e persoal eventual	440 101,24 €	417 420,33	-22 681,01 €	-0,05 €
Funcionarios	58 074 846,27 €	56 321 183,02	-1 753 663,25 €	-0,03 €
Laborais	12 571 512,25 €	12 288 233,07	-283 279,18 €	-0,02 €
Outro persoal	23 988 379,33 €	22 186	-1 801 670,33 €	-0,08 €
Incentivos ao rendemento	845 369,68 €	833 720,56	-22 614,08 €	-0,03 €
Gastos sociais	1 888 222,35 €	15 355 326,17	13 436 368,04 €	0,88 €
TOTAL	97 808 431,12 €	107 391 669,13	9 552 460,19 €	-0,09 €

No referido ao gasto en bens e servizos correntes, o importe final é de 21 965 494,76 €, cun aumento porcentual dun 13,57 % como se pode ver na seguinte táboa. O maior aumento en termos absolutos danse na partida de material subministracións e outros.

Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2019 e 2020 (€)

Denominación	2020	2019	Importe da variación s/ 2019	% de variación s/ 2019
Arrendamentos	518 485,63 €	686 918,07 €	168 432,44 €	24,52 %
Reparacións e conservación	2 608 764,54 €	2 481 575,92 €	-127 188,62 €	-5,13 %
Material, subministracións e outros	17 864 270,01 €	20 744 989,02 €	2 880 719,01 €	13,89 %
Indemnizacións por razón de servizo	953 740,82 €	1 475 368,68 €	521 627,86 €	35,36 %
Publicacións	20 233,76 €	24 112,09 €	3 878,33 €	16,08 %
TOTAL	21 965 494,76 €	25 412 963,78 €	3 447 469,02 €	13,57 %

O gasto en transferencias correntes acadou un importe de 5 060 376,34 €, cun descenso porcentual do 0,37 % .

Gasto en transferencias correntes. Anos 2019 e 2020 (€)

Denominación	2020	2019	Importe da variación s/ 2019	% de variación s/ 2019
Transferencias a entidades públicas e privadas	2 622 512,06	2 598 369,47	-24 142,59	-0,93 %
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	2 437 864,28	3 447 073,67	1 009 209,39	29,28 %
Transferencias ao exterior (intercambios Erasmus, LIG...)	0	0	0	--
TOTAL	5 060 376,34	6 045 443,14	985 066,80	16,29 %

O capítulo de investimentos no ano 2020 chega aos 30 181 462,35 €, cun descenso porcentual dun -0,07 % con respecto ao 2019:

Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2019 e 2020 (€)

Denominación	2020	2019	Importe da variación s/ 2019	% de variación s/ 2019
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	11 066 362,28 €	7 757 897,29 €	- 3 308 464,99 €	- 0,43 €
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	19 115 100,07 €	20.363.134,46 €	1 248 034,39 €	0,06 €
TOTAL	30 181 462,35 €	28 121 031,75 €	- 2 060 430,60 €	-0,07 €

As bibliotecas están ao servizo de toda comunidade universitaria e abertas a toda a sociedade en xeral. O gasto dedicado á adquisición de recursos información ascendeu no ano 2020 a 2 037 789,00 €

O gasto de persoal asignado ás bibliotecas foi de 6 060 851 € importe maior co do exercicio anterior.

Descrición	Ano 2020	Ano 2019
Total gastos en recursos de información (euros)	2 037 789,00 €	2 183 067 €
Compra de monografías en papel	160 331,00 €	125 464 €
Subscripción de publicacións periódicas papel	157 039,00 €	287 649 €
Gasto en compra de material (non libros)	Sen datos	Sen datos
Gasto en monografías electrónicas de pago con licenza	1 316 620,00 €	1 100 €
Gasto en publicacións periódicas electrónicas de pagamento ou con licenza	1 316 620,00 €	1 521 372,00 €
Gasto en bases de datos de pagamento ou con licenza	280 270 €	247 662,00 €
Gasto en información electrónica	1 720 419 €	1 770 134,00 €

Custo en persoal das bibliotecas (€)

Descrición	Ano 2020	Ano 2019
Custo de bibliotecarios/as	1 664 348 €	1 667 526 €
Custo de auxiliares de biblioteca	2 291 002 €	2 001 118 €
Custo de estudantes bolseiros/as	1 440 €	0 €
Custo de persoal administrativo	104 061 €	101 927 €
Total custo do persoal (euros)	4 06 851 €	3 780 571 €

5.3. A contratación administrativa

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia/consultaría/servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2017 aparece reflectida nos cadros seguintes.

Comparativo do volume de contratación nos exercicios 2019 e 2020.

	2020	2019	Diferenzas (valor absoluto)	Diferenzas (porcentuais)
Importes de adxudicación	14.957.881,95 €	10.374.973 €	4.582.908,95 €	44,17 %
Número de expedientes	38	34	4	11,76 %

A continuación amósase un resumo das adxudicacións distinguidas por tipos de contrato e a súa vez polos procedementos e formas de adxudicación. Neste exercicio dáse un maior peso dos expedientes tramitados por procedemento aberto, que superan en número os procedementos negociados.

Resumo por tipo e procedemento de adxudicación no exercicio 2020

Por tipo de contrato	Procedemento negociado	Aberto tramitación reducida	Procedemento aberto	Procedemento restrinxido	Emerxencia	Total
Obras			3			3
Servizos		2	6			8
Subministración		2	17		6	25
Privados			1			1
Concesión de servizos				1		1
Totais	0	4	27	1	6	38

A información anterior complementábase cos datos económicos contidos no seguinte cadro, no cal obsérvase que as baixas producidas acadaron un importe de 1 444 308,88 €.

Resumo por tipo, importes e ratios principais no exercicio de 2020

Tipo de contrato	Núm. de expedientes	Importes de licitación	Importe de adjudicación	Baixas
Obras	3	2 531 697,38 €	2 231 473,13 €	300 224,25 €
Servizos	8	6 013 964,21 €	5 157 344,51 €	856 619,70 €
Subministracións	25	7 746 171,91 €	7 501 246,94 €	244 924,97 €
Privados	1	110 357,20 €	67 817,37 €	42 539,83 €
Totais	38	16 402 190,70 €	14 957 881,95 €	1 444 308,75 €

Finalmente, debemos recordar que nos datos comentados non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados nos artigos 111 e 138.3 do TRLCSP e no artigo 118 da LCSP. Ao respecto, hai que indicar que a publicidade relativa aos citados contratos, a partir do disposto no artigo 63.4 da LCSP, efectúase na plataforma de contratación do sector público (PCSP) e pódese acceder á devandita información a través do perfil do contratante da Universidade de Vigo na PCSP e premendo na pestana de documentos. A información pode consultarse no seguinte vínculo: <https://bit.ly/3vSfOYD>

5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos


O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais aos das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo; estes representan o 46,49 % do número de provedores e facturan 13 861 493,53 € o que representa un 37,70 % do total da facturación. Estes datos supoñen una cifra similar á do ano anterior en canto ao volume e ao número de provedores.

ÁMBITO	Exercicio 2020			Exercicio 2019		
	Núm. de provedores	Total facturado	% facturado	Nº Provedores	Total facturado	% facturado
Local	1 106	13 861 493,53 €	37,70 %	1 339	15 464 485,87	40,79 %
Autonómico	282	3 756 941,61 €	10,22 %	328	4 600 476,29	12,13 %
Estatal	713	17 772 810,06 €	48,34 %	824	16 328 042,16	43,07 %
Estranxeiro	278	1 377 330,22 €	3,75 %	354	1 517 991,10	4 %
Totais	2 379	36 768 575,42 €	100 %	2 845	37 911 995,42	100 %

Atendendo á orixe xeográfica a Universidade de Vigo fornécese nun 47,92 % do contratado con provedores galegos, dos cales 46,49 % son provedores locais.


% Facturado por orixe do provedor

% Facturado por tipo de provedor 2020



■ Nacional ■ Galego ■ Local ■ Estranxeiro

% Provedor por ámbito 2020



■ Nacional ■ Galego ■ Local ■ Estranxeiro

Durante o exercicio de 2020 a Universidade de Vigo tivo relación con 2379 provedores externos, que lle facturaron en total 36 768 575,42 €. O importe medio por provedor é de 1561,30 € e o tramo de facturación é de entre 1001 a 10 000 € o que absorbe a parte máis importante do orzamento cun 35,92 %.

Facturas recibidas


Concepto	Ano 2020	Ano 2019
Número total de provedores	2 379	2 845
Número total de facturas	23 550	30 296
Importe total facturado	36 768 757,4 €	35 871 442 €
Importe medio por factura	1 561,30 €	1 1874 €
Importe medio por provedor	1 5455 €	12 609 €
Núm. medio facturas por provedor	10,65	10,65

Tramos	Ano 2020		Ano 2019	
	% Facturas	% Importe	% Facturas	% Importe
De 0 a 100 €	35,38 %	0,84 %	37,17 %	1,19 %
De 101 a 1000 €	43,55 %	10,50 %	45,75 %	13,72 %
De 1001 a 10.000 €	18,76 %	35,92 %	15,37 %	37,83 %
De 10.001 a 50.000 €	1,88 %	25,52 %	1,43 %	21,63 %
Máis de 50.000 €	0,43 %	0,53 %	0,28 %	21,63 %
Total	100 %	100 %	100 %	100 %

En canto a evolución dende 2015 ao 2020, no referente ao importe total facturado podemos ver que en 2016 se produce un descenso moi acusado deste, que pasa de 39 383 530 € a 32 503 158 €, o que supón un descenso de máis de 6 millóns e medio de euros. Nos anos 2017 e 2018 prodúcese unha recuperación da facturación que


acada no 2018 os 37 911 995 € aínda que no 2019 volve a descender aos 35 871 242 €e no 2020 ascende a 36 768 575,42 €

Evolución importe total facturado 2015-2020




En canto a evolución do número de facturas podemos ver que se produce un aumento constante dende o 2015 ao 2018 e que no 2019 e 2020 observamos un descenso brusco delas.

Evolución número total de facturas 2015-2020



Evolución de proveedores locais e rexionais 2015-2020



5.5 Indicadores económico-financieros e entidades participadas

Como complemento ao resto da información contida na memoria, nesta sección recóllese unha mostra dos indicadores que reflicten dun xeito sintético a situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade de Vigo no exercicio 2020.

Indicador de endebedamento

Este indicador representa a relación entre a totalidade do pasivo esixible (corrente e non corrente) respecto do patrimonio neto máis o pasivo total da entidade. Resulta de dividir a suma do *pasivo corrente* máis o *pasivo non corrente* entre o *pasivo corrente* máis o *pasivo non corrente* e o *patrimonio neto* (35 827 591,61 €/ 274 372 136,88 €) e o resultado é 0,13.

Indicador de cash flow

Este indicador reflicte a medida na que os fluxos netos de xestión de caixa cobren o pasivo da entidade, e é resultado de dividir o pasivo non corrente sumado ao pasivo corrente entre os fluxos netos de xestión (35 827 591,61 €/ 5 048 309,82 €), e o resultado é 7,10.

Indicador de cobertura de gastos correntes

Este indicador pon de manifesto a relación existente entre os gastos de xestión ordinaria e os ingresos da mesma natureza, e resulta de dividir os gastos de xestión ordinaria entre os ingresos de xestión ordinaria (157 026 940,28 €/ 168 146 926,22 €), e o resultado é 0,93. Este indicador reflicte a fortaleza da Universidade para atender os gastos correntes.

Indicador de execución do orzamento de gastos

Indica a proporción dos créditos aprobados no exercicio que deron lugar ao recoñecemento de obrigas, e é produto de dividir as obrigas recoñecidas netas entre os créditos totais (170 681 126,09 €/ 209 395 755,42 €), co resultado de 0,82. Este resultado recolle unha porcentaxe de execución do orzamento de gastos normal consonte á planificación realizada.

Indicador de realización de pagamentos

Este indicador reflicte a proporción das obrigas recoñecidas no exercicio da que o pagamento se realizou no mesmo, con respecto ao total de obrigas recoñecidas, e resulta de dividir os pagamentos realizados entre as obrigas recoñecidas (170 654 684,08 €/ 170 681 126,09 €), e o resultado é 1.

Indicador de esforzo en investimento

Establece a proporción que representan as operacións de capital realizadas no exercicio con respecto á totalidade dos gastos orzamentarios realizados nel. Resulta de dividir as obrigas recoñecidas netas dos capítulos 6 do orzamento de gastos entre o total de obrigas recoñecidas netas (30 181 462,35 €/ 170 681 126,09 €). O resultado 0,18.

Indicador de execución do orzamento de ingresos

Mostra a proporción que sobre os ingresos orzamentarios previstos supoñen os ingresos orzamentarios netos, isto é, os dereitos liquidados netos. Resulta de dividir os dereitos recoñecidos netos entre as previsións definitivas (167 405 507,43 €/ 209 395 755,42 €). O resultado 0,80.

Entidades participadas

A continuación móstrase as empresas e filiais ou empresas derivadas (*spin-off*) nas que participa a Universidade de Vigo:

Participación da Universidade de Vigo en empresas e filiais ou empresas derivadas (*spin-off*)

Empresa	Valor en libros	% participación
Cidade Universitaria	5 815 970 €	57,14 %
Unirisco	120 250,46 €	4,10 %
Cidade Tecnolóxica de Vigo	1 850 000 €	25,00 %
Parque Tecnolóxico de Galicia	32 454 €	1,18 %

Máis información sobre as entidades participadas pola UVigo pode ser consultada no Portal de Transparencia no seguinte vínculo: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5>



Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente



6.1 Obxectivos e balance de actuación. Curso 2019/2020

A OMA é o servizo responsable da política ambiental da Universidade de Vigo (Uvigo). Coordina e promove as liñas de conservación ambiental que se aplican nos tres campus (Vigo, Ourense e Pontevedra).

Entre as súas funcións están asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental, intervir en actuacións que poidan producir impactos ambientais e promover accións que aumenten a calidade ambiental, a través dos seguintes instrumentos:

- Uso sustentable dos recursos naturais e materiais primas reducindo os consumos e a produción de residuos.
- Fomento da educación e sensibilización ambiental.
- Conservación dos ecosistemas naturais dos campus e da diversidade biolóxica.

6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

No campus de Pontevedra, xunto coa súa vicerreitoría, desenvólvese o sistema de seguimento e xestión ambiental (bandeira verde universitaria) dentro do marco do programa Green Campus coordinado pola entidade Adeac.

Recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e servizos da Uvigo

Dende a OMA diríxese e supervísase a recollida dos residuos perigosos de todos os centros dos tres campus a través de xestores autorizados. Durante o curso 2019/2020 retiráronse as seguintes cantidades:

	Novembro 2019	Abril 2020
Total RP (kg)	13 106	0 (cancelada debido á Covid-19)

Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

Trabállase na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de todos os centros da UVigo. Colabórase co Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) na selección do material informático e electrónico potencialmente reutilizable que o trasladan ao seu taller. Neste curso, a cantidade en peso de material recuperado con respecto ao total desbotado foi arredor dun 13 %. A cantidade total tratada a través de xestor aitorizado deste tipo de residuos foron uns 2574 Kg.

RAEE retirados no curso 2019/2020

	Reutilizados / GRUVI	Xestor autorizado
Ordenadores	70	290
Monitores	9	97
Impresoras + escáneres	0	57
Caixas con material variado	3	24
Outros equipos eléctricos	-	17
TOTAL	82	485

Residuos SANDACH (subprodutos animais non destinados ao consumo humano).

Debido á actividade dalgúns laboratorios, aparece un residuo especial que debe ser xestionado especificamente a través dun xestor autorizado. A este tipo de residuos corresponden os animais mortos (ratos, peixes etc.) xerados pola investigación e experimentación.

Recollida de fluorescentes e lámpadas de baixo consumo.

Coa entidade Ambilamp, que conforma un sistema de xestión integrado de residuos procedentes de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo, a UVigo asinou un convenio polo que esta entidade recolle gratuitamente este tipo de residuos nos campus. Para isto, puxo a disposición da UVigo unha serie de colectores especiais localizados en zonas centralizadas de cada campus, onde depositar este tipo de residuos para a súa posterior recollida e xestión pola entidade.

Control e estudo de consumos na Universidade

Dende a OMA lévase o seguimento e toma de datos de determinados consumos non automatizados; rexístranse mensualmente os consumos de auga, electricidade e combustibles, estudando na medida do posible medidas de aplicación de eficiencia enerxética e aforro.

6.3 Accións en favor da sensibilización e formación medioambiental

Durante este curso continuouse cos programas de educación ambiental "Universidade é Natureza" e "Ruta das Árbores" dirixidos principalmente a estudantes de centros de distintos niveis de ensino e membros da comunidade universitaria. O obxectivo é dar a coñecer a gran variedade de especies de fauna e flora presentes nos campus, algunhas singulares polo seu porte, rareza ou idade. Neste curso moitas visitas tiveron que suspenderse debido á pandemia da covid-19.

Dentro do ámbito do desenvolvemento sustentable e a xestión ambiental convocáronse 6 bolsas de formación para estudantes e contouse coa colaboración de varios proxectos fin de grao e fin de mestrado así como estudantes que desempeñaron labores de voluntariado e apoio na xestión ambiental e mantemento e conservación do medio natural.

Accións en favor da conservación do medio natural

No que respecta ao control e erradicación de especies invasoras, continúaase co seguimento e control de especies de flora invasora (acacia, mimosa, robinia, carrizo da Pampa, canaveira, onagra, margarida africana, persicaria, herba tintureira, cala, glicinia, eixerón etc.) e capturas de fauna invasora (como o cangrexo americano, a tartarugas de Florida e os carpíns) nas lagoas e estanques dos campus.

Coa Unidade de Xardinería e zonas verdes lévase a cabo un traballo constante ao longo do ano na xestión da conservación das zonas verdes, así como traballos complementarios relacionados. En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planifícanse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a biodiversidade e o potencial ornamental e paisaxístico das zonas verdes. Así realízanse as tarefas de:

- Supervisión e control periódico do estado das zonas verdes, mobiliario urbano e infraestruturas.
- Planificación e coordinación dos traballos de conservación en zonas verdes e infraestruturas (estacionamentos, sistema viario e peonil, zonas duras, sistemas de drenaxe, estanques e limpeza xeral periódica dos campus).
- Traballos de mantemento: podas, reprodución de plantas, rega e mantemento dos sistemas de rega, compostaxe etc.
- Outros traballos extraordinarios e estacionais nos campus de Vigo e Pontevedra que cabe destacar foron:
- Limpezas de entullos espontáneos.
- Limpezas especiais manuais dos campus durante o período dos exames de selectividade e antes dos actos institucionais protocolarios, eventos deportivos, tras as treboadas etc.
- Tres limpezas mecánicas ao ano das estradas dos campus, sendas, aparcadoiros e zonas duras mediante varredora-aspiradora urbana con recollida duns. 40 m³ de áridos e restos vexetais.
- Xestión de residuos inertes de centros, servizos, laboratorios e infraestruturas: recollida, clasificación, reciclaxe e almacenamento temporal de materiais metálicos, áridos, madeira, sinais de tráfico etc. previamente ao seu envío a xestor autorizado.
- Recollida de residuos inertes e limpeza especial de líquidos da estrada e tras accidentes de circulación nas estradas dos campus.
- Xestión dos residuos vexetais producidos nos traballos de conservación de zonas verdes: triturado e compostaxe de restos vexetais para o seu emprego na restauración de solos, plantacións, e acolchados: uns 30 m³ de compost maduro.
- Plantacións de 50 árbores frondosas autóctonas e arbustos en zonas forestais onde se cortaron piñeiros para cumprir coa normativa para a prevención de incendios. Ademais, plantáronse tamén arbustos en varias zonas dos campus como mellora paisaxística e especies herbáceas autóctonas de cubrición en zonas de erradicación de flora invasora.
- Outros traballos realizados foron a colaboración con departamentos e equipos de investigación proporcionando materiais, preparando novas zonas para investigación etc.; arranxo e mellora do firme da zona de almacenamento de pólars e do acceso ás zonas de investigación dos socalcos dos prados; xestión de podas especiais de arborado próximo a edificios; deseño e xestión da zona estancial fronte ao edificio Filomena Dato; continuación coa erradicación das especies de flora invasora en diferentes *ecotonos* e xardíns do campus nos que se vai actuando periodicamente; reforma dunha das zonas de aviveirado e reprodución de planta; colaboración na elaboración dos pregos de prescrición técnicas do exp. 301/19 correspondente ao mantemento e conservación das zonas verdes dos campus de Vigo e Pontevedra; continuación coa corta de piñeiros nas zonas de risco afectadas nas proximidades de estradas e edificios.

Mentres que no campus de Ourense se realizaron as seguintes actividades:

- Aviso de presenza de niños de avésa velutina ao departamento encargado do seu estudo.
- Eliminación de niños de avésa común no edificio da gardaría.

- Actuacións de eliminación de avéspora asiática, procesionaria e control de roedores.
- Actualización da información do mapa en liña de árbores do campus de Ourense.
- Deseño e solicitude de orzamentos para a remodelación do estanque e da entrada do edificio do Campus Auga.
- Solicitude de orzamentos para remodelar a rega da zona axardinada do Campus da Auga.
- Corta de dous exemplares de *Platanus x hispánica* que tiñan a súa estabilidade comprometida.
- Revisión de seguridade en altura (ancoraxes e unións de pólas que non se vían dende o chan) dos cedros do campus.
- Poda especial de árbores pequenas coa técnica de Bonsai.
- Reposición de dúas Melias do edificio Politécnico.
- Recolléronse datos de consumos dos sistemas de calefacción por bombas de calor no edificio da Unidade Administrativa (histórico dende o 2014).

6.4 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

<http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>

O obxectivo da nosa sociedade de progreso debería ser conseguir un desenvolvemento sustentable, é dicir, satisfacer as necesidades presentes sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas. Por este motivo, é necesario avaliar as actividades humanas en función do impacto que producen sobre o medio e os recursos naturais. Con este fin, idéanse distintos indicadores que permiten medir o consumo de recursos e o nivel de degradación provocado no medio.

Neste apartado daremos conta do impacto ambiental, calculado como pegada de carbono ou pegada ecolóxica, da nosa institución. O estudo no tempo da pegada de carbono é unha ferramenta axeitada para identificar as actividades que precisan melloras, ou nas que é posible introducilas de cara á redución de GEI e, deste xeito, conseguir que a Universidade de Vigo estea nun proceso de mellora ambiental continua.

Tendo en conta que a meirande parte das universidades analizan a súa pegada ecolóxica medida en hectáreas de terreo produtivo equivalente, unha vez calculada a pegada de carbono da Universidade de Vigo aplicarase un factor de conversión de toneladas de dióxido de carbono a hectáreas de terreo produtivo equivalente, de xeito que se poida comparar o resultado co das outras universidades.

Posteriormente, para calcular a pegada ecolóxica empregárase o factor de conversión de 0,34 gha/tCO₂/a (Global Footprint Network 2017) para transformar as emisións de dióxido de carbono en hectáreas globais equivalentes. Ademais, ao resultado deben engadirse as hectáreas de superficie construída. Deste xeito, calcúlase a pegada ecolóxica tendo en conta dous factores: i) emisións de CO₂ e ii) superficie construída.

A metodoloxía empregada neste informe para o cálculo da pegada de carbono está baseada no Protocolo de gases de efecto invernadoiro (WRI & WBCSD 2004), unha norma internacional recoñecida a nivel mundial. Tendo isto en conta, o informe está estruturado en cinco etapas:

- Obxectivos do estudo.
- Definición e alcance do sistema.
- Inventariado dos aspectos ambientais.
- Avaliación da pegada de carbono.
- Interpretación dos resultados

Para calcular a pegada ecolóxica determínase a superficie necesaria para fixar as emisións producidas polas actividades diarias, mediante a seguinte ecuación:

$$\text{Pegada ecolóxica (ha/ano)} = \frac{\text{Emisións (Tm CO}_2\text{)}}{\text{Carbono fixado (Tm CO}_2\text{/ha/ano)}}$$

O estudo da pegada de carbono ten un importante interese e utilidade, debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da UVigo de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Así mesmo, actúa como instrumento de divulgación e sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e no uso das actividades desta institución.

Anualmente trabállase no seguimento e cuantificación do impacto ambiental da UVigo a partir do estudo da pegada de carbono e da pegada ecolóxica. Estes dous indicadores miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica da terra de xerar os devanditos recursos. A análise destes indicadores permite distinguir as actividades máis contaminantes da atmosfera e comparalos con indicadores doutras institucións nacionais e internacionais. Están a disposición da comunidade universitaria na web da OMA:

A información sobre a pegada ecolóxica da UVigo pode consultarse no seguinte vínculo: <http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>.

6.5 Boas prácticas cara á redución

Existen varios mecanismos que permiten a compensación das emisións dunha organización. Estes mecanismos implican reducir ou evitar emisións de CO₂ a través de proxectos destinados para tal fin. A UVigo podería compensar as súas emisións ou parte delas contribuíndo a un destes proxectos por medio dos mercados voluntarios de carbono.

Aínda con isto, para unha organización como é a universidade, o máis simple é propoñer e tomar medidas que mitiguen as súas emisións. A pegada de carbono é moi útil neste senso, xa que permite recoñecer as fontes de GEI máis significativas e os cambios das súas emisións no tempo, para poder tomar medidas axeitadas que reduzan as emisións dun xeito eficaz.

No marco das medidas máis salientables acadadas pola Universidade de Vigo para diminuír as súas emisións pódese destacar a instalación de diversas fontes de enerxías renovables ao longo dos anos: solar térmica e fotovoltaica, xeotérmica, intercambiadores de calor e caldeiras de biomasa.

- 78kWp Fotovoltaica Ciencias da Educación e Deporte
- 100kWp Fotovoltaica Ciencias Sociais e Comunicación
- 100kWp Fotovoltaica Politécnico
- 100kWp Fotovoltaica Edificio CINTECX
- 42kWp Fotovoltaica EEI-sede Vigo
- 100kWp Fotovoltaica CACTI
- Rede de produción e distribución de valor con biomasa 2000kW
- Instalación xeotermia, vinilos solares e iluminación LED – Edificio de Ferro
- Mellora climatización Biblioteca Central

- Renovación caldeiras e climatización – Facultade de Económicas
- Renovación LED e melloras enerxéticas – Filomena Dato
- Renovación LED e 200kWp fotovoltaica – Industriais
- Renovación LED e 100kWp fotovoltaica – Minas

Con este conxunto de actuacións a UVigo estima unha redución da súa pegada de carbono de 1821 toneladas de CO₂ o ano o que equivale o 8,3 % da súa pegada total.

A partir do ano 2015 comezouse un proceso de ampliación da rede de gas natural nos centros e instalacións da Universidade de Vigo. Ata o momento está presente nas escolas de Enxeñaría Industrial e de Estudos Empresarias da sede cidade de Vigo. A finais do ano 2015 adáptanse as caldeiras de gasóleo do pavillón polideportivo de Ourense e da Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte en Pontevedra. Os anos 2016 e 2017 foron os de maior número de cambios a gas natural nas salas de caldeiras dos diferentes edificios da Universidade de Vigo. A principios do ano 2016 adáptanse a gas natural as caldeiras da Facultade de Ciencias Sociais e a Comunicación, no campus de Pontevedra, e as do edificio Xurídico Empresarial no Campus de Ourense, mentres que a finais de ese mesmo ano se transforman as caldeiras da Facultade de Filoloxía e Tradución no campus de Vigo e as da Facultade de Belas Artes e a Facultade de Fisioterapia no campus de Pontevedra. No ano 2017 prodúcese catro transformacións, todas elas cara a final do ano. Adaptáronse as caldeiras da Escola de Enxeñaría Forestal no campus de Pontevedra, e das escolas de Enxeñaría Industrial e as da Escola de Enxeñaría de Minas no Campus de Vigo. Ademais, instalouse unha nova caldeira completa, de gas natural, na Facultade de Ciencias do Campus de Vigo. A finais do ano 2018 adaptouse a gas natural a caldeira do edificio Exeria, mentres que se instalou unha nova caldeira de gas natural na Facultade de Química, que substituíu unha das dúas caldeiras de gasóleo existentes, tamén no campus de Vigo. Nos comezos do ano 2019 instalouse unha nova caldeira de gas natural na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, que substituíu unha de gasóleo existente. Por último, no último trimestre do ano 2020 substitúense as catro caldeiras de gasóleo da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais por tres novas caldeiras de gas natural.

O investimento aproximado por anualidade nas transformacións a gas natural indicadas anteriormente foi o seguinte: 36 500 € no ano 2015, 164 000 € no ano 2016, 180 000 € no ano 2017, 76200 € no ano 2018, 39 000 € no ano 2019 e 127 300 € no ano 2020. Estas cantidades acumulan un total de mais de 622 000 € nos últimos seis anos.

No eido da climatización tamén se pode destacar a inversión no edificio Filomena Dato, cun investimento aproximado de 180 000 € na renovación da instalación de climatización e ventilación.

Entre os anos 2019 e 2020 a UVigo renovou as instalacións de iluminación en diversos edificios e espazos exteriores, de cara a acadar un aforro de consumos eléctricos e unha maior durabilidade dos equipos instalados, ao tratarse de tecnoloxía LED. Entre eles poden citarse os seguintes: iluminación da EU Empresariais, na rúa de Torrecedeira, cun investimento de 13 000 € iluminación da Facultade de Ciencias Xurídicas en Vigo: 21 000 € biblioteca e cafetería da Facultade de Ciencias Xurídicas, cunha inversión de 9000 € aparcadoiro da Escola de Enxeñaría Industrial, 9000 €

Acometeuse igualmente a renovación da iluminación dos seguintes edificios: Biblioteca Central, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Minas, todos eles no campus de Vigo, e no Edificio de Ferro no campus de Ourense. Invertimento de 228 000 € (expte. 23/2020 lote 1); edificio Filomena Dato, cun total en iluminación de 69 500 € renovación dos equipos de iluminación das pistas de tenis no Campus Lagoas, cun investimento de 22 000 €

Na área dos RAEE, o Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo (Gruvi) revisa os equipos descartados nos diferentes centros e selecciona os dos que é posible o seu aproveitamento ou a recuperación dalgún dos seus compoñentes. Se é o caso, o material seleccionado polo Gruvi para o seu aproveitamento repárase, e con todo o material obtido móntanse equipos novos: PC, impresoras, escáneres, pantallas, ratos, teclados etc. Os equipos informáticos recuperados ofrécense a través de convocatorias anuais entre entidades

sociais e institución sen ánimo de lucro que teñan interese en aproveitalos, ao non requiriren grandes esixencias para o uso ao que van ser destinados.

Existe unha plataforma de intercambio de material que actualmente abrangue a toda a comunidade universitaria. É unha base de datos dinámica coa que se pretende que os obxectos (mobiliario, material de oficina e informático, libros etc.) que actualmente non teñen utilidade, pasen a outras persoas/centros/entidades que si lles dean uso.



Capítulo 7. Compromiso coa sociedade

7.1 Transferencia social e cultural



7.1.1 Participación da comunidade universitaria en actividades de responsabilidade social

A maiores da implicación nas titulacións oficiais, a Universidade de Vigo realiza un gran número de actividades de sensibilización e formación no marco da cooperación e da solidariedade, e da dimensión económica, social e medioambiental englobadas no termo responsabilidade social.

Deste xeito fai realidade o seu compromiso coa sociedade na procura dun desenvolvemento social, económico, cultural e ambiental sostible e equilibrado a través a ampla proxección que estas actividades teñen no contorno local e social da universidade.

Durante o 2020 rexistráronse 362 actividades relacionadas coa responsabilidade social, á marxe das mencionadas noutros apartados desta memoria. Todas estas actividades quedan recollidas no boletín mensual publicada na sección de RSU do Portal de Transparencia.

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/48>

7.1.2 A responsabilidade social nas actividades de extensión universitaria

Dentro do organigrama institucional, a Vicerreitoría de Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral dos nosos/as estudantes.

O Servizo de Extensión Universitaria, dentro da Vicerreitoría, estrutúrase en tres áreas diferenciadas: área de cultura, o SIE e a Área de Deportes.

Á hora de elaborar o calendario de actividades ofertadas por esta vicerreitoría un dos criterios para a adxudicación das iniciativas son as actividades formativas relacionadas coa sensibilización da sociedade e da comunidade universitaria; deste xeito vaise valorar na memoria técnica a calidade das actividades propostas para desenvolver en relación á sensibilización social e da comunidade universitaria en realción cos aspectos que se indican a continuación: espectáculos e outras actividades destinadas a desenvolver a concienciación e sensibilización no que toca ao comercio xusto, a compra ética e responsable, o desenvolvemento sustentable e a valoración social dos grupos con discapacidade ou en risco de exclusión social.

No punto 3 da meta estratéxica número 7 da Universidade de Vigo faise referencia a necesidade de «incrementar a proxección exterior desta institución a través da extensión universitaria».


Desta maneira, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria promove canaliza, apoia e fomenta a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias.

Número de actividades de extensión universitaria e asistencia. Curso 2019/2020

	Ourense		Pontevedra		Vigo		Total	
	Actividades	Asistentes	Asistentes	Actividades	Asistentes	Actividades	Actividades	Asistentes
Exposicións	3	1 000	10	3 100	2	1 700	15	5 800
Aulas e obradoiros	16	266	10	325	13	140	38	731
Cursos de extensión	0	0	0	0	0	0	0	0
Concursos (premios UVigo)	0	0	0	0	4	121	4	121
Coro universitario	1	250	3	150	0	0	4	400
Teatro e artes escénicas	33	6 500	0	0	2	400	35	6 900
Música	0	0	4	750	3	1 550	74	5 435
Proxeccións audiovisuais	6	135	52	2 100	16	3 200	74	5 435
Conferencias e mesas redondas	0	0	14	950	0	0	14	950
TOTAIS	58	8 151	93	7 375	40	7 111	191	22 637

Nestes datos hai que ter en conta a incidencia negativa da covid-19 que implicou a cancelación de actividades e a menor afluencia ás que se realizaron.

Participación por campus en actividades de extensión universitaria 2020



Actividade cultural da Universidade de Vigo

Dende Extensión Universitaria, durante o curso académico 2019/2020, téñense organizado unha gran variedade de actividades culturais nos tres campus. A universidade de Vigo conta con dúas salas para a exhibición e divulgación do pensamento e creación artística: a sala Alterarte, no campus de Ourense, a sala X, como espazo de exposicións do campus de Pontevedra. Estas salas tamén se configuran como espazos creativos e dinámicos para as cidades de Ourense e Pontevedra. Destacamos dentro delas as seguintes exposicións da sala Alterarte: Utopía ou distopía, de Soledad Penalta, comisariada por Xabier Lima de Gardón; Iconofobia, de Ánxel Huete, comisariada por Luis Sirvent e Unha voz sen corpo entre muros, de Jacobo Bugarín, comisariada por María Marco.

Comprometida coa innovación, a promoción, a difusión cultural e o apoio ao talento, a Universidade de Vigo convoca todos aos anos os concursos de creación audiovisual, fotografía pintura e maquetas de música. As convocatorias e obras premiadas poden consultarse no seguinte vínculo:

<https://www.uvigo.gal/campus/cultura/premios-culturais>

7.2 Promovendo a colaboración cos axentes sociais



O establecemento de redes de colaboración é un aspecto fundamental da responsabilidade social, xa que permite establecer redes de comunicación cos *stakeholders* ademais de facer máis sustentable os recursos da universidade.

Convenios de colaboración asinados con diversos axentes sociais

A Universidade de Vigo é un ente aberto á colaboración. Por este motivo ten establecido numerosos convenios con distintas entidades cara a contribuír a consecución de obxectivos comúns. Para coñecer máis información sobre os diferentes convenios que ten asignados a nosa universidade pode consultarse o seguinte vínculo: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convenios/public/convenio/index>

Esta aplicación web permite filtrar os convenios por tipo: onde poden verse prácticas, convenios marco, convenio de colaboración, convenio de cooperación educativa, acordo de cotutela dunha tese de doutoramento, convenios específicos de colaboración ou concerto; e por estado: onde se recolle se se atopa asinado ou extinguido; e tamén permite a procura por texto.

De cada un dos convenios pode obterse información sobre o seu obxecto, a entidade ou empresa coa que se asina, o servizo ou unidade promotor dende a universidade, as persoas que representan a universidade ou as entidade ou empresa, tipo de convenio ao que corresponde, o estado no que se atopa, as datas correspondentes á sinatura e á fin, a dotación orzamentaria que implica e o seu importe.

7.3 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado e a cooperación



Durante o curso 2019/2020, 159 persoas participaron nas actividades de voluntariado organizadas pola Universidade de Vigo, para as que hai orzamento cara a facer fronte a gastos de desprazamento.

Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.

Voluntariado por campus. Ano 2019/2020

	Total	% mulleres	Campus Ourense	Campus Pontevedra	Campus Vigo
Núm. de estudantes en accións de voluntariado	159	59,12 %	11	3	145
Núm. de programas	30		6	2	22

Do total persoas que dedicaron algunhas horas a actividades de voluntariado nun total de 30 programas, o 59,12 % destas persoas foron mulleres, un 8 % menos que no ano anterior.

Voluntariado por campus. Campus 2019/2020



A seguir indícanse os programas de voluntariado nos que participaron estes voluntarios e voluntarias:

PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO. Curso 2019/2020

Axuda a estudantes con necesidades específicas de apoio educativo PIUNE

Asociación Grupo Scout ILEX

Banco de alimentos

Captación de novo estudiantado

Voluntariado de hospitais, Ourense

AIDA Books&More

Apoio e reforzo escolar

PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO. Curso 2019/2020

Autonomía persoal, Me nuevo

Axenda 2030. Axentes de cambio

Axudando na mellora da atención integral a persoas con discapacidade intelectual

Captación de novo estudiantado

Clases de apoio escolar a menores en risco de exclusión social

Clases de español para persoas solicitantes de protección internacional

Feira internacional de emprego 2019 (FINDE.U)

Festival Internacional Rebulir 2019

Happy Go Runnin Cidade Universitaria

Horta da Xoaniña

Imatxina XVI Edición

Integración lingüística e cultural do programa LCA (Lingua, cultura e adaptación á universidade española).

MEET-Uvigo

Servizo de ocio, deportes e respiro familiar, Vigo

Voluntariado ambiental na OMA para a minimización de impactos ambientais e mellora de hábitats

Voluntariado ambiental no Gruvi-OMA para a recuperación de equipos eléctricos e electrónicos

Voluntariado de defensa das persoas consumidoras con ADICAE

Voluntariado en protección de animais Bai.sen pulgas

Plan de emprego

Oficina de Proxectos Internacionais

A Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) creouse por aprobación do Consello de Goberno na súa sesión ordinaria do 29 de xullo de 2019. A necesidade de centralizar e homoxeneizar os procesos de solicitude, xestión e xustificación dos proxectos internacionais, derivada da gran variabilidade nas convocatorias de proxectos internacionais, está na orixe da creación da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) da Universidade de Vigo.

A oficina representa o punto único de acceso para todo o relacionado cos proxectos internacionais, tanto de educación como de investigación, na súa parte técnica e administrativa. Entre os seus obxectivos inclúe:

- Fomentar a participación da comunidade universitaria en proxectos internacionais mediante un acompañamento completo dende o xerme da idea ata a fin da implementación do proxecto.
- Asesorar na procura de financiamento, socios, oportunidades e convocatorias: axudar a comprender os requisitos dos diferentes programas para atopar o máis axeitado ao persoal solicitante.
- Prestar apoio na preparación de solicitudes competitivas para todo tipo de programas de financiamento internacionais, tanto no eido educativo como de investigación.
- Apoiar na xestión integral dos proxectos internacionais durante toda a súa vida e axudar na revisión dos informes de progreso, tanto na parte técnica como na administrativa e financeira.
- Organizar xornadas formativas para o persoal que integra a comunidade universitaria da Universidade de Vigo en relación a opcións de financiamento.

A Área de Proxectos Internacionais de Educación da OPI é a encargada de informar sobre as convocatorias internacionais, asesorar para a participación e xestionar os proxectos de educación que teñen á UVigo como beneficiaria. En concreto, fomenta a participación da comunidade universitaria no desenvolvemento e implementación de proxectos internacionais innovadores baixo as seguintes modalidades: cooperación internacional, innovación educativa, desenvolvemento curricular, intercambio de boas prácticas e know-how, *capacity-building* (construíndo capacidades), alianzas de coñecemento, asociacionismo estratéxico internacional, planificación estratéxica e xestión internacional e internacionalización dixital

No curso 2019/2020, esta área proporcionou asesoramento e formación sobre o deseño, presentación e xestión de proxectos educativos innovadores con institucións e organizacións doutros países; promoveu e fomentou un maior posicionamento internacional da UVigo, asistindo na procura de socios internacionais e nos trámites de xestión técnica e orzamentaria destes proxectos, así como no desenvolvemento de actividades formativas e a captación de recursos; apoiou os coordinadores/as de proxectos na xestión integral dos seus proxectos internacionais educativos, no marco das convocatorias da Unión Europea, especialmente as xestionadas pola EACEA, o SEPIE, as Axencias Nacionais Erasmus+, a Axencia Española de Cooperación Internacional e a Xunta de Galicia, así como na difusión dos seus resultados e sustentabilidade futura.

En 2020, a OPI xestionou 34 proxectos internacionais de educación nas seguintes convocatorias: 14 en KA2 asociación estratéxica, 10 CBHE Capacity Building, 1 Jean Monnet, 1 KA2 alianzas do coñecemento, 1 Erasmus+ KA3 de inclusión social e valores comúns, 1 de Europea Creativa-Cultura, 1 Erasmus+ Sports asociacións colaborativas, 1 convocatoria AECID e 4 Xunta de Galicia, cooperación ao desenvolvemento, nos que a Universidade de Vigo participa en calidade de coordinador ou de socio.

O orzamento total dos proxectos nos que participou a UVigo ascendeu a 15.892.760,52 €. O orzamento total máximo referido á UVigo foi de: 1 843 437,48 €(total subvención máxima para a UVigo: 1 768 127,00 €)

A OPI realizou sesións de formación na Universidade de Vigo nas que se trataron temas prácticos e de interese común para o persoal da propia oficina e para toda a comunidade universitaria interesada en participar nestas formacións.

As sesións leváronse a cabo en forma de seminarios, xornadas ou cursos onde se trataron distintos aspectos como as convocatorias de financiamento europeas e internacionais, a preparación de propostas de éxito e outros temas de utilidade.

As xornadas formativas foron de dous tipos: por unha banda, as organizadas pola propia área de proxectos internacionais educativos e por outra, as realizadas por outros organismos locais, autonómicos, nacionais ou internacionais, nos que participou o persoal técnico da OPI.

Tamén se levaron a cabo xornadas informativas e de boas prácticas sobre os proxectos vixentes nos que a Universidade de Vigo participa ben como coordinadora ou como socia.

A OPI preparou unha colección de todas as publicacións realizadas na UVigo nos últimos 10 anos en relación con proxectos educativos, que deu como resultado as seguintes publicacións: Edubilmo, de educación bilingüe en Mozambique; Desing Thinking, como parte do proxecto “Whats Desing Thinking can do for the integration of migrants and refugees”; DT Thinking como parte do proxecto DIAMONDT; KA2 ILSA, como parte do proxecto KA”; Social Erasmus + como parte do proxecto KA3 Social Erasmus+; UNIFORS; Active Campus Europe; We are European Citizens; Leap project como parte do proxecto KA2 LEAP; Erasmus Mundus Green TECH WB; Tempus Experes; Tempus Momate; Tempus Go-UNIV e Erasmus Mundus Green IT.

Máis información sobre a OPI pode consultarse no seguinte vínculo: <https://opi.uvigo.gal/>

7.4 Universidade saudable



A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas practique uns mínimos que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, ao facilitarlles todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Un dos obxectivos principais do Servizo de Deportes é fomentar a iniciación na práctica deportiva e, polo tanto, a consolidación dunha vida máis activa nas persoas con hábitos sedentarios e mellorando a súa saúde por medio do deporte.

Con esta intención, a universidade pertence á Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde (REUS) formada por un conxunto de institucións comprometidas coa promoción da saúde no contorno universitario. Dentro das actividades desta rede no 2019/2020, a Universidade de Vigo participou por segundo ano consecutivo no reto 5000 doazóns, co gallo do Día das Universidades Saudables, que se celebrou o 8 de outubro. Os resultados foron moi satisfactorios tanto da Universidade de Vigo como no conxunto da rede con 4358 doazóns dun total de 33 universidades e case tres veces máis de novos doantes con respecto á primeira edición.

Tras a declaración da pandemia mundial e a correspondente corentena, dende a Área de Benestar, Saúde e Deporte ideouse unha estratexia dixital enfocada ás redes sociais propias, para conectar coas persoas seguidoras e achegarlles valor no seu confinamento. Así, durante o período de 15 de marzo a 15 de xuño realizáronse distintas publicacións: recomendacións, receitas saudables, exercicios, contido de fidelización (*engagement*: memes, virais, gifs etc.). Deste xeito, en Instagram xeráronse 206 publicacións, cunha interacción de 6112 (gústames e comentarios), dos cales houbo 5409 fotos e 703 vídeos. En Facebook xeráronse 321 publicacións, que produciron 2669 interaccións; das cales 2237 foron reaccións, 331 compartidas e 101 comentarios. En canto a Twitter, emitíronse 294 chíos, cunha interacción de 883, dos cales 583 foron gústames, 261 rechouchíos e 39 respostas.

Durante a corentena, dende Movers trasladamos un evento e unha actividade en liña a formato virtual: Evento


Happy Go Running dende a casa: coa participaron de 53 persoas que incluía un concurso fotográfico; pausas activas: do 8 de maio ata o 29 de xuño realizáronse 18 vídeos de pausas activas coa colexiada Raquel Carragal. A actividade completouse con persoas invitadas que realizaron en directo a pausa activa; como a vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, María Isabel Doval; o director da Área de Extensión Universitaria, Nacho Armesto; estudantes, como Sofía Suárez e Álvaro Mol; deportistas, como Leticia Fernández, Enol Valdés ou o olímpico Jean Marie Okutu. O obxectivo era que o noso público realizase pausas activas e saudables namentres teletraballaba ou estudaba; o que foi unha boa forma coa que aliviar dores e molestias musculares, estrés, fatiga visual e mellora postural. Estes vídeos acadaron 3404 reproducións en Instagram e 300 en Youtube.

7.4.1. Acceso ás instalacións

Tarxetas deportivas universitarias

Durante o curso 2019/2020 con respecto ao abono Muver, que ofrece acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante abano de actividades dirixidas, hai un total de 980 persoas usuarias, das cales un 60,8 % son homes e un 40,2 % son mulleres. Por campus un 38 % pertence ao campus de Ourense, un 28 % ao de Pontevedra e un 34 % ao de Vigo.

Ademais das persoas con abono Muver, houbo 56 persoas (36 homes e 20 mulleres) que adquiriron un abono básico que dá acceso soamente ao uso de vestiarios, armario con chave e pista de atletismo.



Numero de usos das instalacións de uso individual durante o 2019/2020

As actividades de uso libre individual máis practicadas nas instalacións deportivas da Área de Benestar, Saúde e Deporte son o fitness e o atletismo, con preto de 3201 persoas usuarias entre os tres campus. Neste tipo de usos destaca a presenza masculina con taxas de máis do 67,35 % , mentres que as mulleres mostran preferencia polas actividades dirixidas.

Entre as actividades dirixidas, atopamos como as máis populares o adestramento persoal, HIIT ou o ioga. A presenza feminina é maioritaria nestas actividades e chega a case o 77,28 % das persoas participantes (167 homes e 568 mulleres).

7.4.2. *Iniciación deportiva e actividades na natureza.*

Escolas deportivas

A Área de Benestar, Saúde e Deporte desenvolveu durante o curso 2019/2020 nos seus campus universitarios varias escolas, obradoiros e cursos de iniciación a diferentes modalidades deportivas, como poden ser o tenis, a natación, o xadrez ou o rugby, entre outras. As actividades que maior participación tiveron foron tenis, defensa persoal e bádminton, con 66, 62 e 40 persoas participantes cada unha. O total de persoas usuarias é 313, das cales un 51,75 % son homes e un 48,24 % son mulleres.

Rutas culturais

Como viña sendo habitual en anos precedentes estaba previsto realizar once rutas de sendeirismo con distintos niveis de dificultade, das cales só puideron ter lugar oito, debido ao confinamento. Dirixidas a todas as persoas interesadas tanto no exercicio físico como no coñecemento do noso patrimonio natural e arqueolóxico e que, en moitos dos casos, finalizaron con actividades culturais ou lúdicas. Estes percorridos, deseñados orixinariamente para a comunidade universitaria, ampliáronse ao público xeral. Ademais, para facilitar o desprazamento, os participantes dispuxeron dun servizo de autobús dende os campus de orixe ata o lugar de saída e regreso. A participación global rexistrada foi de 585 inscricións, das cales 357 foron mulleres e 228 homes.

Augaventura

Desenvolveuse por noveno ano consecutivo como achega á práctica deportiva. Mediante as actividades deste programa a comunidade universitaria ten a oportunidade de gozar, durante un día, de deportes no medio acuático en condicións económicas moi vantaxosas. As actividades elixidas nesta ocasión foron balsismo, surf, wíndsurf, caiac + mergullo de superficie + andaina, *flyboard*, *wakeboard* e *paddle surf* (só na edición de outono). Esta edición realizouse en dúas quendas, unha en outono e outra en primavera, aínda que esta última se suspendeu na súa totalidade pola pandemia. A participación total chegou ás 94 persoas, repartidas entre 54 homes e 40 mulleres.

7.4.3. *Competicións universitarias*

Competicións internas

Durante o curso académico, a Universidade de Vigo organiza unha serie de competicións internas, tanto en modalidades individuais como por equipos, nas que pode participar calquera persoa da comunidade universitaria. Os partidos desenvolvéronse cunha frecuencia semanal e contaron coa participación de 104 equipos e de 1172 deportistas (1074 homes e 98 mulleres), entre os tres campus.

Campionatos galegos universitarios

En canto aos deportes colectivos, o 5 de marzo reuníronse no campus de Pontevedra máis de 400 deportistas; 180 procedentes dos diferentes equipos da Universidade de Vigo, que se proclamou a gran vencedora ao acadar sete vitorias (baloncesto masc., balonmán masc. e fem., fútbol sala fem., fútbol fem., rugby masc. e voleibol masc.), fronte ás tres vitorias da Universidade da Coruña (fútbol masc., rugby fem. e voleibol fem.) e ás dúas vitorias da Universidade de Santiago (baloncesto fem. e fútbol sala masc.).

Mentres que os campionatos galegos universitarios de natación realizáronse na piscina universitaria de Santiago, o 11 de marzo. Neste evento participaron 66 nadadores/as federados das tres universidades galegas, acompañados polos técnicos dos seus respectivos servizos de deportes. A participación, desglosada por xénero, foi a seguinte; UDC: 6 mulleres e 12 homes; USC: 13 mulleres e 22 homes.; UVigo: 2 mulleres e 11 homes. No conxunto da competición, o equipo gañador foi o da Universidade de Santiago, seguida polo da Universidade da Coruña e, no terceiro posto, a Universidade de Vigo.

XXXIII XOGOS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS GALAICO-DURIENSES

Deportistas e membros da comunidade universitaria das tres universidades galegas e as tres do norte de Portugal participaron nos XXXIII Xogos Galaicos Durienses, que se tiveron lugar na Universidade de Santiago de Compostela, do 25 ao 27 de novembro. Nesta edición atopamos as modalidades deportivas de fútbol 7 feminino, rugby 7 masculino, voleibol mixto e atletismo (100 m, 200 m, 400 m, 800 m, remudas, peso e lonxitude. Os equipos vencedores foron a Universidade da Coruña (voleibol mixto), a Universidade do Porto (fútbol 7 feminino e rugby masculino) e a Universidade de Santiago de Compostela (atletismo).

Na clasificación final por universidades: 1.º Universidade de Porto; 2.º Universidade da Coruña; 3.º Universidade de Santiago de Compostela.; 4.º Universidade de Minho; 5.º Universidade de Vigo; e 6.º Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro. A Universidade de Vigo foi a gañadora do trofeo á deportividade e destacou, ademais, cun 2.º posto na clasificación final de atletismo.

7.4.4. Saúde

O Servizo de Deportes avoga por crear unha verdadeira cultura saudable que axude a implicar todos os colectivos que compoñen a universidade na práctica deportiva de forma cotiá, no fomento da saúde e na loita contra o sedentarismo. Para apoiar este obxectivo conta en cada un dos seus tres campus cunha unidade especializada que ofrece servizos médico-deportivos ás persoas da comunidade universitaria que así o demandan. Así, segundo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva, un total de 148 persoas (o 5,6 % do total) amosaron sinais de risco alto ou moderado no seu cuestionario de aptitude para o exercicio.

Tamén se incrementou de xeito considerable a demanda de servizos de medicina deportiva e de valoración da condición física saudable, converténdose no servizo máis demandado, cun total de 402 persoas, 309 homes e 93 mulleres. Na mesma liña as unidades de fisioterapia realizaron un total de 232 sesións, que atenderon principalmente doenzas e patoloxías derivadas de malos hábitos posturais e unha insuficiente actividade física. Das cales son 124 realizadas a homes e 108 a mulleres.

7.4.5. Formación

Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva

O estudiantado pode recoñecer créditos a través deste programa nas seguintes actividades:

- Participación en escolas deportivas
- Participación no programa Rutas culturais
- Asistencia a competicións universitarias
- Representación da Universidade de Vigo en competicións federadas

Bolsas e prácticas de estudos do estudiantado

Varios estudantes tiveron a oportunidade a través do Servizo de Deporte, de adquirir experiencias pre-profesionais a través do seu programa de prácticas do estudiantado.

Así, as persoas beneficiarias das bolsas iniciáronse en tarefas que, ou ben estaban vinculadas aos seus estudos ou ben lles servían de aprendizaxe laboral en tarefas relacionadas con eles, incorporáronse a un contorno de traballo real na administración universitaria.

Estas bolsas facilitan que estudantes da Universidade de Vigo presten a súa colaboración, en réxime de compatibilidade de estudos. Estas bolsas teñen unha duración de oito meses a razón de 20 horas semanais de dedicación e contan coa supervisión dun titor/a académico.

Durante o curso 2019/2020 gozaron destas bolsas unha alumna do último curso do Grao en Tradución e Interpretación para o apoio ás estratexias de internacionalización, outra do Grao Comunicación Audiovisual para o apoio na comunicación web e redes sociais, e unha alumna do Grao en Enxeñaría Informática para apoiar a difusión de actividades deportivas e culturais propias do campus de Ourense.

Durante o curso académico 2019/2020, dúas persoas de universidades europeas realizaron prácticas na Área de Benestar, Saúde e Deporte nun período de entre tres e catro meses. As súas achegas contribuíron a mellorar a comunicación co estudantado Erasmus en xeral, así como a participación na rede ENAS ou en proxectos internacionais.

7.4.6. Outras actividades e eventos

A universidade de Vigo ao longo do curso académico 2019/2020 organizou numerosas actividades para motivar a práctica do deporte. Entre estas actividades destacan varios cursos de iniciación, clases maxistrais, actividades na neve etc.

Participación na Rede Europea de Deporte Universitario (ENAS)

A Área de Benestar, Saúde e Deporte continuou participando activamente dentro da Rede ENAS durante o curso 2019/2020. ENAS organizou na cidade italiana de Trento o seu XXII Fórum anual, entre os días 3 e 8 de novembro, baixo o título xenérico de «Digital Innovation in University and College Sport». O día 7 tivo lugar a súa asemblea xeral e no transcurso desta elixiron novos membros do comité executivo.

Maratón Solidario de Zumba

O 20 de decembro 2019 tivo lugar a 16.^a edición do Maratón Solidario de Zumba. Superáronse os 100 asistentes e a recadación ascendeu a máis de 250 kg de alimentos non perecedoiros destinados ao comedor dos Padres Franciscanos da cidade de Pontevedra.

XXVII Gala do deporte universitario

A XXVII Gala do Deporte da Universidade realizaouse no salón de actos do edificio Politécnico do campus de Ourense o 21 novembro de 2019. O obxectivo deste evento é mostrar os beneficios que achegan o deporte e a actividade física na vida diaria, tanto na universidade como ao seu redor. A actriz Iria Pinheiro foi a presentadora do evento, que tivo como madriña a Almudena Pazos, bombeira galardoada en competicións internacionais de policía e bombeiros e ademais campioa galega de orientación.

No transcurso da acto entregáronse os premios á Excelencia Deportiva, no que foron destacados as seguintes persoas vencelladas á Universidade de Vigo: José Ángel Vázquez Barquero, profesor da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense e Zulema González, egresada universitaria e árbitra internacional de fútbol.

7.5 Servizos de biblioteca



Na seguinte táboa podemos ver as principais magnitudes referidas aos servizos de biblioteca.

Número de bibliotecas	11
Número de postos de lectura	3236
Fondos de monografías en papel	439 042
Fondos de monografías electrónicas	214 281
Fondos de publicacións periódicas en papel	11 925
Fondos de publicacións periódicas electrónicas	16 282
Títulos de audiovisuais e material non librario	24 091
Bases de datos	47
Préstamos	80 904
Consultas ao catálogo da biblioteca	3 590 880
Persoas usuarias da comunidade universitaria	23 094
Persoas usuarias externas	6 009
Teses de doutoramento no repositorio institucional en acceso aberto	1 169
Documentos de investigación no repositorio en acceso aberto	454

Cooperación bibliotecaria

No marco da súa participación no consorcio Bugalicia, a Biblioteca interveu, por medio do seu director, na comisión técnica do consorcio con asistencia ás reunións de 5 febreiro, 9 de xuño e 21 de outubro do 2020. Ademais, o persoal da Biblioteca participou activamente nos labores e xuntanzas de tres grupos de traballo do consorcio: análise e avaliación de LSP (GT-LSP), contratación conxunta de libros electrónicos de bibliografía recomendada (GT-BR) e implantación dos acordos transformativos (GT-R&P). Con data do 1 de novembro de 2020, Bugalicia pasou a integrarse no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG).

Respecto da cooperación co resto de bibliotecas universitarias españolas no ámbito da rede española de bibliotecas universitarias REBIUN, ademais do envío periódico dos seus rexistros bibliográficos para aumentar o catálogo colectivo de REBIUN, a Biblioteca estivo presente na asemblea extraordinaria do 15 de outubro de 2020. Nesta asemblea, como consecuencia da transformación ditada pola CRUE, de REBIUN nunha rede asociada á CRUE en lugar de manter o seu status de comisión sectorial, tivo lugar a dimisión da Comisión Executiva de REBIUN, da que formaba parte o director da Biblioteca da Universidade de Vigo, e substituíuse por unha comisión xestora encargada de reorganizar REBIUN consonte ao seu novo status de rede asociada á CRUE a través da Comisión Sectorial de I+D+i. Non obstante, a Biblioteca da Universidade de Vigo continuou coordinando a liña 4 do novo plan estratéxico aprobado na asemblea anual de REBIUN de novembro de 2019. Esta liña ocúpase de desenvolver obxectivos e accións relacionados coa implantación da Axenda 2030 e os seus ODS nas bibliotecas universitarias. Ademais da Universidade de Vigo, participan nesta liña as bibliotecas das universidades da Coruña, Barcelona, Burgos, Castilla-La Mancha, Extremadura, Las Palmas de Gran Canaria, Lleida, Politécnica de Cartagena e Rovira i Virgili. Neste contexto, o director da Biblioteca da

Universidade de Vigo foi invitado a impartir o curso Desarrollo sostenible en bibliotecas universitarias, na Universidad de Málaga (6 de marzo) e o curso virtual Agenda 2030 y bibliotecas universitarias, na Universidad de Extremadura (21 de setembro).

Por último, dentro da súa participación no proxecto da Fundación Dialnet de difusión e acceso á produción científica do ámbito hispánico, ao longo do ano creáronse ou normalizáronse en Dialnet 1647 rexistros de autoría vencellados á Universidade de Vigo, incluíndo ligazóns a ORCID, Scopus, ISNI, ResercherID, Vial etc. Polo traballo realizado nestes rexistros de autoría, a Biblioteca universitaria ocupa o posto cuarto das 59 universidades españolas participantes.

Así mesmo levouse a cabo a inclusión de todas as monografías publicadas polos distintos servizos da Universidade de Vigo (publicacións, normalización, igualdade, etc.) e o baleirado dos seus capítulos. Por outra parte, a Biblioteca Universitaria ten asignado por Dialnet o mantemento e baleirado dos índices de 146 títulos de publicacións periódicas. En total, o número de documentos creados pola Biblioteca Universitaria en Dialnet foi de 13.663, entre artigos, libros, capítulos de libros e teses. A Biblioteca universitaria ocupa o posto 13 na media de participación en todas estas tarefas, tamén en relación as 59 universidades indicadas.

Biblioteca como centro solicitante	
Concepto	Ano 2020
Total de solicitude de documentos	974
Solicitudes á bibliotecas nacionais	511
Solicitudes a bibliotecas estranxeiras	71
Solicitudes de préstamos nacionais	75
Solicitudes de préstamos estranxeiros	17

Biblioteca como centro provedor	
Concepto	Ano 2020
Total de peticións subministradas	848
Solicitudes a bibliotecas nacionais	672
Solicitudes a bibliotecas estranxeiras	19
Solicitudes de préstamos nacionais	155
Solicitudes de préstamos estranxeiros	2

7.6 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega



A Área de Normalización Lingüística (ANL) é quen se encarga de todos os labores propios na procura de que o idioma de Galicia sexa usado de xeito apropiado dentro da universidade, como materialización do artigo 4 dos Estatutos da Universidade de Vigo e da súa responsabilidade social coa cultura e o patrimonio inmaterial de Galicia.

Os principais servizos da ANL son:

- Corrección de documentos.
- Resolución de dúbidas e consultas lingüísticas.
- Cursos, xornadas e obradoiros de lingua.
- Axudas a traballos de investigación en galego. Manual de acollida para o persoal de administración e servizos (PAS)
- Información sobre dicionarios e vocabularios técnicos en galego.
- Campañas de dinamización lingüística.
- Organización de actos culturais, concursos e premios.
- Elaboración de vocabularios e manuais lingüísticos.

Así mesmo, a través de internet, pon ao servizo da cidadanía o tradutor galego-castelán e castelán-galego que traduce textos longos e indica as palabras que non reconece <http://sli.uvigo.es/tradutor/>.

Este labor é considerado parte da labor esencial desta universidade e un elemento máis da súa responsabilidade social á hora de coidar e proxectar o noso patrimonio, neste caso inmaterial, como é a lingua galega.

Neste sentido, a ANL pon a disposición da comunidade universitaria un servizo de asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación da Universidade, se ben as súas accións baséanse na transversalidade do conxunto da vida universitaria.

A Área de Normalización Lingüística realiza periodicamente ciclos formativos para a comunidade universitaria dos tres campus. Para mellorar a súa oferta formativa tivo en conta as suxestións achegadas nas enquisas de avaliación dos cursos anteriores; así procúrase axeitar ao novo ciclo o número de horas, especificidade dos campus e dos colectivos.

CURSOS 2019-2020	Matriculados/as	% mulleres
Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM	50	74,00 %
Curso de extensión cultural	69	60,87 %
Curso de linguaxe administrativa e xurídica	30	70,00 %
Curso de reciclaxe en lingua galega	29	72,41 %
Curso de redacción e estilo	59	66,10 %
Escribir en internet	154	79,22 %
Total	299	68,23 %

7.7 Responsabilidade social e cooperación



Un aspecto central da responsabilidade social é do compromiso co desenvolvemento dos países menos favorecidos. A Universidade de Vigo entende a cooperación como o conxunto de accións dirixidas ao intercambio de experiencias e recursos entre países para construír metas comúns na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na Axenda 2030.

Así mesmo, defende un tipo de cooperación que provoque un cambio social nas zonas de intervención participando nos proxectos que contribúan a un desenvolvemento autosostido, autónomo e sistemático. En consecuencia, a Universidade de Vigo entende que os beneficiarios da axuda, máis aló de actores pasivos, deben ser concibidos como os reitores e artífices do seu propio desenvolvemento implicados no deseño e posta en marcha das distintas accións.

En consecuencia, a UVigo dirixe os seus esforzos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento a pór a disposición de determinados colectivos e países, preferentemente en América Latina e na lusofonía, as súas fortalezas como institución educativa, investigadora, tecnolóxica e de gobernanza, implicando tanto a sociedade civil da súa contorna máis próxima como aos grupos beneficiarios da axuda.

En concreto, a UVigo busca no ámbito da cooperación os seguintes obxectivos:

- Proporcionar asistencia técnica a través do fortalecemento de coñecementos e habilidades.
- Contribuír á transferencia e intercambio de coñecemento científico e tecnolóxico aplicado á educación, saúde, enerxía, infraestruturas, produción, medio ambiente e institucións públicas.
- Ofrecer apoio ás ONGD que desenvolvan o seu traballo, preferentemente dende as provincias de Pontevedra e Ourense, no ámbito da axuda humanitaria.
- Concienciar e formar á comunidade universitaria sobre a desigualdade entre países e a necesidade de xustiza social.

Para o cumprimento destes obxectivos, ao longo de 2019 acometéronse unha serie de accións dentro da Área de Responsabilidade Social e Cooperación orientadas a constituír a base dunha estrutura de cooperación permanente na nosa universidade. Estas accións articuláronse nos seguintes ámbitos: actividades de sensibilización, cursos de formación, bolsas, premios, proxectos de cooperación e rexistro Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD). As actividades máis destacadas neste 2020 foron:

- Actividades de sensibilización: realización de charlas, conferencias, exposicións e obradoiros destinados a PDI, PAS e estudantado. Estas actividades víronse fortemente afectadas pola pandemia, e só se levaron a cabo as campañas de sensibilización en liña sobre os ODS. Aproveitouse este momento para reforzar as relacións coas ONGD para realizar actividades unha vez a situación sanitaria o permitise.
- Cursos de formación, a través dos cales procúrase proporcionarlle á comunidade universitaria unha formación na Axenda 2030, co propósito de xerar espazos de intercambio de experiencias e crear redes estables entre os principais actores. Entre os cursos destaca o curso de voluntariado Axenda 2030, axentes do cambio, que, cunha duración de 30 horas foi dirixido ao estudantado da Universidade de Vigo, co obxectivo de que se formasen para desenvolver no 2020 unha acción de

voluntariado nos tres campus da nosa universidade, para dar a coñecer o contido da Axenda 2030 e os seus 17 ODS, mediante paneis informativos e organización de actividades. Outros cursos salientables foron o curso de axenda 2030 e universidades e o curso de elaboración de TFG/TFM en perspectiva Axenda 2030 e CUD.

- Bolsas. Convocáronse axudas económicas destinadas ao estudiantado para formarse en temas de Responsabilidade Social Universitaria, Axenda 2030 e Cooperación ao Desenvolvemento e para realizar parte do seu TFG/TFM nun país en vías de desenvolvemento. Catro destas bolsas son en formación en Responsabilidade Social Universitaria. Debido a que durante o ano 2020 irrompeu a pandemia da covid, as mobilidades non puideron levarse a cabo.
- Premios. Recoñecemento ao mellor TFG/TFM no ámbito da responsabilidade social, Axenda 2030 e Cooperación ao Desenvolvemento así como ás persoas e institucións cuxo traballo ten salientado no eido da solidariedade e acción social. Así entregáronse 6 Premios aos mellores TFG/TFM en Axenda 2030, Cooperación ao Desenvolvemento e RSU, 2019/2020. Tamén se realizou a segunda edición dos Premios Consello Social_Uvigohumana, entregando o premio de ámbito galego á Asociación Provienda e mp ámbito internacional ao Fondo Galego de Cooperación.
- Proxectos de cooperación. Unha das principais funcións que ten encomendada a universidade na implementación da Axenda 2030 pasa por dinamizar a investigación dos ODS baixo unha perspectiva CUD. Neste sentido, a UVigo conta coa Oficina de Proxectos Internacionais que, en coordinación coa Área de Responsabilidade Social e Cooperación, promove e acompaña ao PDI no deseño e implementación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Na convocatoria de 2019 da Xunta de Galicia para realizar proxectos de investigación e para crear grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas. Das cinco axudas concedidas, tres foron para persoal investigador da UVigo, cunha duración bianual. Durante o ano 2020 realizouse a xustificación destes proxectos.
- Actualización e mantemento do rexistro Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD), como ferramenta esencial para o deseño e posta en marcha de accións sobre cooperación e voluntariado. Trátase dun rexistro con información actualizada sobre persoas e entidades que traballan neste ámbito. Neste rexistro está inscrito o PDI que desenvolve algún tipo de actividade relacionada coa CDU e voluntariado, así como entidades colaboradoras coa Universidade.

Anexo I. Indicadores GRI Guía G4 - Contidos xerais

Contidos xerais	Capítulo/Apartado
Estratexia e análise	
G4-1 Declaración do responsable principal das decisións da organización	1
Perfil da organización	
G4-3 Nome da organización	2.2
G4-4 Marcas, produtos e servizos máis importantes	2.2.
G4-5 Lugar onde se encontra a sede central da organización	2.2
G4-6 Países nos que opera a organización	2.2
G4-7 Natureza do réxime da propiedade e forma xurídica	2.2
G4-8 Mercados servidos	2.2
G4-9 Dimensións da organización	2.2
G4-10 Desagregación dos empregados da organización	4.5
G4-11 Porcentaxe de empregados cubertos por convenios colectivos	4.5
G4-12 Descrición da cadea de subministración da organización	5.4
G4-13 Cambios significativos durante o período obxecto de análise no tamaño, estrutura, propiedade ou cadea de subministración da organización	3.1
G4-14 Descrición de como a organización trata, se procede, o principio de precaución	Non procede
G4-15 Principios ou outras iniciativas externas de carácter económico, social e ambiental que a organización subscribe ou ten adoptado	3.3, 3.4, 5.1 e 6.1
G4-16 Asociacións e organizacións de promoción nacional ou internacional ás que a organización pertence	2.2 e outros
Aspectos materiais identificados e cobertura	
G4-17 Listaxe de entidades cubertas polos estados financeiros da organización e outros documentos equivalentes	5.1 e 5.5
G4-18 Proceso de definición do contido da memoria e a cobertura de cada aspecto	3.1
G4-19 Listaxe de aspectos materiais que se identificaron durante o proceso de definición do contido da memoria.	Non procede
G4-20 Cobertura de cada aspecto material dentro da organización	3.1
G4-21 Cobertura de cada aspecto material fóra da organización	3.1
G4-22 Descrición das consecuencias das reexpresións da información de memorias anteriores e as súas causas	Non realiza

G4-23	Cambios significativos no alcance e a cobertura de cada aspecto con respecto as memorias anteriores	3.1
Participación dos grupos de interese		
G4-24	Listaxe dos grupos de interese vinculados a organización	4
G4-25	Base para a elección das partes interesadas cos que a organización traballa	4
G4-26	Descrición do enfoque adoptado para a participación dos grupos de interese	3.3
G4-27	Cuestións e problemas clave que xurdiron a raíz da participación dos grupos de interese e descrición da avaliación feita pola organización, entre outros aspectos mediante a súa memoria	Non realiza
Perfil da memoria		
G4-28	Período obxecto da memoria	3.1
G4-29	Data da última memoria	3.1
G4-30	Ciclo de presentación de memorias	3.1
G4-31	Punto de contacto para cuestións relativas ao contido da memoria	3.1
G4-32	Opción «de conformidade» coa guía que elixiu, índice GRI da opción elixida e referencia ao informe de verificación externa.	Non procede
G4-33	Política e prácticas vixentes da organización con respecto a verificación externa da memoria.	Sen verificación externa
Goberno corporativo		
G4-34	Estrutura do goberno da organización e os seus comités	2.3 e 3.3
Ética e integridade		
G4-56	Valores, principios, estándares e as normas da organización	2.1

Anexo II. Indicadores GRI Guía G4 - Contidos Específicos

Aspectos materiais	Indicador	Capítulo/apartado
DIMENSIÓN ECONÓMICA		
Desempeño económico		
G4-EC1	Valor económico directo xerado e distribuído	5.1
G4-EC4	Axudas económicas outorgadas por entes do goberno	2.5 e 5
Consecuencias económicas indirectas		
G4-EC8	Impactos económicos indirectos significativos e alcance destes	2.5 e 4.2
Prácticas de adquisición		
G4-EC9	Porcentaxe do gasto nos lugares con operacións significativas correspondente a provedores locais	5.4
DIMENSIÓN AMBIENTAL		
Enerxía		
G4-EN3	Consumo enerxético interno	6.5
G4-EN6	Redución do consumo enerxético	6
Auga		
G4-EN9	Fontes de auga que son afectadas significativamente pola captación de auga	6.5
Emisións		
G4-EN15	Emisións directas de gases de efecto invernadoiro (alcance 1)	6.5
G4-EN16	Emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro ao xerar enerxía (alcance 2)	6.5
G4-EN17	Outras emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro (alcance 3)	6.5
G4-EN18	Intensidade das emisións de gases de efecto invernadoiro	6.5
G4-EN19	Redución das emisións de gases de efecto invernadoiro	6
Efluentes e residuos		
G4-EN25	Peso dos residuos transportados, importados, exportados ou tratados que se consideran perigosos en virtude dos anexos I, II, III e VIII do Convenio de Basilea, e porcentaxe de residuos transportados internacionalmente.	6.2
Transporte		
G4-EN30	Impactos ambientais do transporte de produtos e outros bens e materiais utilizados para as actividades da organización, así como do transporte de persoal	6.5
Xeral		
G4-EN31	Desagregación dos gastos e as inversións ambientais	Non realiza

DIMENSIÓN SOCIAL

Emprego

G4-LA1 Número e taxa de contratacións e rotación media dos empregados/as desagregados por grupo idade, sexo e rexión 4.5

G4-LA2 Prestacións sociais para as empregadas/os a xornada completa que non se lles ofrecen aos/ás temporais o a media xornada. 4.6

Saúde e seguridade no traballo

G4-LA6 Tipo e taxa de lesións, enfermidades profesionais, días perdidos, absentismo e número de vítimas mortais relacionadas co traballo por rexión e sexo 4.8.3

G4-LA8 Asuntos de saúde e seguridade cubertos en acordos formais cos sindicatos 4.8.3

Capacitación e educación

G4-LA9 Media de horas de capacitación anuais por empregado/a, desagregado por sexo e por categoría laboral 4.7

G4-LA10 Programas de xestión das habilidades e de formación continua que fomentan a empregabilidade dos traballadore/as e os e as axudan a xestionar o final das súas carreiras profesionais 4.7

Diversidade e igualdade de oportunidades

G4-LA12 Composición dos órganos de goberno e desagregación do cadro por categoría profesional e sexo, idade, pertenza a minorías e outros indicadores de diversidade 2.3, 4.5 e 4.9

Igualdade de retribución entre mulleres e homes

G4-LA13 Relación entre o salario base dos homes con respecto ás mulleres, desagregada por categoría profesional e por localizacións significativas de actividade Non realiza

Etiquetaxe dos produtos e servizos

G4-PR5 Resultados das enquisas para medir a satisfacción de estudantes e profesorado 3.3

